

**ACTA Nº 13/2017 DA SESIÓN DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 29 DE SETEMBRO
DE 2017 DO CONCELLO DE LALÍN. EXPEDIENTE PLN/2017/16**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG- CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS. (CxG- CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG- CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG- CCTT).
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA (CxG- CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES. (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D^a. M^a JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ. (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSE CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO).

SECRETARIO: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA : D^a. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

ÍNDICE

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 11/2017 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 28 DE AGOSTO DE 2017.	4
2.- EXPEDIENTE 4434/2017. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.	7
3.- EXPEDIENTE 4375/2017. TOMA DE POSESIÓN DA NOVA CONCELLEIRA DO PSdeG-PSOE, D ^a . M ^a JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ.....	12
4.- EXPEDIENTE 4343/2017 EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 10-P/2017.....	12
5.- EXPEDIENTE 4371/2017. PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2018.....	17
6.- EXPEDIENTE 4390/2017.MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA ESISIRLLE Á XUNTA DE GALICIA QUE DEFINA DE MANEIRA INMEDIATA UNHA FOLLA DE RUTA CON MEDIDAS CONCRETAS E CONTUNDENTES PARA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ALTA RESOLUCIÓN (CAR).....	18
7.- EXPEDIENTE 4391/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA ESISIRLLE Á DEPUTACIÓN QUE ADOpte MEDIDAS CONCRETAS E CONTUNDENTES PARA POTENCIAR O VIVEIRO DE EMPRESAS DE LALÍN.....	28
8. EXPEDIENTE 4380/2017. MOCIÓN DO PP PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN A QUE ELABORE UN PLAN DE DINAMIZACIÓN REAL DO VIVEIRO DE EMPRESAS DE LALÍN E QUE O GOBERNO CREE UN GRUPO DE TRABALLO PARA O SEGUIMIENTO DO VIVEIRO.....	39
9.- EXPEDIENTE 4382/2017 MOCIÓN DO PP PARA A DOTACIÓN DE SANEAMENTO A LUGARES DAS PARROQUIAS DE LOSÓN, ANSEÁN, GOIÁS, FILGUEIRA, VILATUXE E LALÍN DE ARRIBA.....	42
10.- EXPEDIENTE 4383/2017. MOCIÓN DO PP PARA A AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO, MELLORA DAS BEIRARRÚAS E REACONDICIONAMENTO DA CALZADA DA RÚA XESTEIRA.....	65
11.- EXPEDIENTE 4378/2017. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO EN RELACIÓN AO REFERÉNDUM DE CATALUÑA.....	69
12.- EXPEDIENTE 4379/2017. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO RELATIVA Á TRANSPARENCIA E PUBLICIDADE DOS CONTRATOS MENORES.....	87
13. EXPEDIENTE 4082/2017 POR URXENCIA. EXPEDIENTE DE INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE Nº 3.....	92

14. EXPEDIENTE 4384/2017 POR URXENCIA. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAORDINARIO N° 11-P/2017.....	94
15.- ROGOS E PREGUNTAS.....	96

Sendo as **nove horas do venres, día 29 de setembro de 2017**, xuntáronse no salón de Plenos de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. Rafael Cuíña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

M^a. Jesús Sánchez Fernández incorporase ó Pleno no punto terceiro (Toma de posesión da nova concelleira do PSdeG-PSOE).

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, os expedientes puxéronse na súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora Accidental, *D^a. Eva María Casal Sanjurjo*.

De orde do Sr. Presidente, e segundo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación do asunto que conforma a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 11/2017 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 28 DE AGOSTO DE 2017.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Bo día, imos comenza o Pleno do mes de setembro e quero darlle a benvida a nova Interventora do Concello, Eva Casal que onte tomou posesión e que entendo que está a disposición dos diferentes grupos para as cuestións que consideredes. Benvida, desexarte o mellor, bo traballo e que nos enfademos entre todos nós o menos posible; entre políticos e interventores sempre hai días.

O Secretario: Bos día a todos. Orde do día desta sesión ordinaria que esta convocada para hoxe, venres 29 de setembro ás 09:00 horas. Na orde do día aparece como primeiro a aprobación da sesión extraordinaria do día 28 de agosto de 2017. Non ven a última acta do mes de setembro porque non está feita.

D. Xosé Crespo Iglesias: Bos días a todos. Unha cuestión de orde, no último Pleno acordouse a comparecencia da concelleira Lara, comparecencia que non está no orde do día, é curioso que non este este tema. Nós non queremos ser mal pensados, en principio da boa fe fiámonos o xusto. O RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento da organización, funcionamento e réxime das entidades locais din no artigo 105: *“Todo membro da Corporación que por delegación do Alcalde o Presidente ostente a responsabilidade dunha área de xestión, estará obrigado a comparecer ante o Pleno, cando éste así o acorde, ao obxecto de responder as preguntas que se lle formulen sobre su actuación. Acordada polo Pleno a comparecencia mencionada no apartado anterior, o Alcalde o Presidente incluírá o asunto na orden do día da próxima sesión ordinaria ou extraordinaria a celebrar pola Corporación, notificando ao interesado, etc”.*

É curioso que o Alcalde que convoca este Pleno non incluíra este punto que parece que lles molesta. Non sei se se dan conta vostedes que nós podíamos pedir

que este Pleno non se celebrara porque nos ampara a lei, e tiñan que volver a convocalo nas 48 horas seguintes; obviamente non vamos pedir que se pare o Pleno como sería normal que o fixera calquera outro grupo da oposición. Nós non queremos que se desconvoque este Pleno que segundo os nosos asesores sería motivo máis que suficiente para non celebrar este Pleno no día de hoxe. O que si queremos é que na orden do día dun Pleno veña reflectido o que se acordou no anterior, polo tanto pedimos que no vindeiro Pleno veña na orde do día convocada a comparecencia de Lara porque é o que se acordou no anterior Pleno e non vamos a deixar que se deise sen efecto este Pleno que poderíamolo pedir e segundo os nosos asesores teríamos dereito a esixilo porque foi acordado no Pleno pasado. Xa sei que van a dicir que non se incluíu por un problema técnico, sempre é o que din. O Alcalde cando firma ten que ver o que firma e supoño que cando firmou non viu a comparecencia de Lara. O que pasa que ao mellor non lle interesaba que fora a comparecencia de Lara para logo traela aquí de remaguillé. O Tenente Alcalde ben que nos fai chegar a documentación dende que se convoca o Pleno cando hai un erro ben que nos manda a documentación dicindo iamos por esto pero ven agora, deste tema nin se nos falou, soamente o Secretario veu dicir que quedara sen meter, de este tema nin se falou pero para meter o da rotonda si falou, para o que a vostedes lle convén si falan connosco para o que non lle convén non falan connosco. Por tanto, esiximos que na vindeira sesión ordinaria ou extraordinaria veña un punto na orde do día, non queremos que vaia hoxe, queremos que esté reflectida nunha convocatoria.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por alusións, podo falar?. Tivo unha brillante intervención, eu creo que innecesaria. *Sr. Secretario* gustaríame que aclarase este tema se é tan amable. Sobre todo para que quede claro a non mala fe deste tema, aínda que sei que o portavoz do PP quere crer outras cousas.

O Secretario: Eu incorpórome das vacacións o día 11 de setembro e non sabía nada deste tema e un día comentoume Lara que tiña que comparecer. O día que se convocou o Pleno nos miramos todos os temas que tiñamos enriba da mesa e non estaba ese tema, non había unha certificación, non había o expediente porque a acta non está despachada, non esta feita. A acta anterior cando María Brea comunicoumo e pedinlle que fixeran inmediatamente este punto, que é o punto dez, porque tiñan moitas intervencións, tiña case oito páxinas de intervencións. Coido que aquí nalgunha acta do Pleno se dixo que para tratar os mesmos temas había que ter sempre a acta anterior, porque senón se descoñecía o tema e podía meter a pata. Inmediatamente dixen que fixeran o punto dez, cousa que fixeron durante o mércores e ese día reenvieille o correo o PP e a Lara para que a tiveran. Esa é a verdade creo que non hai mala intención.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É que é así. Eu creo que a súa intervención é bastante desafortunada: o Alcalde, mala fe... Eu creo que a cousa está bastante clara, nós tiñamos pensado falar con vostedes porque Lara teñe a comparecencia preparada por se queren a comparecencia, se a queren no próximo Pleno. O que non admito é que houbese mala fe, se vostede na súa mente quere seguir pensando iso, é cousa vosa *Sr. Crespo* eu aí xa non entro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pido a palabra. Eu entendo a explicación do Secretario e pódeme valer, o que vostede está recoñecendo é que vostede a acta do Pleno cando firma a orde do día nin a lee.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si, é certo, é que a acta do Pleno aínda non estaba feita.

D. Xosé Crespo Iglesias: Quen convoca o Pleno é o Alcalde, o Secretario elaborala. Quere dicir que cando fixo a convocatoria do Pleno non sabía que tiña que comparecer Lara?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si o sabía. O que non mirei foi os puntos do día.

D. Xosé Crespo Iglesias: Como non o mira?. E se non o mira polo menos non o diga.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pois dígolle de verdade. O que está claro é que non hai mala fe.

D. Xosé Crespo Iglesias: Cando firme vostede unha cousa vámoslle a dicir, e leuno?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Dende que hai administración electrónica a verdade que non se mira moito as cousas por desgracia, supoño que lle pasará a vostedes tamén. O que si lle digo é si aceptan que Lara compareza neste Pleno, é o que tiñamos pensado. A comparecencia tena preparada, supoño que vostedes tamén.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vaia problema que temos nós para preparar iso.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Entón, se estamos de acordo fagamos a comparecencia, que se pode facer por urxencia di o Sr. Secretario.

O Secretario: Si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós decidimos no noso grupo que figure nun punto na orde do día, que non veña de remanguillé.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Portavoz: con tal de que lle quede claro que non houbo mala fe, o resto xa me da igual. Admite que non hai mala fe, entendo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu admito que vostede debe ler o que firma, aínda que o firme electrónicamente.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É certo. Dito iso. Admite que non hai mala fe?. Pídlle que me conteste a iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Podo admitir.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale. Moitas gracias, estamos de acordo.

Tras a deliberación e por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a

acta da sesión extraordinaria do 28 de agosto de 2017, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas.

2.- EXPEDIENTE 4434/2017. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE 4375/2017. TOMA DE POSESIÓN DA NOVA CONCELLEIRA DO PSdeG-PSOE, D^a. M^a JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ.

Procédese a efectuar os trámites e a toma posesión do cargo de concelleira polo grupo do PSdeG-PSOE de D^a. M^a Jesús Sánchez Fernández, logo da renuncia presentada polo concelleiro D. José Manuel Hermida Arias o pasado día 31 de agosto de 2017, e unha vez recibida a credencial correspondente emitida pola Junta Electoral Central de data 18 de setembro de 2017.

A estes efectos o Sr. Secretario constata a presentación por parte de D^a. M^a Jesús Sánchez Fernández da declaración de bens e dereitos, dunha banda, e a declaración de actividades pola outra.

Procede de seguido a tomar posesión do seu cargo pronunciando a seguinte fórmula:

D^a. María Jesús Sánchez Fernández: “Xuro e prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira de Lalín, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Xa que logo, cumpríndose todos os requisitos establecidos na normativa vixente o Sr. Alcalde-Presidente dou posesión do seu cargo como edil deste Concello de Lalín e a todos os efectos legais a D^a. M^a Jesús Sánchez Fernández, integrándose de seguido esta nova corporativa e tomando asento entre no grupo municipal socialista (PSdeG-PSOE), e pasando a formar parte como membro de aqueles órganos colexiados dos que formaba parte o anterior concelleiro que ao substitúe.

Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Benvida o Pleno e desexarlle o mellor no seu novo cometido, no seu novo traballo, que saiba que ten un grupo de compañeiros que traballan moi coordinados e moi ben e supoño que vostede estará á altura do traballo que se está facendo. Moitas grazas.

4.- EXPEDIENTE 4343/2017 EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 10-P/2017.

Deuse conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 19 de setembro de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa da Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 27 de setembro de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións.

D. Nicolás González Casares: Este é un expediente de suplemento de crédito de modificación de crédito para pasar unha cantidade de 5.000€ e aumentar a liña de subvencións que temos para as entidades sen ánimo de lucro do Concello de Lalín. Houbo unha convocatoria que estaba dotada con 18.000€ euros. Houbo numerosas solicitudes. Algunhas das entidades máis importantes de Lalín con proxectos moi importantes tiveron que quedar fóra por falta de crédito. Ante a inexistencia dunha partida no orzamento no capítulo de subvencións e na área de gasto de servizos sociais que eran 5.120€ para a Asociación AFAPO para un programa de enfermos de alzhéimer, sería o terceiro ano que se desenvolvera, despois de falar con esa asociación no mes de maio- xuño non están interesados por motivos particulares deles. Ao non querer executar ese gasto, para non perder eses 5.120€ por inexecución presupuestaria, que se dote e suplemente estas subvención de entidades sen ánimo de lucro para que poidan chegar a todas as entidades a máxima cantidade posible, as entidades beneficiarias na resolución das subvención foron: Apalc, Mencer, Cruz Vermella, Morea e Aranes. Por exemplo Aranes non recibe o total da cantidade solicitada porque quedou en último lugar e quedaríalle algo pendente de cobro, entón con este suplemento poderíamos dotar con suficiente crédito para que Aranes recibira o total da subvención e tamén o recibira outras asociación como Asociación Española contra o Cancro, algunha delas non con a totalidade porque necesitaríamos aínda máis cartos pero daríamos saída a programas moi interesantes que desenvolven estas asociacións no noso Concello. Esta é a intención da modificación de créditos, para dar eses 5,120€.

D. Juan José Cruz García: Neste momento tamén quero preguntar se tamén descoñece se non firmou aínda nada sobre as subvencións das bandas, se vostede é capaz de poder sen malicia ningunha empregar a un funcionario público para que faga un informe contra o concelleiro non adscrito, sendo o terceiro ou cuarto informe que vostede dedica a este concelleiro, aí si que teñen tempo os funcionarios locais para perder o tempo en chorradas que seguiremos demostrando. É moi grave que vostede diga que non lee o que firma e sobre todo é moi grave que sigan dicindo que non queren que se perdan os cartos, a ver onde están os cartos das bandas, segue esa tramitación en proceso embrionario, iso é rirse da cidadanía como é rirse da cidadanía coas contestacións que vostedes dan, cos rogos e contestación das preguntas que dan.

Vostede é o Alcalde do Concello de Lalín. Vostede ten que ler todo o que pasa polas súas mans e por non ler todo o que vostede ten que ler pasan cosas como o do Camiño de Bendoiro. Vai empezando a ler se quere, porque neste Pleno recomendou varias veces a lectura de libros e creo que vostede é moi amigo de non ler. Tamén creo que é moi amigo de non ler as leis. Ler é unha cousa que temos que facer todos pero o Alcalde máis, se cabe.

Dª María Paz Pérez Asorey: Bos días e benvinda a concelleira. En relación coa moción que estamos a debater, xa nos explicou na Comisión e previamente o concelleiro nos fixo unha advertencia de que ía haber esta modificación. Nada que

dicir. A nós vanos ter do mesmo lado para as iniciativas sociais. Faltaría máis que nós non a apoiásemos. Non obstante, si que nos parece sorprendente volver escoitar que a Asociación AFACO, para persoas con alzhéimer que levaba xa traballando neste Concello e indicado recentemente o programa no 2015, estando nós con esa responsabilidade nesa Concellería na que está vostede agora e que tiña boa acollida por parte de todas as persoas diagnosticadas con alzhéimer, era unha axuda fundamental para as familias. Sorpréndenos que o programa rematase no mes de decembro por ser a vixencia do anterior convenio ata decembro de 2016 e que vostede nos diga que ata maio-xuño non houbo un contacto. A que se debe? Quedaron aí cinco ou seis meses sen atención a esas familias?. Que pasou? A que se puido deber?, Non había interese polas familias? Cal foi a fundamentación para que nin tivese continuidade ata esa data de medio ano dende a responsabilidade de vostede como concelleiro nesa área e que estivese sen actividade esa asociación do Concello de Lalín?.

D. Nicolás González Casares: Explícolle. Cando vostedes fixeron o programa que dotaron coa mesma cantidade de 5.120€ tampouco durou todo ano, senón que foron uns meses; de feito o programa durou cinco ou seis meses. Case todo o programa do ano 2015 desenvolveuse sendo eu xa era concelleiro. No ano 2016 repetiuse o programa. Vai dende maio ata novembro. Se non lembro mal, era o mesmo programa. O que pasa é que nós fixemos unha cousa: logramos máis adhesións, non porque vostedes o fixeran mal, senón porque detectamos que moita xente non quere ir ata o polígono que era onde se estaba desenvolvendo os programas e decidimos que se desenvolveran no Lalín Arena. Así o programa tivo algo máis de adhesións.

Realmente non quedamos insatisfeitos con ese programa. Funcionou ben. Nós tiñamos no calendario facer o mesmo este ano dende maio- novembro ou maio- decembro para o programa, porque esas cantidades, dende a Sociedade, dicían que non daban para nada. Eu púxeme en contacto co Presidente desta Asociación. Díxome que o ano anterior perderan cantidades, que non lles saían rentable e que non ían a prestar ese servizo. Díxenlle que se o ano anterior dera para cubrir seis meses pretendía que este ano chegasen para cubrir seis meses. El dixo que non. A min realmente gustárame que seguira, pero hai que dotalos con máis, segundo eles. ¿Hai que ver en Lalín como nos coordinamos con iso!. A APALC leva cousas parecidas e outras asociacións tamén levan cousas parecidas. Esta Asociación está facendo moito en Silleda e ten un programa en Silleda para todo o ano co triple que estamos dando en Lalín, aínda que hai que ver que en Lalín temos máis centros.

Creo que temos que reordenalo, pero para nada estamos descontentos coa experiencia que fixo a AFACO en Lalín no ano 2016, porque un grupo de familias se beneficiaron dunhas axudas para persoas con alzhéimer no seu inicio e necesitan actividades. Eles realmente decidiron que non querían seguir por esa cantidade. Agradezo Paz a túa disposición.

Dª María Paz Pérez Asorey: Dar por feito cousas tan sensibles como isto é mostrar unha irresponsabilidade. Vostede di que continuou cun programa, un programa que estaba asentado polo anterior Goberno.

D. Nicolás González Casares: O programa non estaba asentado polo anterior Goberno, porque desenvolvín eu case todo.

Dª María Paz Pérez Asorey: Perdoe, estou intervindo. Debería de ter

continuidade, se tanta sensibilidade queren demostrar nesta área. A contía descoñécea e a verdade xa non é un ano o que leva na Concellería. Descoñece que este programa se implantouse neste Concello cunha contía triple á que tiña. A xestión é fundamental en tódolos eidos. Este programa asentouse cunha aportación da Deputación, probablemente o descoñeza. Se vostede lera a memoria e a programación que se fixo inicialmente, vostede podería comprobar que había unha cofinanciación por parte da Deputación Provincial neste programa que foi o que se asentou. Se a vostede lle parece ben que este programa deixe de prestarse aquí e vostede non foi capaz de reorganizar competencias similares que poden ter outras entidades das asentadas aquí no noso Concello como é a residencia da Nosa Señora das Dores como Geriatros, pouca capacidade mostra.

Obviou dicir que o programa deixou de prestarse en Lalín para marcharse a Vila de Cruces. É evidente a falta de interese por este programa. Nos imos votar esta modificación, aínda que botamos en falta que non se apoie a outras entidades como pode ser Asociación Española contra o Cancro.

D. Nicolás González Casares: Dótase con máis para que entre a Asociación Española contra o Cancro.

D^a María Paz Pérez Asorey: Estou intervindo. Imos apoiar esta modificación pero as respostas que nos deu non nos convencen. Sabemos que hai pacientes e familias que están preocupadas por non ter continuidade, unha continuidade que tiña que ser de 31 de decembro a 1 de xaneiro lineal, sen un parón de 6 meses. Xa faremos as oportunas aportacións que vos daremos a coñecer. O noso apoio a este punto é favorable, pero non estamos conformes coas súas respostas coa pregunta plantexada.

D. Nicolás González Casares: Eu só unha salvidade: o que dicías sobre a Sociedade Española contra o Cancro evidentemente agora vaise dotar con máis para que entre. As valoracións das subvencións non as fago eu, fanos os profesionais desta casa. Eu estou no comité de valoración, pero limíteime a poñer a media do que poñían eles.

D^a María Paz Pérez Asorey: A responsabilidade política de xestión é de vostede; non se escude nos técnicos.

D. Nicolás González Casares: Digo que os técnicos valoraron estas subvencións e a Asociación Española do Cancro quedou de sétima. Con esta ampliación de suplemento a *Asociación Española contra o Cancro* vai percibir unha subvención. É dicir unha das razóns pola que suplementamos esta liña de subvencións é para que entren as asociacións que quedaron fóra. Unha delas é a Asociación Española contra o Cancro que vai recibir creo que o 100% do que solicita. En canto ao que vostede di que se levou a cabo todo o ano, non se levou no 2015. Vostede sábeo. Se me fala de convenios dos que non pasan pola Xunta de Goberno hai moitos do seu departamento que non pasaron.

D^a María Paz Pérez Asorey: Non entre en terreos nos que non ten garantía. Non lance bolas de aire e ciñámonos. A votación xa lle advertín que ía ser favorable e o demais debaterémolos. Non se largue pola tanxente de cousas que non vai aprobar.

Ás 9:25 abandoa o Pleno a Interventora, D^a Eva María Casal Sanjurjo.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE dos asistentes**, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a proposta e o expediente, adoptándose o seguinte acordo:**

Incoado o expediente de Suplemento de Crédito número 10-P/2017, a financiar mediante a baixa doutra aplicación do orzamento vixente non comprometida, e de modificación das Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2017, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar un gasto que non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a seguinte finalidade:

Trátase de suplementar a aplicación orzamentaria destinada á concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, segundo consta na proposta do Concelleiro delegado de Benestar Social deste concello. Esta modificación orzamentaria finánciase con cargo á baixa da aplicación destinada á dotación da subvención nominativa que estaba previsto conceder neste exercicio á Asociación de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias da Provincia de Pontevedra (AFAPO). Esta modificación supón, ademais, modificar as Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2017 na que está contemplada a citada subvención nominativa.

Por todo o exposto, o Pleno **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Suplemento de Crédito financiado mediante a baixa de crédito doutra aplicación non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
231.489.26	Asistencia social primaria. Subvencións a Asociacións con programas de integración social	5.120,00
TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO		5.120,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito: A baixa de crédito da seguinte aplicación do Presuposto vixente non comprometida, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
231.489.23	Asistencia social primaria. Subvención á Asociación de Enfermos de Alzheimer	5.120,00
TOTAL BAIAS		5.120,00 €

Así mesmo, en consonancia coa proposta do Concelleiro delegado de Benestar Social, esta modificación orzamentaria conleva a modificación da Base 27 das de Execución do Orzamento municipal para 2017, na que causará baixa a subvención nominativa que estaba previsto conceder no exercicio en curso á Asociación de Enfermos de Alzhéimer da Provincia de Pontevedra.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos e de modificación das bases de execución do Orzamento municipal vixente, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.- EXPEDIENTE 4371/2017. PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2018.

Deuse conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 20 de setembro de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 27 de setembro de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A proposte é de continuidade, se alguén ten algo que dicir. A verdade que algunha xente trasladounos a opinión de se tería que ser o luns do cocido pero eu creo que é unha opinión case marxinal polo que estivemos sondeando. A nosa proposta é de continuidade. Se queren dicir algo a este respecto. Entendo que non.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE dos asistentes**, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a proposta e o expediente, adoptándose o seguinte acordo:**

Recibido escrito remitido pola Xefatura Territorial de Pontevedra, Sede Vigo, da Consellería de Economía, Emprego e Industria (nº rex. 7442 de 18/09/2017) no que se solicita que por este Concello se remita a correspondente proposta de festas de carácter local para o ano 2018, e tendo en conta o calendario de dito ano,

Por todo o exposto, o Pleno, **ACORDOU**:

- Propoñer como festivos de carácter local do Concello de Lalín para o ano 2018 os días 24 e 25 de setembro de 2018.

6.- EXPEDIENTE 4390/2017.MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA ESISIRLLE Á XUNTA DE GALICIA QUE DEFINA DE MANEIRA INMEDIATA UNHA FOLLA DE RUTA CON MEDIDAS CONCRETAS E CONTUNDENTES PARA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ALTA RESOLUCIÓN (CAR).

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 20 de setembro de 2017 co número de rexistro de entrada 7568. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da **Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 27 de setembro de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións.

D. Nicolás González Casares: Este punto é demasiado coñecido. Non teríamos que traer este tipo de moción ó Pleno se a comunicación da Xunta de Galicia co Concello de Lalín, lexitimamente representado polo Alcalde, tivera a deferencia de comunicarse co Concello de Lalín. É dicir, non teríamos que traer esta moción seguramente, aínda que si pediríamos e esixiríamos algunhas destas cousas, porque despois de reiteradas solicitudes, reiteradas propostas, mocións por unanimidade deste Pleno, a Consellería se negase en rotundo a tratar este asunto co Concello de Lalín co que ten asinado un convenio e protocolo dende hai anos. Cal é o motivo polo que o PP na Xunta decide non quere como interlocutor ao Pleno do Concello de Lalín? Por que está evitando dar saída os acordos do Pleno?. Cal é o motivo?

O motivo do PP non é outro que político. É de redución dos investimentos sanitarios en Lalín. O PP non está investindo nin un euro máis do que debe asumir o gasto corrente das infraestruturas sanitarias de Lalín e aínda por enriba non nos enteramos por outros condutos normais da Consellería co Concello de Lalín: enterámonos por preguntas parlamentarias.

Realmente todo o que asinaron en sanidade é papel mollado e non queren facer o Centro de Alta Resolución (CAR) un centro que din agora que é obsoleto e sería tan obsoleto como no ano 2015 cando asinaron un protocolo a Consellería de Sanidade do mesmo goberno galego presidido polo mesmo Presidente. A sanidade cambia evoluciona, pero non evoluciona tan rápido e as infraestruturas que son boas para asinar en 2015 non cambian dun ano para outro. Pódese cambiar o nome, pero non os contidos que xa hai tempo que están definidos, como os servizos de radioloxía, as consultas que ía levar, ademais da construción dun novo centro de saúde. Agora nos enteramos polo medio que foi o Parlamento Galego, que logo de reunirse co Alcalde e representantes deste goberno con todos os grupos parlamentarios, salvo co único grupo do Parlamento galego que non aceptou a solicitude do Alcalde, que foi o grupo

parlamentario popular.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non aceptou non; non temos comunicación.

D. Nicolás González Casares: Non temos comunicación, é dicir comunicámonos con eles pero non responderon; o resto dos grupos si responderon e responderon aceptando esa solicitude. Fomos ao Parlamento Galego e o PP fai silencio e ningunean todas as iniciativas que son boas para a vila de Lalín e sobre todo que están asinadas mediante convenios e protocolos dun xeito firme co Concello, incluso polo anterior goberno do PP. Está moi clara cal é a estratexia: silenciar ao Goberno de Lalín nas súas iniciativas e non dar saída ás propostas dos veciños de Lalín.

Despois da interpelación aos diferentes grupos dunha iniciativa do BNG enterámonos que non se vai facer o CAR, ou a Consellería de Sanidade non ten esa intención. Non sei que lle contestou ao Sr. Crespo cando lle contestou o Sr. Rubio que lle ían comunicar por carta. Non nos gusta que ninguneen a este Pleno. Agora falan dun centro integrado que aínda non fixeron en ningún sitio. Vaino facer en Lalín pero isto non o fixeron en ningún sitio e o que poñen máis próximo é o de Lugo que ten como data de apertura o 2020, pero aínda non puxeron a primeira pedra. Entón din que van facer o mesmo, pero non sei cando o pretenden facer se no 2022, 2023. Non sabemos moi ben o que se quere facer ou o que se quere definir.

Eu polo que estiven vendo non é máis cun centro grande con consultas que xa temos aquí. Vostedes tamén venderon fai dous anos que ían facer tamén a hospitalización a domicilio, que se ía a facer en Lalín e a hemodiálise; seguimos esperando.

Foron vostedes a reunirse con concelleiro e alí reuníronse, pero aquí seguimos esperando; para vostede o concelleiro tivo tempo; para o Alcalde de Lalín non. Non entendo cales son as preferencias institucionais. Vostedes non respectan as institucións. O PP en Lalín e en Galicia non están respectando as institucións. Agora que se fala tanto do respecto institucional, pois vostedes non o están respectando e ao Concello de Lalín tampouco. Cremos que de vostedes non falan moi ben. Gobernaron moitos anos en Lalín e ademais asinaron protocolos e convenios con Sanidade para facer o CAR e agora resulta que e o CAR non valía para nada; cremos que é un desatino e un despropósito e que deberían esixirle á Consellería de Sanidade de que rectifique.

D. Juan José Cruz García: A min o que me fai gracia é que se poña na moción: “defina de maneira inmediata unha folla de ruta”. Home, despois volvo a ler porque é de risa como redactades. Léese na prensa que xa iades pasar a medidas de coaccións ou presión sociais. Aínda que me equivoque nun termo, pódome equivocar non? Coacionástedes á xente para que viñera aquí?.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Pero.. Por favor.

D. Juan José Cruz García: “Defina de maneira inmediata unha folla de ruta”. Fai uns días dicíades que soamente iades intentar facer presión coa poboación para que se tomara este tema doutra maneira e se vertera este tema cara á sociedade. Diciades que non iades facer ningunha moción máis; aburrides!. Pero dicir: “defina de maneira inmediata unha folla de ruta”, cando temos un Goberno que se pasa polo forro todos os acordos plenarios, podería enunciar ata 10 ou 15 e todas as mocións que hai

aquí que nin as ledes. Vós pedides aos demais de maneira inmediata e eu non sei onde están regulados os premios dos lalinenses do ano, onde está o regulamento do concello, non sei onde están as axudas para bandas, os alcantarillados de Cadrón e Muimenta, eu non sei nada de todo o que se aproba neste Pleno.

A presión social tamén vouna facer eu vou e insistirille a tódalas aquelas persoas que teñen unha moción aprobada que eu creo que é interesante para elas e terán que empezar a moverse por acadar as cousas diante dos tribunais, porque senón é imposible. Para isto tamén o PP ten gran culpa porque é un partido forte que terá que empezar a gastar cartos. Eu vou facer un compromiso neste Pleno, un compromiso serio e firme: cada vez que o PP ou calquera veciño se mova para pedir que se cumpra un acordo plenario eu deixarei a miña asignación de concelleiro non adscrito para ese caso dun mes. Se iso se fai e imos a calquera contencioso-administrativo para presionar a este goberno, eu cada vez que este goberno faga iso, deixarei un mes a miña asignación, porque vos non podeades pedir medidas contundentes que definan unha folla de ruta inmediata. O voso é a rapidez: cumprir os acordos plenarios rapidamente

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Agradécese a súa opinión sobre o CAR.

D. Xosé Crespo Iglesias: Señores do goberno de Lalín: isto é todo o que poden facer sobre a mellora sanitaria de Lalín?. Unha moción que leva dous miserables parágrafos, media páxina e uns acordos. Isto é o que son capaces de facer?. Polo menos eu pediríalle que, cando se fai calquera historia, polo menos se razoe.

Se a Xunta de Galicia chégalle esta moción que hoxe vamos aprobar aquí ou espero que aprobemos aquí con estes dous parágrafos e lean, pegaralles a risa porque dirán que pouco nivel ten o Concello de Lalín. En todo caso alá vostedes é a vosa responsabilidade. Vostedes son os que están gobernando. Nós somos a oposición e a nosa obrigación como oposición e fiscalizar o labor do goberno de Lalín. Verá, Sr. Tenente Alcalde, eu poderíalle rebater cada unha das afirmacións que fixo pero non vou entrar nese debate porque xa o fixemos no pleno anterior e vostedes aburren con mocións. Fagan como estimen oportuno é a súa responsabilidade. Nós tamén o faremos; pero como PP imos seguir traballando como fixemos ata agora na mellora sanitaria de Lalín na medida das nosas posibilidades e tendo en conta que somos a oposición e que imos defender os que nós pedimos. Mencionaba vostede que fomos pedir a ADO e a hemodialise. A concelleira *Eva* e mais eu tivemos unha reunión porque é normal que nos reciba o concelleiro. Se cadra tamén nos reciben porque nós o día anterior non metemos o pau no avispeiro para darlle alí, como facíamos cando eramos rapaces e atopabamos un avispeiro cando íamos coas vacas que collíamos un pau, metíamos e zumbamos alí para que saíran as avespas e saíamos correndo. Nós temos outra técnica, ao mellor non é a mellor, pero nos deu resultado durante moitos anos do goberno. Eu pídlle por favor que non minta. Vostedes reuníronse co BNG e co PSOE no Parlamento e cando nós dixemos nunha nota de prensa que nos parecías ben pero, porque non pedían a reunión do PP, unha semana despois pedírona a *Pedro Pui*. Como se pode demostrar, o que é medible non é opinable, sempre o digo, o día seguinte chamaron para pedir o teléfono de *Pedro Pui* ou pensa que nós somos parvos ou que non temos amigos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu teño o teléfono de *Pedro Pui*.

D. Xosé Crespo Iglesias: Simplemente lle digo que non é certo que vostedes pediran reunirse con todos os grupos. Pediron reunirse con BNG, PSOE e unha semana despois pediron reunirse co PP. A responsabilidade é súa. Se a vostedes lles parece boa técnica, se vostedes entenden que para facer o CAR hai que facer unha moción de dous parágrafos que non se teñen en pé, pero sobre todo cuns argumentos tan contundentes como os que poñen aquí e o mesmo tempo facer unha pancarta. Vostede cree traballar así pola mellora sanitaria? Alá vostedes. Nós farémolo á nosa maneira. Non se preocupe que terá cumprida resposta do ADO e a resposta do diálise. Nós fixemos a xestión pero non a xestión só o día que demos a nota de prensa Sr. Tenente Alcalde. Dende que fomos ver o concelleiro esa señora impetuosa, traballadora e mais eu fixemos un montón de xestións. Eu pódolle asegurar que dende que fixemos o ADO e mais a hemodiálise para Lalín non houbo quincena que non demos a vara con ese tema. O resultado non o sabemos. Como dicía un veciño meu cando pasabas diante del coas vacas e eu era un neno “*Sr. Secundino*, choverá e dicía el: *Xa se saberá*”. A vostedes tamén: xa se saberá. Imos votar a favor para non perder máis tempo con este tema.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Antes de pasar a palabra ao Sr. Vilariño, dicir que estivemos un ano calados con este tema. O conselleiro díxome que a folla de ruta estaría feita en tres meses. Non estivemos metendo ningún pau no avispeiro. Un ano e tres meses e o conselleiro díxome a min no seu despacho dun xeito moi amable que insisto que é unha persoa coa que non teño relación, así como con outros si que a teño, que en tres meses si que teríamos a folla da ruta. O de Pedro Pui está ben. Eu teño seu teléfono. Non ten especial mérito como para ter que pedilo a ninguén. Miren vostedes: as señoras que traballan alí no grupo parlamentario as dificultades que teñen co chamado punto gal (.gal) que o que lle funcionen mellor e o punto es (.es), o cal non me sorprende moito por certo. Con respecto ao que dicía o Tenente Alcalde de respecto institucional, eu se algún día son conselleiro que seguramente non serei, se un Alcalde me pide cinco veces unha reunión, o menos que podo facer é contestarlle e dicirlle que neste momento consideramos que non é necesaria ou agarde vostede equis tempo para poder facelo porque neste momento temos outras prioridades. Debe haber respecto entre persoas, pero cada un ten a educación que ten. Aclarar que non estou chamando maleducado o conselleiro, senón que non me gusta esa actitude.

D. Xosé Crespo Iglesias: Puntualizarlle un tema. Eu non lle digo que non sexa certo, pero gobernar un Concello é complicado; gobernar a Xunta é tan complicado ou máis.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Evidentemente.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós cando fomos Eva e máis eu a falar co conselleiro dese tema, sabe o que nos dixon? Deunos unha data e díxonos en equis tempo terán cumprida resposta. Nós a data non o tiñamos e non tiramos os bártulos senón que seguimos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estoulle dicindo que esperamos un ano no que eu e supoño que vós considerades o tema máis importante que hai agora mesmo enriba da mesa no Concello de Lalín de importante. Insístolle

que deberíamos ir da man neste tema e eu tendo a man para ir con este tema. Eu dígo de verdade.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pactastes esta moción connosco?. Dicindo que nós estamos agochados?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Dar cera, pulir cera.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ten dous parágrafos e o segundo parágrafo di: chama a atención neste punto o silencio do PP que ó tempo que amosa unha actitude belixerante coa Deputación, mantén unha submisión absoluta.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Porque é certo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se quere ir da man nosa, non é a mellor forma.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por favor. Se quere a palabra pídea e eu douna. Xa sei que como di o Sr. Crespo é impetuosa e traballadora pero pida a palabra se é tan amable, eu douna encantado. Insisto Sr. Voceiro evidentemente isto é política, como fan vostedes coa Deputación, pero creo que é o problema máis importante que hai neste momento e eu téndolles a man para ir xuntos xunto o conselleiro co que dure este conselleiro. Coa cantidade de frontes que ten abertos, pois non sei eu. Eu o que lles pido é que se quere ir o Sr. Crespo comigo a falar con conselleiro, eu encantado. Pero igual que vostedes danlle caña a Carmela Silva eu o que lles pido é que se pronuncie sobre este tema que está afectando á sanidade pública dos lalinenses. O meu ofrecemento esta enriba da mesa. Non ten a palabra, hai quendas. Logo tócalle a vostede.

Ofrézolle a man o PP porque como sempre digo: vostedes representades a moitos lalinenses, polo tanto ten o meu respecto. Outro caso é o que non represente a ninguén.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Bos días. Darlle a benvida á concelleira.

Efectivamente isto é un debate que vai moito máis alá do léxico, do xogo político e dos parágrafos que sosteñen unha moción. Nós entendemos e xa o dixemos publicamente: que non estamos xogando con obras no sentido estrito da palabra de poñer un ladrillo enriba doutro e asfaltar, senón que estamos falando da inversión en termos sociais máis importante para os nosos veciños en moitísimos anos.

Aquí hai dous planos onde vostedes non se sabe moi ben se queren estar ou si que se sabe. Eu admito que en termos persoais sorprenden porque eu tamén son capaz de admitir que o goberno anterior nesta materia podían ter os deberes feitos e polo tanto os terreos están aí. Tamén eu entendo e o di alguén que non ten problema en dar a súa opinión respecto ás actuacións doutras administracións que poden estar gobernadas por partidos que non son de vostedes ou son no que eu milito. Eu o que quero deixar claro é que vostedes tiñan que ser os que estiveran no fronte desta reivindicación e precisamente non serville de escudo protector, xa que seguro que por dentro opinan outra cousa respecto o PP concretamente na Xunta de Galicia.

Podemos chamarlle como queiramos pero resulta que isto é unha tomadura de pelo porque levamos dende o 2009 así. Se facemos un repaso moi rápido vemos como o 6 de febreiro do 2015 o titular é: "o PP buscar vías de financiar o CAR de Lalín". Isto vouno enlazar coa última nota que o seu partido deu nos medios sobre o seu

posicionamento e ver como mentiron: “o Parlamento de Galicia aprobou onte a proposición do PP e distintas formas de financiación para impulsar a posta en marcha do CAR o deputado *Román Rodríguez* dixo que a nova infraestrutura sanitaria contribuirá a descentralizar a atención médica que tiña a cidadanía e a desconxestionar o sanitario de Santiago. *Rodríguez* marcou dentro da súa aposta polo goberno galego de mellorar a sanidade a unidade de protocolo asinado no 2011 entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Lalín para por en marcha o CAR.

O Concello pon a disposición da Xunta un solar de 17.000 metros cadrados onde a PAC e o CAR prestaran servizos a 5.000 veciños da comarca. *Rodríguez* apuntou o avance do CAR e lamentou que a oposición votase en contra da iniciativa baseándose en premonicións sen fundamentos sobre a posible xestión deste centro. *Rodríguez* é un veciño deste pobo que é conselleiro. *Rodríguez* é un militante de vostedes, é unha persoa que cambiou de actitude, algo que dende logo enmarcou a súa vida política pero dende logo a súa falsidade é situarse onde mellor lle ían a él. Quédome en criticar sen fundamentación as futuras xestións do centro, algo que xa daquelas se vía que era papel mollado.

No 2016 hai unha nota moi significativa: “*Sanidade comprométese co PP de Lalín a mellorar os servizos e reactivar o estudo do CAR*” do voceiro do PP, *José Crespo*, e a edil e de *Eva Montoto*. Se isto chega a ser ao revés, quen vería a Eva traer con pancarta e ofendidisima aquí de que a Sanidade de Lalín non tivera absolutamente nada, e resulta que a vostedes lles ofende a pancarta

D. Nicolás González Casares: Pancartas si, alí no polígono puxeches.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: O tema é que na rolda de prensa e na boa recepción do conselleiro destacan unha serie de propostas sanitarias para mellorar os servizos sanitarios no municipio. Entre outros temas a tratar está a reactivación do CAR. Vos tiñades que ser os primeiros en primeiros en ser enganados e en sentirvos ofendidos e fronte a iso tedes unha actitude que é impresentable en termos políticos. Podemos tachalo de tomadura de pelo, despois de tantos anos. Eu creo que a decisión do outro día no Parlamento a raíz dunha iniciativa do BNG, no parlamento onde se amosan os plans que o PP ten; a primeira foi admitindo que non se tiña pensado facer o CAR e agora en vez de CAR lle chaman doutra forma pero dende logo o resultado é o mesmo. Remítome á nota que saquei do facebook e que vostedes colgaron da comparecencia doutro día que non sei quen a elabora, pero é unha nota que di textualmente: “neste momento consideramos máis axeitado outro tipo de modelos como os centros integrados de saúde”. Agora?. Pero cando vostedes foron alí que ían a reactivar? Que pasou? Non sabíades nada disto ou como é agora? É algo moi curioso isto e se non chega a haber preguntas non había agora?. Se non leva isto o BNG, non había un antes e un despois?. Aurelio di: “remataran nas vindeiras semanas o plan funcional de espazos que terminará co modelo de asistencia sanitaria integral para Lalín, será un novo edificio. Pero se vostedes non fixeron nada ao longo destes anos. Os estudos admiten que os están facendo agora. Que había antes? Nada. Cantos anos botaron enganándonos? Nove. E se non se chega a preguntar, botamos outros nove.

Como desbotar como obsoleto un centro que non ten nin un estudo feito? Esta obsoleto o CAR?. Se vostedes nunca fixeron un estudo como prometeron ano tras ano con sinatura e con visitas, cómo agora admiten vostedes que están facendo un estudo?, De que?. Seguen vostedes explicando que “o centro de alta resolución nunca foi definido como modelo obsoleto”. Nunca foi definido? Pero vostedes a que foron alí?. Cómo dixeron que estaban facendo un estudo e que iso era un modelo de

viabilidade, un compromiso de orzamento?.

A vostedes non lles choca moito a postura que están defendendo cunha prepotencia institucional, onde din “terreos cedidos polo Concello de Lalín” eles son así de chulos. O convenio é de dúas partes. Aquí non estamos pedindo esmola; estamos pedindo que se cumpra un convenio que aos veciños de Lalín lles custou 350.000€. Existe algo máis importante na Administración que cumprir co asinado? Pero é que vostedes nin iso. Cando falas con outros concellos que ten problemas sanitarios deste tipo, o PP da a mesma resposta: vostedes non se enganchen nun tren que se vai queimar. Imos facer un estudo, imos tirar para adiante un par de anos, que pasen municipais.. isto é así. Hoxe non se pecha o debate, nin moitísimo menos. Que a vostedes lles ofenda unha pancarta que o BNG puxo e nos tache por elo de sectarios é impresentable e temerarios....

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós tamén a puxemos antes e...

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: A nós por esa pancarta en prensa chamáronos: “sectarios, irresponsables e temerarios”. Nin máis nin menos. As pancartas que vostedes puxeron debían ter outro tipo de cor que non respondían a estes tres cualificativos. Cando unha vía que é institucional se esgota, só queda unha vía e non será por non pedir en termos institucionais reunións que se ten pedido por parte da Alcaldía os días: 2, 12 e 22 de xuño, o 27 xullo e o 22 de setembro. Parecerán poucas reunións as que se ten pedido co conselleiro? As respostas foron sempre as mesmas: o silencio. Iso si que é desprezo institucional. Sorprenderalle que o conselleiro se reúna con membros do seu partido, pero nos choca que non teña tempo para reunirse co goberno ou co Alcalde dun goberno, por mais que lle fastidie. Será normal que se reúnan. Vostedes falaban de técnicas, cando o tema é de recibir ou non. A nosa técnica non é de meter un dedo no ollo. Como di a nosa técnica é de non ser submisos. Vostedes confunden gobernar con submisión e nós dende logo non vamos a ter ese papel de submisión respecto o goberno da Xunta de Galicia. Ademais dígolle unha cuestión: se alguén está tendo desgaste en termos políticos son vostedes. O que se lles pide é que sexan algo responsables cos veciños de Lalín neste tema, porque vostedes están perdendo a lexitimade que tiñan respecto a este tema e polo tanto non enganen e non queiran dicir que é un problema de falar ou non falar, ou de negociar ou non negociar. Aquí o goberno como noutras cousas teremos moito que dicirnos; aquí o goberno municipal ten cero erros e dígoos así de claro e alto: non busquen erros onde non os hai e dende logo súmense á defensa dos intereses dos veciños e veciñas de Lalín.

Eva María Montoto Méndez: A min persoalmente si me sorprende a pancarta. Perdóeme vostede que non teño a palabra demagogia e a expresión política que ten vostede. A min sorpréndeme chegar aquí e ver que a política serve para poñer pancartas. Eu pensaba que era outra cousa. Eu as pancartas póñoas cando estou na casa. Cando estou aquí creo que veño para algo máis que para poñer pancartas e sobre todo cando estades no goberno nin a ser submisa. Non me importa ser clara e franca sexa con quen sexa.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Esta ben que se apunten o conto.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Por alusións.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si, pero non pasedes así toda a mañá.

D. Francisco Xavier Vilarriño Taboada: Foi unha gran resposta, eu se queres a próxima pancarta a poño para que me explique como foi a reunión do 07/04/2016 onde destacaron en prensa a boa recepción do Conselleiro de Sanidade Xesús respecto a unhas propostas plantexadas do servizo sanitario do Concello, os temas a tratar, a reactivación do CAR. Explique que temas se reactivaron.

D. Juan José Cruz García: Bueno *Paco*, ultimamente pásoo moi ben nos Plenos, pero contigo teño que recoñecer que estou vendo que hai que axudarche tamén, porque eres capaz de dicir tantas tonterías no Pleno. Unha delas é mentir dicindo que ti non interrompiches a ninguén; bueno pasemos diso. Vou seguir na explicación preguntándoches *Paco*: si podo empregar o termo presionar?, o termo presionar pódoo utilizar?. Presionar non sei se é sinónimo de coaccionar, chantaxear, presionar, violencia psíquica, intimidación, moción de división deste concelleiro, asediar, traer a pleno a xente para facer toda esta presión.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Concelleiro eu entendo as súas directivas argumentais. Pódolle pedir que se ciña á moción, se é tan amable porque senón, retírolle a palabra.

D. Juan José Cruz García: Voume ceñir.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Logo ten preguntas e rogos e as súas directivas pode ter un día enteiro para elas. Cíñase á moción que estamos tratando. Se non, retírolle a palabra.

D. Juan José Cruz García: Vostede teña moito coidado de retirarme neste Pleno e neste momento a palabra.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É algún tipo de ameaza?.

D. Juan José Cruz García: Tan pronto me retire a palabra neste Pleno, voume a ese Xulgado ou o cartel da Garda Civil a por unha denuncia por non respectar os dereitos básicos como concelleiro de Juan José Cruz García, concelleiro non adscrito. Atéñase ás consecuencias.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón, ante o medo que teño neste momento vou ir ó servizo.

D. Juan José Cruz García: Vostede atéñase ás consecuencias. O que importaba neste Pleno era se unha persoa tiña ou non tiña o teléfono dunha persoa?. Iso que é?, cinguirse a unha moción, non?. Eu vou preguntar neste Pleno e tamén vou retar ó Alcalde de Lalín, xa que ten problemas para ler, pero non ter problemas para ler a súa axenda de teléfono que ao mellor poden ensinarnos se ten o teléfono de *Alfonso Rueda*. Entón farei este rogo e pregunta.

D. Nicolás González Casares: Cambiou o Presidente pero non as normas do Pleno, é unha moción e é o que hai que debater.

D. Juan José Cruz García: Atente ás consecuencias. Teño o turno de palabra e no mesmo momento que o quitades, levántome do Pleno e vou poñer unha denuncia a onde sexa oportuno.

Imos seguir falando. Estábamos falando de sanidade. Tanto vos interesa a sanidade dos veciños do pobo de Lalín que creo que aínda non tomastes ningunha medida para ver si a osixenación dos puntos de captación da auga deste Concello e ou non é adecuada?. Xa non imos falar se a sanidade é o que importa da sanidade dos veciños de Lalín, non imos ver se no acordo houbo algunha análise sobre a alga que hai alí. Hai debate na cidadanía. Iso é sanidade tamén.

A moción di que defina de maneira inmediata unha folla de ruta. Follas de ruta hai cincuenta mil. Eu voulle pedir que se defina de forma inmediata unha folla de ruta para actuar nas roldas que hai na ruta da carretera de Vilatuxe, para que se subsane a pista dos Porcallos, para que se arranxe a marquesina do Montserrat, para que se limpen as beirarrúas de aceite, arranxe un bache que os coches tocan en baixo. Eu voume preocupar de mocións que realmente interesan aos lalinenses.

Os lalinenses teñen que estar aburridos totalmente de si vai vir o CAR ou non. O meu voto vai ser a favor, pero vós sodes os que levades as cousas a temas que non son locais. Que é peor falar un pouco fóra da moción ou levar a política local a Santiago? Vostedes o que queren é estar en Santiago. Pois se queren estar en Santiago márchense a Santiago. Rétolle Sr. Alcalde xa que non sabe ler ou non queren ler, rétolle xa que vostede ten tantos teléfonos e amizades a que nos demostre no Pleno de Lalín, colla a axenda, lea a súa axenda e diga aquí está o teléfono de *Rueda*, demostrolle a tódolos veciños de Lalín e se preocupa pola sanidade dos veciños ademais do CAR que esta moi ben, por favor é unha demanda que entendo que vos queredes rir de min, que me queredes apartar da moción, que me queredes facer xogo para interromperme e crearme confusión. Vostedes, se queren preocuparse pola sanidade dos veciños, e agora moi seriamente por favor, manden facer unha análise dos puntos de captación da auga de traída, porque pode haber problemas serios para a saúde dos nosos veciños, eses tamén son problemas de sanidade. Preocúpense un pouco do que os veciños piden. Esa é a política local e non tanto falar do CAR, cando cartos haberá, os que haberá e se poderán facer ou non.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sen dúbida teño que recoñecer que o CAR non é un tema de política local. Aí ten toda a razón; será de Uranio, Neptuno ou Plutón, seguramente.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ben, aínda que pode soar a prepotencia eu fíome dos que están gobernando a Xunta de Galicia.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Home, normal.

D. Xosé Crespo Iglesias: O que pasa é que cada momento ten os seus presupostos e as súas posibilidades e polo tanto vostedes como gobernantes tamén o deberían saber. Eu non vou a entrar pormenorizado en todo o que dixó o Tenente Alcalde e máis o que dixó concelleiro *Paco Vilariño*. Simplemente dicirlles que quede claro que o grupo do PP do Concello de Lalín se fia da actual Xunta de Galicia e que vai cumprir os compromisos.

Con respecto á oferta que nos dixó o Sr. Alcalde, que parte de barrio sésamo perdín eu? Porque por un lado vostede di que está disposto a ir da man e quere que sexamos colegas neste asunto e por outro lado solta aos dous doberman: o Tenente Alcalde e máis a *Paco Vilariño*, para que nos zurren.

D. Nicolás González Casares: Vou por alusións.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Solteille eu a dous doberman, porque eles non teñen criterio propio non?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sr. González Casares.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: En que quedamos?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu de vostede estaría moi preocupado porque o superconcelleiro *Vilariño* que ten delegacións de facenda, de vías e obras e de turismo acaba de absorberlle a delegación de sanidade. É vostede un ninguén, porque non é capaz nin de defender unha moción; tenan que defender outros por vostede o cal eu estaría preocupado se fora vostede.

D. Nicolás González Casares: Non quedaramos en que lle mordín bastante?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu de ser vostede estaría moi preocupado porque vostede que é o Tenente Alcalde de Lalín, se non é capaz de defender unha moción... A verdade é que non sei. Se a fixo vostede poñendo estes dous parágrafos, a verdade é que non se luciu moito; pero se vostede para defender a moción ten que recorrer a Paco Vilariño..... Eu felicito a *Paco Vilariño*. Cada un fala da feira segundo lle vai; non vou corrixir o que dixo. Non quero perder un segundo máis. Simplemente dicirle que lle recomendo ou que se prepare máis para a delegación de sanidade ou pasala a Vilariño. Seguramente o fai como vostede ou mellor.

D. Nicolás González Casares: Por alusións caninas. Se vostede revisa os plenos anteriores, estamos repartindo esta moción *Paco Vilariño* e eu. O BNG fixo o seu traballo no Parlamento. Estamos repartindo o asunto, pero eu interveño. Como non quixo facer moito caso á miña moción ou á miña intervención, que debería de facelo pola falta de respecto institucional da Xunta. Agora quere desviar a atención. En canto á Consellería de Sanidade, nas competencias que teño dende logo nunca se fixo un traballo igual neste Concello.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu para rematar este tema antes de pasar á votación. Eu entendo que lles afecta este tema. É lóxico. Aféctanos a nós. Pero o que estou vendo neste debate, a aquel señor (concelleiro non adscrito) e do PP é frivolar e facer chascarridos, se dobermans do tema máis importante que hai agora mesmo en Lalín. A min sorpréndeme negativamente porque teño outro concepto do nivel que teñen vostedes politicamente e sorprende moitísimo, porque non é un tema menor, nin un tema calquera. Eu insisto e a pesar do que dixeron dos meus compañeiros de goberno, que ademais son portavoces do seu grupo e teñen criterio propio, aínda que loxicamente falamos das cousas. Eu non son dono de ninguén aquí. Cada un fai o seu traballo coordinado. Eu o que pido é que non frivolicen con este tema, o máis importante. Insisto se queren ir da man, imos. E se non queren, non imos ir. Pídolles que se sumen polo interese dos veciños de Lalín. Ademais cónstame que están enfados con este tema. Estou convencido porque coñezo ao *Sr. Crespo* dende que teño uso de razón. Creo que incluso ten que estar moi cabreado con este tema e que loxicamente

non o pode dicir en público, pero estou convencido porque coñezo o seu nivel de responsabilidade cun tema tan importante.

Que non o recoñeza neste Pleno, na prensa ou onde sexa, pódoo entender perfectamente; pero estou seguro que vostede ten un cabreo co conselleiro de órdago porque senón eu non coñezo a vostede de nada e creo que o coñezo bastante ben. Seguramente neste Pleno sexa o que mellor o coñeza xunto co *Sr. Rodríguez*. Seguramente e como teño un bo concepto como político de vostede e que foi alcalde durante moitos anos, a pesar das nosas diferenzas políticas que non persoais, estou convencido de que está cabreado.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por UNANIMIDADE dos asistentes, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a moción, adoptándose o seguinte acordo:**

O Goberno municipal de Lalín leva dende o inicio de mandato esixíndolle á Xunta de Galicia o cumprimento dos acordos asinados para a construción inmediata e indubitada dun Centro de Alta Resolución que inclúa PAC e Centro de Saúde. Malia as reiteradas solicitudes realizadas neste sentido e ás iniciativas aprobadas en Pleno nos últimos meses, a Consellería de Sanidade segue sen dar resposta ás lexítimas demandas do Concello de Lalín con respecto á posta en marcha dunha infraestrutura fundamental para dar resposta ás necesidades sanitarias de Lalín e do conxunto da comarca.

Chama a atención, neste punto, o silencio do Partido Popular que, ao tempo que amosa unha actitude belixerante coa Deputación de Pontevedra polo Viveiro de Empresas, mantén unha submisión absoluta ante a Xunta de Galicia polo proxecto do CAR, algo que só se pode entender dende a óptica de quen segue a moverse en parámetros partidistas no cando de facelo a prol dos lexítimos intereses e do benestar dos seus veciños.

Á vista do anteriormente exposto, o Pleno, **ACORDOU:**

1. Esixir á Xunta de Galicia -e concretamente á Consellería de Sanidade- unha folla de ruta clara e medidas contundentes para a construción do Centro de Alta Resolución (CAR) en Lalín.
2. Que o Pleno da Corporación municipal acorde a creación dunha comisión para o seguimento destas medidas.
3. Esixir á Consellería de Sanidade que reciba de xeito inmediato a esta comisión unha vez creada.
4. Declarar de prioridade absoluta para o Concello de Lalín a construción do Centro de Alta Resolución.

7.- EXPEDIENTE 4391/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA ESIXIRLLE Á DEPUTACIÓN QUE ADOPTE MEDIDAS CONCRETAS E CONTUNDENTES PARA POTENCIAR O VIVEIRO DE EMPRESAS DE LALÍN.

Deuse conta do presente expediente e da moción do goberno presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 20 de setembro de 2017 co número de rexistro de entrada 7569. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 27 de setembro de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Unha cuestión de orde aquí hai dúas mocións moi semellantes queren que as debatamos conxuntamente?. Nós imos votar a favor da súa e da nosa sen problema ningún, se queren que as defendamos conxuntamente eu creo que poderíámolo facer, se lle parece ben.

D. Xosé Crespo Iglesias: Por nós non hai inconveniente de defender as dúas conxuntamente, pero as votacións separadas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ou sexa que a nosa van votar que non, pero nós podemos votar a súa que si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Déixeme que haxa o debate.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Como gústalle dicir a vostede eu de parvo teño pouco.

D. Xosé Crespo Iglesias: A min non me importa debater as dúas mocións e logo votamos cada unha independentemente.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale, pois proceda, se é tan amable.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, a moción é do grupo de goberno. Procedan vostedes.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ah xa está na nosa, perdón. Digo que como quedaramos así xa lle cedía a quenda, e era para que tivesen tamén a última quenda vostedes. Entón quedamos en facer unha soa moción con dúas votacións. Eu é o que ofrezco é, se queren vostedes, defendela primeiro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Imos pola mesma orde que estaba que non hai problema.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale é un ofrecemento, nada máis.

D. José Manuel Fernández Taboada. Bos días a todos e a todas, dar a benvinda a *Chus* e a Interventora.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que non está.

D. José Manuel Fernández Taboada. Non está, pero bueno que quede. O

grupo de goberno é consciente de que o viveiro de empresas non está cumprindo para nada as expectativas que había. O plantexamento inicial que se fixo para a súa construción é totalmente errado dende o momento que nin se fai un estudo de viabilidade.

O motivo desta moción para este Goberno é a prioridade absoluta e a dinamización e posta en marcha do viveiro para facelo máis atractivo e potenciar a creación de posibles emprendedores.

Este Goberno está decidido a apostar polo viveiro. De feito xa estivemos reunidos co Xerente da empresa alí ubicada para analizar os problemas reais aos que se enfrenta o día a día.

Por outra banda, este Goberno xa se puxo en contacto coa Deputación para traballar nas melloras que fagan máis atractivo o viveiro para futuros usuarios. Na vindeira semana a Deputación presentará un plan de dinamización. Os acordos que nós pretendemos e traemos con esta moción non distan moito dos que vostedes presentan na súa: o punto número un é practicamente idéntico e como acabo de expoñer na primeira quincena do próximo mes estarán en marcha; en canto ao número dos, e para ir rematando, estamos de acordo de crear unha comisión de seguimento do funcionamento do viveiro.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Concelleiro non adscrito?. Nada de este tema.

D. Xosé Crespo Iglesias: Despois desta exposición tan ampla por parte do goberno, cando vostedes fan mocións eu entendo o xogo político que é normal e que é inherente ao mesmo, pero eu o que lle pediría é que por decencia política que cando menos fagan algo de traballo, é dicir, fan a moción do CAR con dous parágrafos e fan a moción do viveiro de empresas con outros dous parágrafos.

Curiosamente nós rexistramos a nosa moción o día 19 de setembro e vostede rexistran a súa un día despois que é corte e pega puro e duro da nosa; oiga, se nós presentamos unha moción hoxe, que vostedes mañá presenten unha parecida, cando menos documéntena un pouco.

Miren as súas mocións, porque deberon facer as dúas no mesmo forno é tan concienciadamente que poñen dous parágrafos. A nosa moción leva cinco folios. Como mínimo hai que documentala un pouco. Se nós presentamos unha moción e vostedes queren presentala igual, pois eu creo que é cuestión de que vostedes expoñan o que teñan que dicir na nosa moción, non que teñan que presentar unha moción para intentar tapar a nosa. Eu pedín que se votara por separado, porque nós coa súa moción non estamos de acordo. Non polo acordo final que propoñen, que aí si estariamos de acordo, porque é igual que o noso practicamente, pero a exposición de motivos aparte de ser insuficiente é ridícula é de traca. Di: “chama atención neste punto o silencio do partido popular que ao tempo que amosa unha debilidade e unha actitude belixerante coa Deputación de Pontevedra”.

Nós imos a propoñer unha transaccional para votar a súa moción a favor. Primeiro dicir que o viveiro de empresas a Deputación tomouno a cachondeo, aínda que vostedes non o queiran recoñecer. Eu supoño que vostedes deberían estar molestos, supoño non o sei, coa Deputación, cando a Presidenta ven aquí e no Pazo de Liñares que é municipal di que o viveiro de empresas que foi un erro xusto cando un ano antes en declaracións que nós temos. O problema é a hemeroteca moitas veces. Di claramente que o viveiro de empresas é un éxito rotundo, que hai máis demanda que cartos, que as naves de abaixo que teñen multitude de solicitudes e que nas de arriba hai tantas peticións que probablemente en breve haxa que ampliálo. Eu pregunto: Vostedes

permiten que a Presidenta da Deputación faga o que está facendo?. Mire: gasta máis a Deputación nos chupa-chups que se reparten ao redor de Balaídos que no Plan Concellos, por moito que vostedes digan. A Deputación está sendo fundamentalmente unha Concellería de Vigo para que *Abel Caballero* faga ó seu antollo o que lle dea a gana en Vigo e a Deputación.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Parecen dúas mocións.

D. Xosé Crespo Iglesias: Estou facendo dúas mocións nunha. Poderei tardar máis que *Vilariño*, digo eu.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Digo porque fixeches a introdución da transaccional.

D. Xosé Crespo Iglesias: É que a transaccional fágoa ó final para que se a aceptan, votamos a favor e se non aceptan votamos en contra. Déixeme facer unha exposición de motivos. Eu non quero despachar unha moción con dous parágrafos aínda que se poda explicar en dúas palabras porque é fácil de explicar. Dígolle que as Deputacións se crearon para o que se crearon e logo os concellos pequenos e medianos tiñamos que ter a nosa parcela. Certo é que baixo o goberno do PP a Deputación de Pontevedra non tivo un motivo claro dende a súa fundación porque fundamentalmente estivo presidida por xentes de Vigo e Pontevedra. Pero chegou un ruralista o poder da Deputación e dixo que os veciños que viven no rural e nas aldeas teñen o mesmo dereito de desfrutar as infraestruturas eles que as que desfrutan as cidades. Veu outro que seguiu a mesma ruta ruralista que está mal chamada porque é de concellos pequenos e medianos. Logo veu un terceiro presidente e seguiu con esa misión. Logo veu un cuarto presidente e seguiu con esa misión. Veu a quinta presidenta, a primeira vez que hai unha muller, e o meu gozo nun pozo: volven as deputacións a ter o seu principal *leitmotiv* en Vigo e Pontevedra, xusto as cidades ás que non lle fai falta e que incluso xustificaría unha moción para propoñer que as cidades queden fóra do orzamento das deputacións. As deputacións naceron para que haxa uns presupostos do Estado e os polaricen aos pequenos e medianos concellos; as deputacións son para os concellos pequenos e medianos e non para os grandes.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: O viveiro, por favor.

D. Xosé Crespo Iglesias: Permitame a metade do que tardou *Paco Vilariño*, non lle chamou a atención a *Paco Vilariño*.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Todo o que queira.

D. Xosé Crespo Iglesias: Estamos debatendo dúas nunha. Eu permitinlle debater dúas nunha co dobre tempo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero si podemos falar do tema mellor.

D. Xosé Crespo Iglesias: As Deputacións están para o que están e dende logo en Lalín temos un problema co emprego e no seu momento decidiuse facer un viveiro de empresas que non é facer unhas naves alí en baixo para que a xente empece é algo máis que iso. Un viveiro de empresas dino as dúas empresas que hai

alí e que se non se toman medidas iranse, vostedes ben o saben ou o deberían saber. Podían preguntar o señor *Vilariño*, non *Paco*?. Porque os coñece perfectamente, podería preguntar se esas empresas están contentas alí porque eu sei que as coñece persoalmente e diríanlle que non porque a Deputación non cumpriu para nada o programa que firmamos na nosa etapa co Incide que puxo 80% dos fondos para a construción do viveiro a Deputación puxo 20% e logo puxeron cartos a maiores para dinamizar e arrancar os viveiros. Onde están eses cartos?. Que se fixo con eles?. Que programas de dinamización se fixeron para captar novas inquietudes? Practicamente ningún, iso é un paripé. O viveiro de empresa é alugar unhas dependencias como pode alugar calquera lugar que haxa en Lalín, se me apuras mellor porque por non ter non ten acceso a fotocopiadora, ten unha para todos baixo chave nin se quere a deixan utilizar, non hai conexión entre o que podemos chamar portería e as distintas naves, alí esta traballando nunha empresa e se quere falar coa persoa que está en recepción ten que saír do seu despacho e ir a falar con ela persoalmente porque non hai conexión telefónica, porque non a deixaron prevista; non hai cobertura para os móbiles. Nesta casa era moi complicado pola estrutura de formigón e hai repetidores para a telefonía móbil.

D. Nicolás González Casares: Menos no ascensor.

D. Xosé Crespo Iglesias: Senón nesta casa tampouco habería cobertura móbil. Sabe canto custou iso? Tres pesetas. É absolutamente desidia. En tódalas plantas hai un ou dous repetidores para que haxa cobertura de móbiles dentro do Concello, pero o viveiro de empresas non ten cobertura de móbil e ten que saír fóra ou á terraza para chamar por teléfono. Está totalmente abandonado o viveiro de empresas e a Presidenta e o equipo do goberno da Deputación ten moita responsabilidade porque se hai un ano dixon que había que ampliálo, porque había moitas solicitudes que nadaban na abundancia, un ano despois di que foi un erro. Unha de dúas: volvemos ao de barrio sésamo ou minte agora ou mentiu antes? Se había tanta demanda, que pasou con esa demanda?, Nun ano esfumouse toda? Eu creo que era mentira o que nos contou aquí a Presidenta da Deputación e vostedes como goberno municipal co convenio que se asinou con ela deberían esixir o cumprimento dese convenio. Xa lle dixen que non nos tratan igual que a Barro de Meis. O Concello de Lalín puxo un terreo totalmente totalmente gratuíto para o viveiro de empresas. Á Deputación o viveiro de Lalín custoulle cero euros e as licenzas cero euros, perdón o da licenza non o teño claro e ao mellor pagaron a licenza. Pero Barro Meis foi posta en dúas parcelas do polígono que estaban feitas e a Deputación ese terreo o estaba vendendo a un montón de cartos. Que pasa: que non hai que contabilizar?, En Lalín non nos contabilizan os terreos e en Barro de Meis tampouco, para despois de dicir que o metro cadrado de Lalín é máis caro que en Barro Meis?. Que fixo goberno de Lalín para esixir o que é noso? Unha desidia completa. Polo tanto, a Deputación no tema de viveiro de empresas non o está facendo mal o está facendo peor, porque peor imposible, porque se as dúas únicas empresas que hai alí queren irse. Que para que lle aluguen un local poden encontrar outro máis barato. Non cabe dúbida que alí algo falla. Vostedes tiñan que dicirlle á Deputación: “a min no me tome o pelo; vostede non está cumprindo co que firmou co Concello de Lalín e non se nos está respectando”. Porque volvo a dicir que hai un agravio gravísimo porque en Barro Meis as parcelas da Deputación non as repercutiron no prezo. Por iso sae máis caro que o de Lalín. Se non, as contas no cadran. No solar onde se instalou Barro Meis custoulle un pastón á Deputación e non o contabilizou e aquí tampouco.

Polo tanto, póñase as pilas e exíxalle á Deputación o que é dos lalinenses e

dos dezás. O convenio que se firmou coincide e non se está a cumprir. Non sería raro que cando regulen o convenio lle digan á Deputación de Pontevedra: devólvame o que non gastou no viveiro de Lalín, porque alí había cartos para arranxalo. Eu que saiba para arranxalo salvo un acto de inauguración que por certo ao que moi elegantemente non me invitaron e despois ao día seguinte pedíronme desculpas porque dixeron que eu tiña que estar presente porque non tiveron moito co viveiro pero a Presidenta da deputación tampouco.

Aclarado de que nós queremos que o viveiro se dinamice para o fin de que realmente ten que valer. É polo que lle dixemos que a súa moción poñer dous miserables parágrafos ao día seguinte de presentar na nosa raia a indecencia política. Pensen algo máis. Eu non digo que se nós metemos cinco folios lle metan cinco folios; pero non lle metan dous parágrafos.

A transaccional que vou facer é a seguinte: vostedes no segundo punto da moción do CAR poñen “chama a atención o silencio do PP que o tempo que amosa unha actitude belixerante coa Deputación de Pontevedra polo viveiro de empresas mantén unha absoluta submisión fronte a Xunta de Galicia polo proxecto do CAR, algo que só se pode entender dende a óptica de quen se move en parámetros partidistas, no cando de facelo a prol dos lexítimos intereses e do benestar dos seus veciños”.

Nós a súa moción non porque sexa un corta e pega da nosa, senón porque no parágrafo que pon non di nada nin lle dan ningunha caña á Deputación, propoñemos que lle poñan o segundo parágrafo do CAR pero cambiando os parámetros.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Rematou?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que poñan o parágrafo dicindo. Chama a atención o silencio do goberno de Lalín ao tempo que amosa unha actitude belixerante coa Xunta de Galicia no caso do viveiro de empresas mantén unha submisión absoluta ante a Deputación de Pontevedra polo que non se fai no viveiro de Lalín, algo que só se pode entender dende a óptica de quen sigue moverse en parámetros partidistas e cando de facelo a prol dos lexítimos intereses dos veciños de Lalín”. Se vostede mete ese parágrafo no terceiro parágrafo.....

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Crespo: aceptada a transaccional.

D. Nicolás González Casares: Pero como ve, vostedes votan tamén a súa submisión?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós na moción do CAR, votamos a favor. Ou non?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos de acordo, aceptamos a transaccional.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu digo para que quede claro.

D. Nicolás González Casares: Somos todos submisos agora.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Entendendo perfectamente que é un tío con estudos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Secretario quere que o repita ou está claro?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Aceptada a transaccional de submisos a submisos. Despois do dito que aceptamos, hai unha diferenza bastante importante se mo deixan expoñer. Nós como fixo a introdución o felicitamos. Estamos de acordo que non está a Deputación de Pontevedra á altura das necesidades do viveiro. Tan de acordo estamos que nós solicitamos á Presidenta da Deputación unha reunión para falar deste tema e o día seguinte chamoume e convocoume a unha reunión no seu despacho e que me traía moi bos recordos, por certo facía vinte e sete anos que non entraba alí.

Xa me dixeron que levaban tempo, iso me dixo a Presidenta, traballando nun plan para potenciar o viveiro de empresas e que con toda seguridade, a vostedes xa lle digo preventivamente que non o coñezo, sei as achegas que lle pasamos á Deputación despois de reunirmos cos viveiristas e completar este plan que espero telo esta tarde. Díxome a Presidenta que levaban traballando tempo niso e ímolo presentar conxuntamente o luns ás 10:30 horas da mañá, por se quere pasarse por alí. Queda convidado neste momento. Ao día seguinte estivemos coa Presidenta.

Co tema do CAR non nos reciben. Eu creo que é unha demostración de respecto institucional polo menos da Presidenta que lle dixen claramente que non me gustou nada que viñera a Lalín a alterar o poleiro por este tema, porque eu digo as cousas porque o que me interesa...

D. Xosé Crespo Iglesias: Díxenlle que non me gustou que viñera a alterar o poleiro, deume unha serie de explicacións que me puideron gustar máis ou menos e o entendo humanamente como estou seguro que vostede lle dixo a Almuíña que non lle estaba gustando o que estaban facendo co CAR. Pero eu o digo en público e espero que o plan que espero coñecer esta tarde estea á altura das expectativas para un tema tan importante polo emprego de Lalín como é o viveiro de empresas. Estar reunidos o concelleiro de emprego máis eu cos viveiristas e trasladar as achegas que eles teñen que polo que sei son as mesmas que lle trasladaron aos técnicos da deputación. A diferenza é esa, a min dáme igual que na moción vaia duns ou outros é o que menos me importa. O que me importa é o traballo. Dinos que hai un par de parágrafos. É a segunda vez que o din. Eu creo que non somos sospeitosos de traballar. Algunha vez que eu lle dixen que non traballaban moito, subíanse polas paredes. Por certo non vou entrar en quen traballa ou non, porque é evidente que nós traballamos. Vostede verá quen traballa ou non e o asunto seu non meu. Que lle quede claro que por enriba de que non é do meu partido aínda que teño amizade persoal con ela, por enriba están os intereses dos veciños de Lalín en calquera tema, dáme igual quen governe na Deputación se é o BNG, PSOE. Saben que teño unha magnífica relación, pero sempre lle direi como lle dixen á Presidenta: non me veñas a Lalín a alterar o poleiro. Díxenllo e repétireino as veces que sexan. Aceptamos a transaccional porque o que queremos é traballar para que os emprendedores en Lalín, pobo de emprendedores. Algo de empresa eu sei ou intento saber. Creo que é moi necesaria esa infraestrutura para dotar aos emprendedores en Lalín que os hai, moitos e moi bos, buscando oportunidades de poder facelo.

Neste momento asumo a crítica de que non o están a facer e polo tanto pensamos traballar para que isto sexa posible. Primeiro os intereses dos lalinenses e logo a política. Eu non lle aludía nada persoalmente, pero o que queira, adiante.

D. José Manuel Fernández Taboada. Sr. Crespo levo quince días aquí, non sei se o sabe. Levo pouco tempo aquí pero non sei como se mide o traballo. Traer aquí unha enciclopedia non creo que sexa medir o traballo; hai que ir os problemas

reais.

D. Xosé Crespo Iglesias: Fixo vostede a moción?.

D. José Manuel Fernández Taboada: Si.

D. Xosé Crespo Iglesias: A moción do viveiro que defendeu vostede, a fixo vostede?.

D. José Manuel Fernández Taboada: Estamos facendo a do viveiro de empresas non sobre o CAR.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu digo se fixo vostede a do viveiro?.

D. José Manuel Fernández Taboada: Si, axudado pola anterior de emprego.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que onte estaban reunidos.

D. José Manuel Fernández Taboada: Non creo que se midan por cincuenta folios. Se falamos de viveiro de empresas non sei a que saen outras cousas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: É un clásico non te preocupes.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostedes non sei se o saben, pero deberíano saber levan dous anos e pico gobernando e o cualificativo que vou utilizar non é moi adecuado. Entón non sendo moi adecuado non o vou a utilizar. Con isto de machismo e feminismo xa pode parecer calquera cousa. Referíame á muller do César.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Dixéchelo moitas veces.

D. Xosé Crespo Iglesias: O que quero dicir é que estas mocións van para outros organismos. Eu xa sei que unha porcentaxe altísima de mocións que chegan dos concellos aos ministerios, á Xunta ou á Deputación van para o caixón de sastre onde está todo e realmente pouco as miran.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Presentamos o luns que ven.

D. Xosé Crespo Iglesias: Aínda que sexa así admitido. Eu creo que se o Concello de Lalín manda unha moción hai que razoar na exposición de argumentos moito máis do que razoades. Eu non digo de facer unha enciclopedia eu digo que nos expliquedes a nós porque nós cando falemos do tema do CAR ou cando falemos do viveiro de empresas estamos de volta, porque levamos moito tempo falando diso. Non é para nós é para os que lle chegan a información, porque se a Deputación ou a Xunta de Galicia actuara normal e collera a moción e lera a exposición de motivos ten que ter conta o que lle poñen. Estas dúas moción de hoxe non teñen conta, porque esas redaccións se redactaron en tres minutos. Eu podo entender que o concelleiro que acaba de entrar non tivera moito tempo. É normal, pero o grupo de goberno leva funcionando e saben do viveiro de empresas, porque nós levamos protestando. Dese conta que nós fixemos unha moción no mes de febreiro deste ano que ven a dicir case o mesmo. Pregúntome eu: que fixo o goberno dende a nosa moción? O que di *Juan*

José Cruz: nada.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é certo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu podo entender que a Deputación as tire ao caixón de sastre, pero o Concello de Lalín non debía. Non lle podo preguntar ao concelleiro que a defendeu porque ten dereito a non sabelo, pero pregúntolle a calquera membro do grupo de goberno. Dende a moción que se aprobou no mes de febreiro do PP por unanimidade, que xestión se fixo?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Podo contestarlle a iso? Falamos vinte veces coa ex-alcaldesa de Silleda deste tema.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pouca xestión se puido facer. Entón permítame que se falara coa asesora da Presidenta vinte veces e chega a Liñares a dicir o que dixo aquí algo me falla. Eu sigo con barrio sésamo. Vostedes chamaron dende febreiro vinte veces á Deputación?. E vostede di que ven e lle alteran o galiñeiro.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Crespo non sei cal dos dous é o monstro das galletas polo que di de barrio sésamo nin o draculín aquel que contaba os números. Só unha cousa, dicirlle que o que di se cae polo seu propio peso cando lle digo a Presidenta que por aí non.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o que lle quero reprochar o Goberno de Lalín é que dende febreiro que se aprobou unha moción nosa por unanimidade non fixeron dende esta casa nada e se o fixeron como din vostedes na Deputación tómaslle o pelo porque logo de facer vinte chamadas ven a Presidenta aquí descolgarse non só co de viveiro senón chamarlle inversión a que en Mouriscade se gastou 1,8 millón de euros en inversión, cando é o que custa o persoal. Que a iso lle chame unha inversión unha Presidenta é de traca.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que parte de que non nos gusta o que está facendo a Deputación co viveiro non entendeu? .

D. Xosé Crespo Iglesias: Déixeme acabar, estamos debatendo dúas mocións. Gústalle interromperme para cortarme o fío, déixeme acabar e logo fale vostede.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Prégolle desculpas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o que quero dicir é que as mocións cando van para outro organismo non dan por sobreentendido o que nos entendemos porque nós estas mocións coñecemos, onde van destinadas non as coñecemos polo tanto a exposición de motivos non poden ser dous miserables parágrafos aínda que sobre para nós non sobran para os organismos dirixidos sexa a Xunta sexa a Deputación. A Presidenta da Deputación logo de vir aquí a dicir as lindezas que dixo agora ten que facer da necesidade a virtude, e a min paréceme moi ben que a nosa resposta á Presidenta da Deputación e máis á nosa moción que vostedes calcaron ao día seguinte teña como finalidade e xa me dou por satisfeito que agora se tomen cartas no asunto. Iso si que é o que me xustifica o traballo que fixemos dende o grupo do PP que agora a Deputación e máis vostedes a ver se é certo que eu desconfío, ogallá tomen cartas nese asunto. Nós na nosa intervención dixemos dúas cousiñas que

poden ser claramente motivadores do que agora van facer dixemos que non se estaba cumprindo o convenio e que a Deputación se non fai o plan ten que devolver cartos por eso agora lles ven, non sería máis correcto que o día que veu a Liñares hai dúas semanas a dicir as sandeces que dixo xa dixera que estaba preparando un plan? Non, tivo que vir aquí para vender que fai máis que ninguén no Plan Concellos sendo mentira para que nós lle responderamos, que fagan da necesidade a virtude paréceme moi ben, per nin a Deputación nin este goberno estivo a altura do viveiro de empresas. Así que gracias a nosa moción se vostedes presentan outra e apretan á Deputación benvido sexa, pero a metedura de pata da Presidenta é grave, non só no viveiro de empresa, senón en todo o resto que dixo; é grave. Polo tanto, actúen e non nos conten milongas, que chamaron á Deputación vinte veces porque nos queren tomar por tontos? Non lle teño dito que o máis parvo dos vinte e un ten capacidade para facer avións, aínda dos que non sexan dos que voan e metálicos, pois de papel, canto menos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu xa lle dixen que de iso tiña algunha dúbida.

D. Xosé Crespo Iglesias: Os que estamos aquí temos capacidade de facer avións, porque nos contan a milonga, cando saben que eu sei que o conta. Cando pasei pola Deputación inimigos deixei, pero tamén amigos e cóntanmo. Eu por onde pasei deixei algún amigo tamén; digo que algún inimigo probablemente. Eu sei que vostedes o que nos contan é unha mentira. Vostedes dende a moción de febreiro non fixeron nada, porque se o fixera a Presidenta, que non é tonta, porque está moi centrada en Vigo. Tonta non é, non faría o que fixo. Fixeron cero dende a moción de febreiro, así que: “póñanse as pilas e poñan a funcionar o viveiro de empresas que custou moitos cartos e nos fai moita falta.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas gracias *Sr. Crespo*. Vou utilizar os mesmos termos que vostede utiliza dentro de barrio sésamo cerca. Eu vexo de cerca, lonxe e de todo iso eu creo que vostede non o ten moi claro porque non é capaz de entender que o luns se presenta un plan para o que vostede está pedindo. Vexo que non foi capaz de entender iso en termos políticos. Dime que non fixemos nada, que non falamos nada. Non é certo. Vexo que hai convenios de primeira e de segunda. Se non se fai o CAR, os propietarios ao mellor poderían reverter os terreos, que supoño que non lles interesara. Tamén é posible. Disto non nos falou nada, verdade *Sr. Crespo*?. Vexo que para vostede hai incumprimentos potenciais, convenios de primeira e de segunda polo que vexo. Para mi non. Para min son os dous porque me afectan os dous e aféctanlles a tódolos lalinenses. Iso que quede ben claro. Sei que hai un plan da Deputación que eu aínda non coñezo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Cando veu ao acto de presentación no Pazo de Liñares estuvéstedes con ela. A nós non nos invitaron.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A min chamáronme o día anterior. Coa deputación polo tanto hai temas como do viveiro que non estamos de acordo.

D. Nicolás González Casares: Fomos os dous á Deputación.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se ve o resultado.

D. Nicolás González Casares: En tódalas comarcas están facendo algo similar.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Remato. Para este goberno non hai convenios de primeira ou de segunda en función do que sexa o tema. Dicar que fomos recibidos co máximo respecto institucional por parte da Presidenta da Deputación. Por certo eu ideoloxicamente son contrario ás deputacións. Este xa é outro debate. Pero que quede claro tamén e punto terceiro. Creo que así funciona a política recibindo e falando coa xente. O luns vamos a ter ese plan ás 10:30 horas e estou convencido de que por cuestións políticas non lle vai gustar, sen coñecelo aínda. A diferenza deste goberno e do PP é que nós dicimos á Deputación que por aí non e vostedes co do CAR tragan o que faga falta. Aínda fáltalle a expresión “Sr. Almuiña por aí non”. Eu díxenlla a Carmela: “Por aí non”, comigo polo menos e co Tenente Alcalde tamén que estaba comigo na reunión e deixámoslle as cousas bastantes claras de que non nos gusta isto. Eu considérome amigo persoal dela.

D. Nicolás González Casares: Moita máis da que pensas.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Imos ter o Pleno cun pouco máis de orde. Prégolles por favor. Unha vez aceptada a transaccional que emite o PP e que nós aceptamos, entendo que facemos unha soa votación; é o lóxico.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitos silencios para un tema tan importante

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se escoita.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero acabamos de dicir que como aceptamos a transaccional.

Sometida a votación ordinaria a moción do goberno mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por UNANIMIDADE dos asistentes, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a moción, adoptándose o seguinte acordo:**

O Goberno municipal de Lalín considera que o Viveiro de Empresas emprazado no polígono Lalín 2000 é unha ferramenta imprescindible para contribuír á dinamización económica do municipio e unha oportunidade real para a creación de emprego nun momento no que se fai imprescindible poñer todas as facilidades para que a xente poida acceder ao mercado laboral. Con todo, dende a súa entrada en funcionamento en abril do ano pasado, o Viveiro -debido ao mal deseño que dos seus servizos e dimensións fixo o anterior Goberno da Deputación- non está a cumprir o obxectivo fundamental para o que foi posto en marcha. Esta circunstancia reflíctese de maneira clara no seu índice de ocupación e nos servizos que ofrece, o que demostra que non está a ser o suficientemente atractivo para os emprendedores.

É por iso, polo que xa en días pasados, o Goberno lle reclamou á Deputación Provincial de Pontevedra que adoptase todas as medidas necesarias para potenciar a actividade do Viveiro de Empresas emprazado no polígono Lalín 2000 co obxectivo de darlle rendibilidade aos investimentos realizados con diñeiro público e, en consecuencia, para dotar de contido e servizos ás infraestruturas coas que contan as administracións. Trátase dunha posición que o Goberno defende en prol dos intereses xerais da veciñanza e que se sitúa por riba dos intereses dos partidos políticos que Gobernen en determinado momento unha administración.

Chama a atención, o silencio do goberno que ao tempo que amosa unha actitude belixerante coa Xunta de Galicia no caso do viveiro de empresas mantén unha submisión absoluta ante a Deputación de Pontevedra, polo que non se fai no viveiro de Lalín, algo que si se podería entender dende a óptica de quen segue a moverse en parámetros partidistas, no cando de facelo a prol dos lexítimos intereses e do benestar dos seus veciños.

Á vista do anteriormente exposto, **ACORDOUSE:**

1. Esixir á Deputación de Pontevedra unha folla de ruta clara e medidas contundentes e eficaces para potenciar o Viveiro de Empresas de Lalín.
2. Que o Pleno da Corporación municipal acorde a creación dunha comisión para o seguimento destas medidas.
3. Declarar de prioridade absoluta para o Concello de Lalín as medidas para a potenciación do Viveiro de Empresas.

8.- EXPEDIENTE 4380/2017. MOCIÓN DO PP PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN A QUE ELABORE UN PLAN DE DINAMIZACIÓN REAL DO VIVEIRO DE EMPRESAS DE LALÍN E QUE O GOBERNO CREE UN GRUPO DE TRABAJO PARA O SEGUIMENTO DO VIVEIRO.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 19 de setembro de 2017 co número de rexistro de entrada 7470. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 27 de setembro de 2017.**

As intervencións deste punto fíxose conxuntamente co punto sete da acta (Expediente 4391/2917). Moción do Grupo de Goberno para esixirlle á deputación que adopte medidas concretas e contundentes para potenciar o viveiro de empresas de Lalín). Sen embargo, no traslado incorporárase as intervencións nos devanditos puntos da acta.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE dos asistentes**, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a moción, adoptándose o seguinte acordo:**

O Viveiro de empresas de Lalín comezaba a funcionar o pasado 24 de abril de 2016 cuns ratios de ocupación moi baixos -só dúas empresas ocupando as oficinas e coas naves e o espazo de coworking totalmente baleiros- que viñan provocados por uns prezos moi altos con respecto ao mercado libre, e por tanto pouco competitivos, por un proceso de dinamización moi deficiente e por uns servizos máis propios dun sistema de aluguer de espazo comercial, que non dunha instalación de apoio aos emprendedores.

Pese á escasísima ocupación, a presidenta da Deputación, *Carmela Silva*, apenas un día despois do acto inaugural, o 25 de abril de 2016, comentaba no acto de sinatura de incorporación dunha das empresas ao viveiro a súa satisfacción pola boa marcha desta instalación radicada en Lalín e anunciaba que só quedaba unha oficina por ocupar e que había multitude de peticións para radicarse no viveiro lalinense. Textualmente, a Presidenta provincial indicaba no devandito acto que:

- *“...Recordan vostedes aquilo de que eran moi caras, pois parece que non era así. Porque soamente queda unha oficina e temos aparte moitas peticións para ocupala e quedan tamén tres naves que temos tamén moitas peticións para ocupalas”.*
- *Nun prazo moi breve de tempo imos ter que pensar en ampliar este viveiro de Lalín porque estivo mal planificado, xa que temos máis demanda que oferta”.*

Un mes antes da apertura do viveiro, o Partido Popular, presentou unha moción no Concello e outra na Deputación solicitando a rebaixa dos prezos do viveiro e un auténtico plan de dinamización e potenciación para o mesmo. Plan que foi desatendido e rebaixa que se denegou apoiándose no suposto alto interese dos emprendedores e en que os prezos eran acaídos para permitir a implantación nesta instalación de proxectos emprendedores.

A finais de outubro de 2016, e ante a realidade de que tan só dúas empresas estaban asentadas nesta instalación de potenciación do emprendemento e de que a suposta alta demanda non era tal, a Deputación de Pontevedra decidiu rebaixar os prezos do viveiro que aínda con esa rebaixa se mantiveron por enriba dos prezo do mercado libre tanto no casco urbano como no propio polígono industrial Lalín 2000. Ao tempo, anunciou unha serie de medidas encamiñadas a mellorar os servizos ás empresas implantadas e a dinamizar a actividade emprendedora.

Á vista dun novo fracaso da Deputación no viveiro lalinense, e da confirmación de que só 2 empresas estaban asentadas, o PP de Lalín presentou ao pleno de febreiro de 2017, despois de falar con usuarios da instalación, unha moción instando ao goberno de Lalín e a Deputación de Pontevedra a poñer en marcha un plan de dinamización do viveiro, de incremento dos servizos da instalación –que ata aquel momento estaba baixo mínimos e cas fotocopiadoras baixo chave- e unha nova rebaixa dos prezos para situalos por debaixo dos prezos do mercado. Por unanimidade, a corporación lalinense aprobaba:

- *Primeiro.- Instar ao goberno municipal a que esixa á Deputación de*

Pontevedra a rebaixa inmediata dos prezos públicos do Viveiro de Empresas de Lalín para que se estableza un prezo social, por debaixo do de mercado libre, que permita o asentamento de empresas e proxectos emprendedores.

- *Segundo.- Esixir ao goberno municipal a que xunto coa Deputación de Pontevedra deseñen un programa real de dinamización do Viveiro lalinense que permita aproveitar sinerxías entre proxectos emprendedores e que contribúa á formación, apoio técnico e difusión dos emprendedores e das firmas que acolla.*
- *Terceiro.- Instar ao goberno municipal a que vele polo correcto mantemento e funcionamento de todas as instalacións das que esta dotada a citada instalación e que suscitaron máis dunha queixa por parte dos poucos usuarios cos que conta.*

Moción que pese a ser aprobada cos votos favorables dos 4 socios do goberno non suscitou ningunha acción das requiridas nela, que se saiba, xa que nos seis meses que pasaron dende a súa aprobación nada cambiou no funcionamento tanto interno como na xestión do viveiro.

O goberno municipal, coñecedor polas denuncias do Partido Popular, da situación na que estaba o viveiro de empresas do polígono Lalín 2000 non se moveu para corrixir a situación, negociar unha saída co seu goberno “amigo” da Depuración, nin para cumprir co acordo plenario; desoíndo unha vez máis os encargos realizados polo órgano de máxima representación do Concello de Lalín. En troques, o alcalde preferiu mirar para outro lado e seguir ríndolle as grazas á presidenta da Deputación que leva dous anos ninguneando a Lalín co consentimento tácito e explícito do *Señor Cuiña*.

O día 13 de setembro de 2017, durante a presentación dun balance de datos da súa Deputación máis que cuestionable e apoiado nunha comparativa vantaxista e inexacta, a presidenta da Deputación daba unha nova volta á condena que decretou sobre o viveiro lalinense e acabou dicindo, preguntada polos xornalistas, que:

- “O viveiro de empresas de Lalín non era necesario e non funciona, foi un erro, pero xestionaremos novos servizos”

Unhas declaracións recollidas polos medios de comunicación lalinense que deixan retratada á presidenta provincial que, ademais de mentir na ocupación e na xestión do viveiro en abril de 2016, conta agora unha cousa que é a contraria do que dicía na apertura do viveiro. Ou lle mentía aos lalinenses cando dixo que o viveiro estaba mal planificado porque se quedaba pequeno nada máis arrincar o mentiu hai uns días cando dicía que non era necesario ou non funciona. Declaracións que ademais denotan o escaso interese que ten o organismo provincial en dinamizar unha instalación abandonada tanto polo goberno de Carmela Silva como polo goberno de *Rafael Cuiña*, alcalde ao que os emprendedores mesmo acusaron de non ter aparecido pola instalación, ao estar so presente para facerse a foto da inauguración.

A raíz desas declaracións, os usuarios da instalacións e representantes das dúas empresas alí asentadas amosaron o seu descontento importante ca xestións e a falla de cumprimento dos compromisos de funcionamento e servizos. Emprendedores que mesmo chegaron a dicir que valoran a posibilidade de abandonar o viveiro para instalarse no casco urbano.

Entre as acusacións de desidia e abandono do arrincador de proxectos por parte da Deputación, co pleno consentimento do *Señor Cuiña* e o seu goberno, os emprendedores alí asentados queixáronse da deficiente xestión que está a provocar a

baixa ocupación do viveiro. Baixo número de servizos aos emprendedores –por debaixo do que sería un mero centro de negocios- e os que hai baixo chave e sen poder usalos, ausencia de servizos de asesoría, falta de xornadas de networking, ausencia de busca de sinerxias, falla de dinamización son algunhas das queixas dos emprendedores que ven como é imposible poder xerar os contactos con outras empresas que soen terse en viveiros operativos.

O abandono que denuncian os emprendedores deixan retratada tanto á Deputación, que non fixo o máis mínimo esforzo en cumprir a tarefa de potenciación, apoio e impulso aos proxectos emprendedores -valéndose incluso de mentiras para tapar a súa incompetencia-, como ao goberno de Lalín que permitiu durante dous anos o abandono do organismo provincial a un proxecto necesario. Unha desidia de Rafael Cuiña e o seu equipo que se traduciu, primeiro no importante retraso na apertura, e despois non preocupándose nin o máis mínimo polo seu funcionamento, dinamización e posta en marcha.

Por todo o exposto, o Pleno **ACORDOU**:

1.- Que o Concello de Lalín inste á Deputación de Pontevedra a que acometa un Plan de Dinamización do Viveiro de Empresas de Lalín real e acaído ás necesidades que implica un proxecto de potenciación, apoio e impulso ás iniciativas emprendedoras.

2.- Que o goberno de Lalín cree un grupo de traballo propio, conformado por un representante da AED, un voceiro de cada grupo político e o concelleiro non adscrito, para facer seguimento ao funcionamento do Viveiro de Empresas e que poida facer aportacións que posteriormente se elevarán á Deputación de Pontevedra ou que se acometerán, se fose o caso, con cargo a fondos municipais. Dita comisión deberá estar operativa no prazo de dous meses.

9.- EXPEDIENTE 4382/2017 MOCIÓN DO PP PARA A DOTACIÓN DE SANEAMENTO A LUGARES DAS PARROQUIAS DE LOSÓN, ANSEÁN, GOIÁS, FILGUEIRA, VILATUXE E LALÍN DE ARRIBA.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 20 de setembro de 2017 co número de rexistro de entrada 7534. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras, e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de setembro de 2017.**

Na deliberación houbo as seguintes intervencións:

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Bos días a todos. Para o PP o tema do saneamento é unha prioridade como se demostrou nos últimos anos en que foron medrando o número de lugares aos que lle demos servizo. A mellor mostra é que nos catro anos do último mandato acometéronse saneamentos en varios lugares en mesmo parroquias case completas como é o caso de Barcia, Catasós ou Moneixas onde se dotou do servizo na maior parte dos lugares; ademais acometéronse obras no lugar de Vilar, Filgueira, Espiño, Goiás, Ruta da prata en Prado, castro Arriba, Vilasoa, Laxe, Bendoiro, Vistalegre.... ademais no noso programa levábamos como punto estrela o seguir dotando de saneamento aqueles lugares que non tiveran

alcantarillado.

Nos anos que leva o goberno cuatripartito a depuradora de Zobra leva case un ano parada e sen trazas de facer os ramais a pesar que no Plan de Concellos de 2017 puxeron unha cifra de diñeiro importante, se non recordo mal entornando os 165.000€ . Estamos en setembro e esa obra está sen adxudicar aínda. Non sei que vai pasar agora coa depuradora, se vai funcionar o día que a poñan en funcionamento, porque normalmente as obras teñen un ano de garantía e creo que unha vez que fagan os ramais vai pasar do ano, ante esta situación entendemos que é necesario que se reactive a dotación de saneamento ao rural, imos presentarlle unha relación que está na moción nos lugares que deberían de facerse.

Estes saneamentos non os eliximos azar, nin por cuestións políticas. Só responden á petición dos veciños e moitas delas creo que tamén a vostedes. Nalgún caso como é o do Corpiño hai firmas entregadas o 22 de abril de 2016, onde hai unha relación de sinaturas pedindo o saneamento da maior parte dos lugares.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Abril do 2016?

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Si.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale. É que non escoitara ben. Non o nego.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Non pode negar porque está aquí escrito o rexistro.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vostedes discútanme cando lle diga que o nego. Díxenlle que non o nego.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Se fai o favor non interrompa.

A esta proposta que traemos hoxe aquí únense as peticións que temos aínda pendentes aquí e que aínda non se executaron: as de acometer a construción das novas depuradoras de Vilatuxe e Prado.

Dicirlles tamén que o coidado do medio ambiente tamén pasa pola construción de novas estruturas coma as que vostedes teñen esquecidas.

O que propoñemos na moción é que no grupo de goberno encargue os proxectos necesarios para a dotación dos lugares Devesa de Arriba, Devesa de Abaixo, Milleirós, Outeiro, Souto, Brenzos de Arriba, Brenzos de Abaixo e San Martiño da parroquia de Losón; Céceme, Delaparte, Casares e Palmaz na parroquia de Goiás; Soutullo, en Anseán; Hermida, Ribas Altas e Cima do Alle na parroquia de Filgueira; Barciela, Varela, A Torre, Saborida e Balagosa na parroquia de Vilatuxe e Outeiro e Alfonselle na parroquia de Lalín de Arriba. No segundo punto dicimos que habiliten unha partida ou que contemplan estas obras con remanentes de 2016, se os remanentes do 2016 non chegasen, pois cos remanentes de 2017, e senón que no Plan de Concellos do 2018 os metan no plan de obras na solicitude que fixo. En definitiva creo que sería un paso importante seguir dotando as nosas aldeas de saneamentos, que sería unha maneira boa de sentar poboación no rural.

Dª. Celia Alonso Caramés: Bo día a todos e a todas. Antes de nada permitirme que felicite a miña compañeira *Chus* por incorporarse.

O saneamento do rural esta mal iso, sabémolo todos os que estamos aquí. Non é de agora ou fai dous, catro ou cinco anos.

Estamos de acordo nestes lugares que vostedes propoñen en que hai que facer o saneamento, pero como estes lugares temos outros: A Xesta, Catasós, Bendoiro, Botos, Moneixas que tamén solicitan que se amplíe o saneamento.

O problema que temos é que temos que saber de onde partimos. Xa se fixo unha auditoría de depuradoras, porque en realidade hai moi pouca depuradora e moita decantadora. E desas imos ter que ir seleccionando as que temos que ir cambiando. Aa mellor forma sería poñer unha depuradora ecolóxica en lugares pequenos. Das grandes depuradoras que teñen que levar moitos tubos, ata o momento fixemos unha soa depuradora en Zobra, onde agora xa se van a facer as conexións. Imos facer outra en Vilar de Río, máis pequena tamén coas súas conexións. O importante é ir facendo en aldeas, pero novas, porque o que non podemos é seguir botado tubos a unhas decantadoras ou depuradoras que están dando moitos problemas.

Estamos facendo unha auditoría das que xa temos e o que temos que facer, e completar e cerrar o círculo. Pero tamén quérolle dicir que cando fai dous ou tres meses o Sr. Alcalde dixo que tiñamos un anuncio con cartos potentes para o saneamento.....

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non dixen iso. Dixen: Que tiñamos un anuncio con cartos pendentes.

D^a. Celia Alonso Caramés: É que temos adxudicados de fondos FEDER. Supoño que vostedes saben algo da partida 2014-2020 de 4.500.000€. Eses son moitos carto para meter. A Augas de Galicia o primeiro que lle dixemos é que ás depuradora de Prado e a depuradora de Vilatuxe, porque son fundamentais, se conectan moita xente e están en moi malas condicións. O que nos dixeron os técnicos é que o principal é facer un plan integral de saneamento e para facer este plan ían a facer como unha auditoría de todo. Estamos esperando porque isto son moitos cartos e queremos que se poñan xa en marcha.

A adxudicación das dúas depuradoras era algo moi rápido. O plan integral ía levar algo máis de tempo. Pero xa estaban en elo. O Concello ten que dedicar orzamentos e partidas para os sitios onde non hai saneamentos, nin tubos, nin nada para os concellos novos. Iso si que o íamos facer. O principal son os 4.500.000€ que son moitos cartos para o Concello de Lalín para o saneamento.

D. Juan José Cruz García: Obviamente sería repetir a primeira intervención onde habería que animar ao PP a que cada un destes acordos plenarios que a min me parecen fundamentais se respecten.

Estades facendo grandes esforzos e logo ides a parroquias como Cadrón a dicir que boten unha moeda no aire para que lugar se vai poñer o alcantarillado e en cal non. Sodes capaz de votar en contra do alcantarillado de veciños vosos e de cousas tan esenciais como estas. Sodes capaces de criticar obras faraónicas en campañas electorais e logo vides con asignacións de cincuenta millóns de pesetas e trinta millóns de pesetas para mellorar parques e poñer un carballo diante do Concello. E logo cortades carballos na A Goleta. Sodes capaces de dicir que ía ser a lexislatura ou o mandato do rural e vese facendo rotondas, fontes, pero os alcantarillados aínda non se ven.

Hoxe estou atizando un pouco ao PP. Si que na súa exposición hai que recoñecer que fixeches máis alcantarillados que o goberno. Deberíavos caer a cara de vergoña a aqueles que durante a campaña electoral chamades ás portas dicindo que ía ser o goberno do rural. O goberno do rural é ese goberno que se preocupa por arraxar palcos con cartos da deputación, cando hoxe en día e vou facer a broma ata *Pachi* ten

escenario propio.

Non sei quen va a tocar no rural se despois se ven tantos apoios ás nosas institucións e apoios ás nosas formacións. Que mal o están pasando! Tamén dásele por arranxar algúns centros sociais. Eu estiven neles e estaban en perfectas condicións e non é para nada prioridade. Pero curiosamente vai ser que *Paco Vilariño* é quen dirixe os fondos que ven da Deputación, esa Deputación que íamos eliminar, pero que agora con eses fondos se vai alí e rapidamente onde hai un niño ou un posible apoio para esta campaña electoral que estamos facendo con dous anos vista. Por iso hai que arranxar o palco de Vilanova e o palco de Moneixas. Por iso se leva os cartos a Prado.

É fundamental ordenar as prioridades e para nada é unha prioridade poñer un avión nunha rotonda, *Sr. Crespo*. Para nada é unha prioridade poñer 300.000€ en algo que estaba proposto polo PP e agora non ides ter forza moral para negarvos. Eu pediríalle ao PP que tedes que facer un esforzo e si realmente decides que aprendedes da corrección que os deu a cidadanía, iso dicilo aquí, pois hai que dicilo e obrar en consecuencia.

Son moi escéptico ante as vosas obras que se van propoñer, pero pídvos que fagades reflexión, que os reunades e que pensades moi ben o que vaiades facer o mesmo que polo que o pobo os puxo. Pensade con eses votos que ides a facer. Eles están facendo o mesmo, levando unhas obras totalmente innecesarias, cartos que se están empregando. Xusto por iso me tiven que ir do goberno. Se eu non podo postular calquera idea que teña eu para os fondos europeos, de que vamos? A onde imos chegar?

Podemos dicir unha cousa e facer o contrario durante 20-30 anos? A min só me queda a esperanza de que o PP escoite porque eu sei que probablemente eu non vaia a estar sentado no próximo mandato, pero si que sei que os vou presionar porque hai unha serie de acordos plenarios que están aí e que haberá que cumprir. Xa só me queda a esperanza de que sexades vos que o cumprides, porque en ton de adiviño creo que este goberno está perdendo os apoios e alguén terá que loitar porque se cumpran eses acordos plenarios. Facede por favor esa reflexión e o pobo de Lalín que saiba que este goberno está facendo practicamente as mesmas políticas que o goberno do PP neste últimos anos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Quero puntualizar unha serie de temas. Juan José ó poñelo ía quedar bonito. O que pasa é que non tiven esa oportunidade. Íanos custar cero euros.

D. Juan José Cruz García: E o mantemento?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non o sei. Non se ía gastar tanto: sería botar unha pintura cada catro ou 10 anos.

D. Juan José Cruz García: Será mellor facer alcantarillados que pintar avións.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, de acordo, pero unha cousa non quita a outra. É dicir o avión pódese poñer e foi unha pena que se perdera por culpa deste goberno

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non estamos falando do avión nin do barco de *Chanquete*, que está nunha rotonda tamén. Ciñámonos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vale. Eu xa sei que cando a vostede non lle convén.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: O do Phantom non me convén?. Convéñeme bastante. Ademais eu encantado. A quen non lle convén é a ti. Iremos falar do tema.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pregúntelle ao seu tío canto me ía a custar o Phantom?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non meta a familiares.

D. Xosé Crespo Iglesias: A vostede sempre lle gusta agarrar e ser o último en poñer a puntualización.

Sra. concelleira a vostede que lle teño un respecto institucional profundo como persoa, muller e como concelleira a verdade que sei que actúa de boa fe pero as veces tamén ten que ter un pouco de mesura. Fágolle unha pregunta: vostede neste mandato foi a concelleira de medio ambiente, cantos alcantarillados se fixeron en máis de medio mandato? Nós faríamos poucos, faríamos oitenta.

D^a. Celia Alonso Caramés: Nos fixemos unha depuradora en dous anos, e cantos fixo o PP en vinte e seis anos?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Dos alcantarillados empezouse a falar no 2000. Ata daquelas non se falara nin en Pontevedra. Vostede foi concelleira en Pontevedra e sabe perfectamente que houbo un plan integral o que eu protestei contra el. Eu interveño non por desautorizar a Antonio, senón porque vostede mencionou un plan que estaba esperando que alguén do goberno mencionara, para explicarlle para que é ese plan? Por que e para que naceu?. Eu creo que teñen mala información.

O gran problema da depuración en Galicia é que aquí no rural non se depuraba en ningún sitio. Entón a Xunta con moi boa fe, pero sobre todo con moita predisposición cos concellos da costa, inventou un plan para o saneamento das rías. Aos concellos das rías se lle paga a depuración e se lle dan cartos para facer saneamento integral polo tema do marisqueo e polo tema do turismo. Eu entendo que polo marisqueo e polo turismo teñan preferencia, pero se ti saneas os da costa e os do interior non, a merda do interior vai para fóra. Por tanto é un erro da Xunta de Galicia.

Eu sempre critiquei a discriminación que tiñamos os concellos do interior mentres que aos concellos de Pontevedra, Marín, etc se lle facían programas de saneamento integral, nós tiñamos que pagar cos fondos propio os nosos alcantarillados, salvo algunha vez que o fixeron en Catasós, a rede que vai por Vilatuxe, Soutolongo. Salvo cousas puntuais que nos fixo a Xunta de Galicia, o resto pagámolo todo nós e sobre todo o que é máis grave o mantemento das depuradoras de Lalín, porque os concellos da costa non pagan esas depuradoras. Iso é un agravio histórico comparativo do rural fronte á xente que vive na franxa atlántica, que teñen todas as vantaxes. Unha merda o reequilibrio territorial non se quere facer.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quen fai iso?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Quero acabar coa exposición, senón vai a medias. Polo tanto cansado destes anos, este servidor presentouse ante o conselleiro naquel momento *Agustín Hernández* e lle dixen que estaba farto de que sempre se metera cartos en saneamento pola razón do marisco e do turismo. Eu entendo que teñan prioridade, pero darlle un 80% e a nós un 20%. Despois de insistir e de nomear a Agustín fillo adoptivo destas terras e moitos de vostedes protestaron, había que pintar

uns planos para ir para alá e pedir cartos a Europa. Grazas a xestión deste grupo o Director de Augas de Galicia, non o que está agora, senón o anterior, pintou ademais dos concellos da costa e de Lalín.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Amigo. Ben ti xa verás.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pintou Lalín. Pero vostedes saben pouco que pintou en Lalín e mandaron para Europa unha petición de varios concellos da costa e de Lalín, por xestión do goberno de Lalín. Naquel momento en Europa valorárono e veu aprobado.

O que vostedes non saben é que no 2014 cando eu pactei coa Xunta de Galicia como Alcalde, que era a miña obrigación, era polos problemas da nosa mala depuración. Eu teño información de todo isto, sobre todo o que xestionou o noso grupo.

O gran problema que ten Lalín son as dúas depuradoras. A de Botos é unha boa depuradora e nunca funcionou ben. A responsabilidade é da Xunta de Galicia. Aí hai que facer unha nova depuradora. Aí hai que arranxar a depuradora que nunca funcionou. A depuradora central de Lalín tampouco nunca depurou ben, non porque a fixeran mal, senón porque ten un problema grave que vai absorber moitos cartos, e esa é a prioridade que lle vai dar a Xunta de Galicia. Ten que dar prioridade á que funcionaba mal. Por iso deron os cartos en Europa. A depuradora de Lalín grande non ten balsas de tormentas; sen embargo sen balsas de tormentas non pode depurar ben. Por tanto hai que facer unha balsa de tormentas que custa un ril e a metade doutro e que levo anos e anos pedindo. O que pasa é que non temos a separación integral de fecais e pluviais. Cando chove moito ou hai unha tronada mezclasen as fecais e pluviais. O vir tanta auga pluvial entra na depuradora e fai un barrido da depuradora e mata o biolóxico da depuradora. Mentres volven medrar as bacterias que depuran enriba o emisario que sae está xusto o rematar o lago. Se vostede van logo e camiñan ao redor verán que ao final do lago onde sae o da depuradora como sae alí a auga e o fedor que bota.

Polo tanto, que saiban que os cartos que da Europa negociados por este señor que lles fala no ano 2014 veñen para arranxar os problemas de saneamento das depuradoras porque funcionaban as dúas principais mal e as outras tamén mal as de Vilatuxe, Prado, etc.

Na depuradora de Vigo están metendo cincuenta mil millóns de euros e non chega a nada. Dín que agora hai que facer ampliacións. As nosas depuradoras feitas pola Xunta de Galicia, quedaron mal de nacemento e nós non eramos quen tiñamos que saber iso. Cando se fixo a depuradora central de Lalín nós advertímolles que non tiñamos separación de pluviais e fecais integral. Polo tanto cando hai unha tronada salta. Nós fixemos unha separación do 70 ou 80 % do casco urbano. O problema é que vías do Carragoso teñen un canal só da metade cara a arriba. Da metade cara abaixo hai separación e cando hai unha tronada entre auga por alí e fai o que fai.

Hai que facer un tanque de tormentas amplo na depuradora central. Hai que arranxar a depuradora central. Hai que alargar o emisario moito máis abaixo á altura do Polígono para algún día poder facer unha depuradora. Hai un bombeo alí no polígono 2000 a Vilar. Logo dende aí hai un segundo bombeo a Lalín, para vir a auga do polígono á depuradora de Lalín. Hai dous bombeos e enriba é unha depuración pseudoindustrial. Baixando de fronte á decantación podíase poñer alí unha depuradora *ad hoc*.

Se continua o emisario, poderíase facer, ese era o proxecto que naquel momento eu lle pedínlle á Xunta de Galicia. É polo que imos loitar e a Xunta de Galicia, se é ecuánime e eu creo que o vai ser polos seus principios, ten que recoñecer porque se

fixo ese proxecto. Ese proxecto é para iso, porque senón non están cumprindo co proxecto para nada o que pediron polo tanto que pesan que teñen que arranxar as depuradoras é un dos puntos que falta nas aldeas sen alcantarillado. Iso é importante. O primeiro que hai que arranxar é a depuración. Polo tanto que saiban vostedes que cando a Xunta de Galicia faga as auditorías pertinentes, que faga o programa, Obviamente por parte nosa imos pedir que se arranxen as depuradoras, porque foi para o que foi pedido e que saiban que eses cartos non chegan a nada, aínda que lle parezan moitos para arranxar as depuradoras. Se o fan ben, porque se colle a depuradora de Botos que sempre funcionou mal? Mire que o digo. Con gobernos da miña cor, que sempre funcionou mal dende que se puxo e, se volven facer algo así claro que no custa. Pero facer as cousas ben custa cartos e unha vez máis non estamos dispostos ou non deberíamos estar e teríades que sumarvos vostedes de que os concellos do interior si que temos dereitos como os da costa. Por que aos da costa teñen que pagar as depuradoras a Xunta de Galicia e a nós non?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos de acordo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se pagan os mesmos impostos ou o canon que pagamos nós non é igual que o que paga Marín?. O canón da Estrada é igual ao de Marín, Villagarcía ?.

Polo tanto creo que temos que ter as mesmas obrigacións e eses cartos teñen que aproveitarse. Iso foi para o que foron pedidos. Saiban que quen adoptou unha razoable protesta despois de moitos anos foi este señor, porque xa o defendín na época da FEGAMP. A min paréceme un agravio con respecto aos concellos da costa porque a Xunta de Galicia ten que tratar igual a tódolos concellos. Que saiban que isto non ter que ver cos alcantarillados que terán que facerse cos fondos propios. O importante é o que dicía vostede: que estou de acordo que cando conecte nun sitio que aquilo que depure ben porque se ti fas moitas redes de alcantarillados e as depuradoras que lles metes non funcionan ben, porque son meras decantadoras, o meu gozo nun pozo. Non vale a pena. Para iso é mellor non sanear e facer como estábamos facendo ata agora.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas gracias, quedounos claro.

D^a. Celia Alonso Caramés: Simplemente unha puntualización. Unha das cousas que eu efectivamente recoñezo: que isto tívoo que facer vostede, porque no ano 2014 non apareceu por arte de maxia.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se quere vostede un día explícolle cal foi o tema.

D^a. Celia Alonso Caramés: Simplemente puntualizar. Os técnicos que están barallando o tanque de tormentas, que dicía vostede, é unha fortuna, e non están dicindo que se vaia a facer.

D. Xosé Crespo Iglesias: Téñeno que facer porque é imprescindible.

D^a. Celia Alonso Caramés: Os tanques de tormentas sabe que non están funcionando como é debido.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mentres non haia separación integral de fecais e

pluviais non queda outra.

D^a. Celia Alonso Caramés: Ao mellor hai que empezar por separar como é debido, principalmente as pluviais das estradas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non da feito a separación integral.

D^a. Celia Alonso Caramés: Eu hoxe non vou discutir que é o día do corazón.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu se quere collo o plan que lles propuxen. Non teño inconveniente. Ao mellor explicárllelo a outro me daría un pouco de rabia ou reparo pero a vostede non lle da ningún reparo. Explícolle porque naceu isto e cal é o pai da criatura, as cousas que dixeron aquí, que son importantes e outras que non dixeron aquí que tampouco deixan de ser importantes. A min o que máis me agradaría é que cando se execute iso que arranxemos o problema que é un problema que temos dende sempre e ten máis culpa a Xunta de Galicia que nós.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Grazas.

D^a. Celia Alonso Caramés: Efectivamente.

D. Nicolás González Casares: A tormenta eu creo que a levantou vostede Sr. Crespo, porque vostede acaba de falar de que a súa política de depuración e saneamento é un desastre e que as políticas da Xunta de Galicia en depuración e saneamento son un desastre. Vostede acaba de facer unha emenda á totalidade das políticas de reequilibrio territorial da Xunta de Galicia en materia de depuración e saneamento.

D. Xosé Crespo Iglesias: O que sempre defendín.

D. Nicolás González Casares: Sempre defendeu. Pero aquí non se veu porque evidentemente fixeron as decantadoras mal e as depuradoras mal.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mire as actas presididas por min da FEGAMP.

D. Nicolás González Casares: Pero quen mira as actas da FEGAMP? Teño que mirar as do Concello de Lalín.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu estou dicindo que o defendín.

D. Nicolás González Casares: Sr. Crespo: agora non me interrompa vostede a min.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ten razón.

D. Nicolás González Casares: O primeiro é que vostede está falando dun desastre. Está aquí dando contas dun desastre na súa política de saneamento e depuración, dicindo que en Lalín a depuración é nefasta feita nos seus gobernos.

D. Xosé Crespo Iglesias: De toda Galicia.

D. Nicolás González Casares: Pero nomeadamente Lalín que é o que temos que falar neste Pleno. Ven a pedir saneamentos e leva aquí 25 anos. Non me diga que o saneamento apareceu no ano 2000. Pero o que é máis grave é que vostede coñecía perfectamente que había uns investimentos destinados dos Plans FEDER para Galicia e concretamente para Lalín e estivo calado todos estes anos. Creo que non é difícil atopar no programa operativo de crecemento FEDER Galicia 2014-2020 aprobado pola Xunta de Galicia na páxina 130 que di: “actuacións prioritarias en materia de saneamento e depuración para o complemento dos obxectivos da Directiva do marco da auga non se colga medallas porque non só é Lalín, están Ames, Ordes, Lalín e Carballo que é un concello que ten as dúas características e no marco do programa operativo de crecemento é para cumprir coa directiva do marco da auga e non di en ningún sitio do plan que teña que ser só o alarde da Lalín. De feito vostedes trouxeron aquí a sabendas de que ían ter ese investimento de que se arranxaran as depuradoras en Vilatuxe e en Prado. Isto leva bastante tempo. Levamos calados por respecto institucional á Xunta de Galicia.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Levamos seis meses colaborando.

D. Nicolás González Casares: Colaborando coa Xunta de Galicia e en total silencio por respecto e lealdade institucional

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por certo que foron o que pediron.

D. Nicolás González Casares: Viñeron aquí e revisaron gran parte da rede de saneamento foron con Espina e Delfín a ver todos os problemas dos que falamos, por iso xa temos unha idea do que se quere facer e é certo a gran parte do investimento terá que ir o alarde de Lalín pero eles entenden que Prado e Vilatuxe tamén deberían estar; a min o que me sorprende é que vostede quedou calado para ver se non nos enterabamos de nada, para a ver se paso o tempo e isto sucedía

D. Xosé Crespo Iglesias: Quen conseguiu iso eu ou o goberno?.

D. Nicolás González Casares: A Xunta de Galicia para arranxar o desastre que vostede acaba de manifestar é un desastre que vostedes levaron a cabo tanto na Xunta como no Concello de Lalín. Eu estoulle dicindo que iso está redactado así porque ao mellor vostede influenciou non lle estou dicindo que non, pero vostede xogou politicamente con iso e sabía que isto íase vender nos concellos. Tamén lle pido agora.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non me pida nada.

D. Nicolás González Casares: Non lle vou pedir.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que o pediu? Quen fixo a petición. Non sexa ingrato!

D. Nicolás González Casares: Eu non lle interrompín. Apeteciame, pero non o fixen. Iso estase descubriendo agora, pero voulle dicir que benvido sexa, porque por fin se vai facer algo. Benvido que os fondos FEDER se dediquen nestas cuestións tamén

a Lalín e esperemos velo. Creo que están tratando diferentes plans e que o levaran a tempo. Parecía que se ía a presentar o de Lalín que xa está tardando.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pasou de ser o primeiro a ser o último.

D. Nicolás González Casares: Esperemos que non tarde moito.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O de Lalín non era dos primeiros; dixeron que estaba de último.

D. Nicolás González Casares: Aquí estivo un técnico unhas cantas ocasións.

D. Xosé Crespo Iglesias: Gustárame velo.

D. Nicolás González Casares: Ver o que?. Se fomos con eles e percorreron toda a rede!. Voulle a dicir unha cousa sorprendentemente contratando. Porque nós estabamos moi preocupados pola depuración e saneamento e bastante, ten bastante relación, como vostede sabe en gran medida, co novo contrato da auga. Entón como hai o problema con Espina que lle reclaman vostedes un millón de euros?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ese preito ganouse.

D. Nicolás González Casares: Xa sabe vostede o que vai pasar ó final da concesión, algo que xa lle advertiron a vostedes e xa se falou aquí.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se escoita.

D. Nicolás González Casares: Xa sei pero vostede sabe que esas cousas se falon aquí. O que quero dicirle é que tamén cando fomos contratar unha empresa e estudar toda a rede de saneamento e depuración, esa mesma empresa é a que traballa con Augas de Galicia para cuestións de saneamento. Neste estudo contemplamos o que van facer dende a Xunta de Galicia e evidentemente era voz populi que iso xa estaba en marcha, pero comunicación oficial ao Concello de Lalín non se lle fixo ningunha.

D. Xosé Crespo Iglesias: Teño dúbidas.

D. Nicolás González Casares: Tédelas vos. Oficial? En papel?

D. Xosé Crespo Iglesias: Por qué non o dixeron entón?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Era o que faltaba por escoitar tes un morro inmenso. O técnico de Augas de Galicia pídenos que sexamos discretos con este tema que están traballando, os que non foron tan correctos para comunicarllelo ós veciños foron vostedes, que sabíades que existían eses investimentos e estiveches calados. Nós enterámonos por unha chamada telefónica do técnico

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se escoita.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si, si, vaille dicir ó Tenente Alcalde que non se preocupe. Notase as cousas.

D. Nicolás González Casares: Eu non seu lugar faría unha cousa.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que me faltaba por escoitar que estamos nós calados.

D. Nicolás González Casares: Nós calamus porque nolo pediron e por respecto e lealdade institucional. Por certo o que digo de que non hai comunicación por escrito é certo. Se chegou no seu goberno, descoñecémoslos. A este goberno non lle chegou por escrito.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non chgou ningún escrito.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non hai comunicación por escrito. Veu aquí o técnico.

D. Nicolás González Casares: Polo que sabemos son catro millóns e medio de euros. Unha parte vai para proxectos. Non vai todo para a execución. Agora que vostedes veñan aquí a falar de lugares que necesitan saneamento vinte e cinco anos despois, a verdade que tamén doe un pouquiño! E por que estes e non outros? Xa sei que porque o pediron os veciños, pero outros tamén pediron outros. Déixeme de interromper que non me deixa falar. Interrompeume seis o sete veces. Eu creo que xa está ben. Vostede xa tivo as súas intervencións; agora tócame a min. Vir aquí despois case de vinte e cinco anos facendo case unha deserción nestas políticas, non facendo un plan. Eu sempre botei de menos un plan e parece ser que destes estudos imos a ter un diagnóstico real da situación e imos solucionar o problema de Prado e Vilatuxe. Tamén voulle dicir que fixemos unha depuradora en Zobra 60.000€. En breve licitarase o saneamento de Zobra 165.000€. Vanse facer depuradoras, non decantadoras, que funcionen. Xa sei que non era culpa vosa de que non funcionase, senón que era o que traía da Xunta de Galicia. Tamén haberá unha depuradora próxima en Vilar do Río como está previsto neste pleno para principios do ano que vén e haberá máis depuradoras e saneamento e os seguintes que están previstos son Cadrón e Botos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Os veciños non se poñen de acordo.

D. Nicolás González Casares: O que vostedes saben é que é difícil e leva tempo conseguir por onde pasar un tubo a outra finca. É o realmente leva tempo dunha depuradora non tanto como ter os cartos ou non tanto como as veces ter os permisos que as veces tamén son longos, porque todas as concesións con augas de Galicia está tardando bastante tempo. Aquí a resolución está tardando mínimo seis meses para esta administración, cando é un particular ao redor de nove meses. Entón xa trouxemos a este Pleno unha moción reivindicando que houbera máis dilixencia. Eu creo que vostede fixo un exercicio recoñecendo un desastre nas súas políticas de depuracións e saneamentos e das da Xunta de Galicia e por outro lado eu creo que non estivo ben politicamente non comunicarlle a este goberno cando houbo traspaso de poderes que existía esta posibilidade. É dicir, comunicar non comunicades nada pero as cousas graves polo menos contalas porque se coincide que no seu programa

electoral fa pragado de propostas de depuración e saneamento e coincide cos fondos FEDER, por que cando pasan ao goberno e saben da solicitude non lle din nada ao goberno de que existe esa solicitude dos fondos FEDER?

Logo empezamos a buscar na páxina 130 do programa operativo de FEDER para Galicia e aparece Lalín, Ames, Carballo e Ordes e o funcionamento das redes de saneamento que teñen asociadas. Polo tanto cremos que benvido sexa. Noraboa polos anos previos e pola súa xestión previa e, ó saír do goberno, lamentar o cambio de actitude.

D. Xosé Crespo Iglesias: Paréceme moi ben que o *Sr. Vilariño* absorba a Concellería de Sanidade no Pleno de hoxe. Paréceme moi ben que vostede asuma a Concellería de *Celia*, pero *Celia* é moito máis lista que vostede neste tema. Non estropee a cousa. Fágame caso. Non lle podo dicir máis nada. Non se preocupe. Eu fixen o meu traballo; agora son vostedes o que o teñen que facer.

D. Nicolás González Casares: Agora o ten que facer a Xunta de Galicia cos fondos FEDER para executar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Igual pensan que cando nós eramos alcaldes que me viñan traer as papas na cama, non. Eu levantei o cu do niño e corría por aí todo o que podía correr e conseguíronse cousas outras lamentablemente non, eu asegúrolle que sempre se fixeron as cousas o mellor posible entendendo os beneficios dos veciños de Lalín e non cualifique de desastre o que había na depuración, é a depuración que hai en toda Galicia non había é hai e así é en toda Galicia, e por tanto a ver se nos centramos, temos que arar cos bois que temos. Eu fágolles a recomendación de que por parte nosa, se quere unha colaboración, a terá sempre e cando non nos tome por parvos e sobre todo: non nos veña a meter o dedo no ollo.

D. Nicolás González Casares: Ti agora o que é política é meter o dedo no ollo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Falou *Celia* e foi correcta. Fala vostede e non é correcto. Esa é a diferenza entre os dous. Por que non deixa a ela que está na súa delegación?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu vou dicir unha cousa e vou ser correcto neste tema con vostede, pero vou deixar as cousas claras, porque non quero abrir outros frontes con vostedes. A min un día chégame a concelleira *Celia* e *Medela*. Si non me equivoco foron os dous ao meu despacho e dinme que acababan de chamar da Xunta de Galicia que temos unha cantidade de millóns...

D. Xosé Crespo Iglesias: Non temos. Ten a Xunta de Galicia. Puntualice.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Para utilizar o Concello de Lalín en cuestión de saneamento.

D. Xosé Crespo Iglesias: A Xunta.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Veña, a Xunta. A mesma a que vostede recoñece o seu traballo en políticas de saneamentos é a mesma. Vou intentar ser correcto. Dixéronme que vai vir ese señor e despois desa reunión eu na

radio dixen que tiñamos un posible investimento potente para o Concello de Lalín, que xa falaremos algún día. Entón comunícanos que temos unha cantidade e logo posteriormente era de 4.500.000€, precisamente centrados na cuestión da depuradora. A min había cousas que me sorprendían. Eu dicíalle a *Celia*: Pero isto o PP tiñano que sabelo? Porque como di o *Sr. Crespo* el deixou moitos amigos en moitos sitios e sorprenderíame que un investimento tan potente para Lalín non o coñecese.

D. Xosé Crespo Iglesias: Tan potente? Se tiña que ser máis do dobre!. Tan potente? Iso é a mola do cabo. Vostede non ten nin idea do que custan as cousas. Sabe canto custa a depuradora central de Lalín, se a facemos ben?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estou sendo correcto por favor déixeme continuar. Díxenlle que non podo crer que o PP non nos teña comunicado que hai esta posibilidade, porque a xestionaron eles. Paréceme dende o punto de vista político increíble e un escándalo. Estas foron as miñas palabras.

Eu partía da base que polo que sexa a Xunta de Galicia estaba traballando con isto pero o que era o grupo do PP de Lalín que, polo que sexa non tiña comunicación, Agora atópome no Pleno que é un dos pais da idea por así dicilo, que compartimos os argumentos do que vostede está dicindo e que non existe en dous anos do goberno que eu saiban, nin hemerotecas, nin en plenos, nin en nada un só comentario ou comunicación de que había esta posibilidade. Se me estou equivocando en algo avísame. Nin un comentario de que había esta posibilidade de 4.500.000€ para os veciños de Lalín de fondos europeos. Non se nos dixo nada e estiven repasando hemerotecas, actas de plenos e nunca se comentou nada de este investimento.

Vostede di que é pouco, pero a min paréceme polo menos que é un investimento potente para o inicio destas cousas. E nos plenos pedindo que cos fondos propios ou do Plan de Concellos, fagamos actuacións que están contempladas precisamente con este fondos. Aí hai algo que non encaixa.

Eu négome a crer. Escóitame ben o que vou dicir, porque non quero dicir nada que lle fira, xa que non é a miña intención. Négome a crer que estaban intentando que recursos propios se retraesen de poder facer outras cousas, cando hai estes fondos europeos precisamente para cuestións de depuradoras. Négome a crelo porque para min sería alucinante. Eu non creo iso de vostede, que quede ben claro. Hai pezas que non encaixan. É certo que no seu programa electoral, o seu programa estrela, eran os saneamentos. Isto é absolutamente certo. Pero é que encaixa todo. Tiñan os 4.500.000€ por un lado, o tema do saneamento, e non nos comunican absolutamente nada. Aquí hai algo que falla.

O Sr. Concelleiro non adscrito dicindo que estivemos cos veciños, que se acaban de poñer de acordo en canto aos terreos, é dicir, por onde queren que se empecen dos tres lugares. Dicir que fora por Cadrón e que non era ningún sorteo, nin moitísimo menos. Eu entendo que cada un ten as súas paranoias. Sorpréndeme extremadamente esta cuestión. Estoulle dicindo con todo o respecto e non lles estou acusando de nada. Hai pezas que aquí non encaixan e que nos están pedindo que nos mobilicemos cos fondos da Deputación para as depuradoras, que xa están contempladas neses fondos europeos é unha cousa cando menos estraña.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non ve como non se entera.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos falando da de Vilatuxe.

D. Xosé Crespo Iglesias: Siga por aí.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu estou sendo educado, creo. O que estou dicindo é que nin vostede nin ningún do seu grupo comunicou que había estes fondos segundo vostedes xestionados por vostede. Chámanos un día un técnico importante de augas de Galicia e nos di isto e sorpréndenos. Hai algo que non encaixa.

Eu o que quero é que poidamos solucionar este tipo de cousas e espero que se active o antes posible porque saberá máis que eu nesta materia e *Celia* aínda máis. Hai algo que politicamente non encaixa e estou seguro de que non é nada de ocultación que quede reflectido na acta de que estou seguro de que non é así, porque do contrario o escándalo sería maiúsculo ó negarlle esta información aos veciños e veciñas de Lalín. Algo falla nesta cadea de información entre vostedes, a Xunta de Galicia, vostedes e o actual goberno. Algo falla, pero non sei o que foi. Vostedes nunca comunicaron este tema. Iso é así. Creo que fun respectuoso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostedes realmente saben o que teñen entre as mans neste Concello?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Hai seis meses que estamos traballando neste tema. Os técnicos de Augas de Galicia pedíronos absoluta discreción con esta cuestión. Vou ler ata aí, porque logo de por medio está a política. Vouno deixar ata aí. Nós traballando con eles neste tema e informándonos semana a semana como ía este plan. Quero dicir que informados estamos e sobre todo a que máis sabe neste tema é a concelleira. Estou dicindo algo que non se corresponda coa realidade?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Podo intervir ou vaimos quitar a palabra cando quere?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quixen aclaralo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede non é o concelleiro de medio ambiente e non sabe nada. Sabe algo *Celia*. Mire, asústome da incapacidade manifesta deste goberno á hora de facer as cousas. Eu tiven a responsabilidade cando fun Alcalde de pedilo e de presionar para que nos meteran no paquete. Foi a Europa e volveu. Cando volve eu non son o Alcalde. O Alcalde é vostede. Estamos de coña ou que?. A quen lle teñen que comunicar é a vostede ou a min?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vostede sabíano ou non?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Posteriormente a vostedes.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Posteriormente a nós?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si. Cando un día nun acto me atopo cunha persoa e di: "Crespo por fin vas conseguir aquel tema". De que me falas?. "Do reequilibrio, acórdaste da historia de aquel rife rafe que tiveramos non co actual director de augas senón co anterior". Mire unha cousa: vostedes sabíano e non dixeron nada, pero a min dáme igual.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Díxoo a Xunta que non dixésemos nada.

D. Xosé Crespo Iglesias: A Xunta?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón, Augas de Galicia pediunos discreción para traballar neste tema. Díxonolo catro veces.

D. Xosé Crespo Iglesias: Entón eu xa non entendo nada ,porque dixó Nicolás que non tiña ningunha comunicación oficial.

D. Nicolás González Casares: Non hai ningunha comunicación por escrito.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ti comentaches que había esa solicitude de fondos europeos?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ó final alá vostedes. Vostedes xogan a ser trileiros coa Xunta de Galicia. Alá vos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se estabamos dicindo que estamos de acordo. Non metas á Xunta de Galicia no medio porque estamos dicindo que estamos colaborando e traballando con eles.

D. Xosé Crespo Iglesias: É unha mentirosa porque non lles comunicou iso.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A Xunta si. Quen non o comunicou sodes vostedes que si o sabías. A Xunta chamounos un día. Quere que lle volva a contar a historia?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ou sexa que nós fomos o que lle tivemos que comunicar? Pero quen goberna aquí?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Acabo de dicirlle que a Xunta nos comunica cando nos chama este técnico.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu remato a miña intervención.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A Xunta comunicounos e de xeito moi construtivo este tema e estamos traballando moi ben coa Xunta. Non lle estamos metendo o dedo no ollo a ninguén.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vale, alá vostedes. Fagan como queiran. Se para vostede é correcto, para min tamén.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que dixemos da Xunta?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Tiña que ser eu quen o anunciara?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moi ben, ti segue co viveiro de empresas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Quen vería a vostede se eu fago o anuncio! Quen vería a vostede convocar unha rolda de prensa para falar da falta de respecto institucional da Xunta de Galicia que o comunica a min antes que a vostedes! Comunicaron despois poucos días, pero despois.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pois agora do que pensaba xa penso outra cousa. Eu creo que si estaban intentado facer política para que non nos enteráramos disto. Non o pensaba.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se vostede quere xogar desa maneira, alá vostede.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estoulle dicindo que eu confío. Alá vostede.

D. Xosé Crespo Iglesias: Creo que o tema esta suficientemente debatido, nós imos seguir metendo mocións do que nos pidan os veciños. Vostedes se queren facer as fan e se non queren, non. Cando vostedes eran oposición e viñan aquí un grupo de veciños a reclamarlle, vostedes traían unha moción.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: E estamos de acordo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós, como goberno, votabamos a favor ou en contra. Nós non queremos meterlle ningún dedo no ollo.

D. Nicolás González Casares: Na moción estamos de acordo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós metemos estes lugares porque viñeron falar connosco. Se veñen doutros lugares, pois ímolo seguir metendo e vostedes fágao. Se non queren, non o fagan. Pero que non lles parezan mal que nós pidamos saneamentos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que nos parece ben, que imos votar a favor.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero din vostedes que por que pedimos estes sitios e non outros é porque nolo di a a xente.

D. Nicolás González Casares: Por que están tantos sen facer?. É a pregunta en vinte e cinco anos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Claro que están sen facer. Se estiveran feitos cambiaba o conto, porque nós puxemos no noso programa unha maneira estelar este asunto? Sabe por que o puxemos? Porque nós contabamos con facer un esforzo inversor importante nesa materia; non por outra cousa, viría da Xunta, da deputación, de fondos propios...

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Unha pregunta para rematar este debate: tiñan cuantificado canto valían todos estes saneamentos que anunciaron si ou non?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non temos cuantificado, nin vostedes o poden ter.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Nós non o temos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós puxémolo como programa estrela e non sabíamos o que podía chegar, porque hai que contar cos proxectos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Punto dous: de todos estes que estiveron traballando todos estes días en función das peticións dos veciños que compartimos e imos votar a favor, teñen cuantificados aproximadamente canto poden valer aproximadamente? Iso íanlle recortar algunha parte ou íanlle subir os impostos aos veciños para poder facer fronte a isto?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede dígame a pregunta.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A pregunta é que se estaba cuantificado o que están pedindo hoxe e se na política de sumidoiros tiñan pensado subir os impostos para facer fronte a contías millonarias como as que vostedes e nós sabemos.

D. Xosé Crespo Iglesias: A resposta é: Cuantificado sen ter os proxectos non o pode ter nin nós, nin ninguén; segundo, obviamente nas depuradoras Augas de Galicia ten que dar o ok, co cal se non o autoriza, n tes que ir a outra.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: É certo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Iso non se sabe, porque depende dos bombeos que hai que facer etc; segundo, hai que ver o plan de economización, porque no seu momento, cando nós tivemos a depuradora de Botos eu recordo que pelexei coa Xunta de Galicia para que fixeran un bombeo dende Botos e que bombearan á central que viñera aquí a Don Ramiro e que fora a decantación. Iso era o que queríamos nós. A Xunta dixo, non: mellor facer a depuradora de Botos. Ao final tiña eu razón desgraciadamente, porque agora só teríamos unha soa depuradora que habería que dimensionala máis e punto.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non me está contestando.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sobre o tema da depuración eu non lles podo admitir a vostedes que digan que non nos preocupamos. Si que nos preocupamos ou senón: ía facer a xestión que fixen?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Cando dixemos que non se preocupaban vostedes?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu voules dicir as cousas. Cuantifíquense en cartos. Nós se quere non temos inconvenientes de cuantificalas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso o ten que facer os técnicos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Aproximada.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Nós non a temos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mire, iso é tan sinxelo como se vostedes se o queren facer se senten con nós e nos digan estes son os cartos que temos do Plan concellos, etc. Non entran todas esas, pois haberá que priorizar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Aceptamos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero eu o que digo é que suba os impostos. Só lle digo que ás veces hai prioridades. Eu ao mellor metería máis en saneamento.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu ao mellor non tería un concello de 16.000.000€ e tería todo o saneamento no rural. Cada un co seu.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se equivoque porque sabe que as subvencións que viñeron, se non foran para o concello vostede cree que nolo darían?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vamos a rematar e a votar porque senón isto é eterno. Ao seu ofrecemento de sentarnos e mirar isto dígolle que si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede respóndame a unha cousa: O Concello de Lalín que máis ou menos case máis da metade do que custou o trouxemos doutras administracións, se iso en vez de pedilo para o concello o pedimos para outra cousa, daríanolos? Si ou non. Dérono para o Concello. Sempre está facendo ver que o Concello de Lalín gastou 13.000.000 de euros no Concello e iso é mentira.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non foron cartos públicos todos?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Punto un e punto dous. O Concello de Lalín a día de hoxe segue pagando importantes créditos con xuros aproximadamente de 100.000€ ao ano en iso, si ou non?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Importantes non, créditos si. Eu só lle digo que o Concello recibiu unha serie de subvencións. Vostede non se da conta que na Xunta había un plan de concellos novos ao que nós nos subscribimos e que Palmou antes de comezar nos deran 1.000.000 de euros. Agora ben que presume del.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non presumo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se estivera sen construír o Concello e o Lalín Arena, a ver que facían agora. O que meten no Lalín Arena a ver se o meten no vello.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Remato este tema con dúas cousas.

D. Xosé Crespo Iglesias: É moi fácil predicar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Respéctame un pouco, que estiven no debate en todo o Pleno moi correcto. Dúas cousas: gustaríanos que polo miúdo nos puideran explicar que dende cando saben o dos 4.000.000 euros. Queremos unha aclaración se é posible. Non o estamos acusando de nada, que quede claro; punto segundo, tómolle o guante e aceptamos sentarnos con vostedes para mirar os custes disto que nos acaban de ofrecer para ver que se pode facer e o que non.

D. Xosé Crespo Iglesias: Con respecto ás mocións: primeiro dicirille que a subvención que veu de Europa soubémola despois que vostedes.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso non o cree ninguén.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede preguntame e quere que lle responda o que lle da a gana; non. Responderei o que crea eu, non?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, soubémolo despois que vostedes. Dáme igual que me crea ou non. Si que o soubemos logo de vostedes e foi froito dunha casualidade que nos enteramos que había iso. Punto dous, o que vostede non pode é dicir que se quere sentarse connosco coa boca grande.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se o dixeches vostedes.

D. Xosé Crespo Iglesias: E o Plan Concellos pásano polo forro. Sabe que é sentarse connosco e máis co concelleiro non adscrito é sentarse para os remanentes e para o Plan Concellos?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Co concelleiro non adscrito non; con vós si

D. Xosé Crespo Iglesias: Paréceme que queren darnos nos ósos. Se vostede quere comer a carne, politicamente falando, e nós os ósos, non estamos dispostos. Xa lle digo así: non estamos dispostos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non se contradiga dicindo que tal e logo non, pois é non e non pasa nada.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non é non. Non me chulee. Eu estoulle dicindo que se vostede o que quere é sentarse connosco para dicir isto é o que hai e como podemos facer, é unha cousa. Se vostede agarra e onde necesita do noso voto como son os remanentes non lle queda máis remedio que facernos caso e despois no Plan Concellos, que non necesita do noso apoio, que por certo aínda non enterrei a hacha de guerra do plan concellos, porque os informes do Concello iso de que non son vinculantes o imos ver. Os informes de Pleno ou da Xunta de Goberno, aínda o imos ver. Estoume documentando. O que pasa que non teño as vías que tiña antes, pero si me están traballando no tema.

Vostede para sentarse connosco necesita ser leal connosco. Sabe que é ser leal? Se necesita o noso voto para o plan de remanentes, séntase connosco, porque non lle

queda outra. Cando digo connosco non só o grupo de PP, senón tamén o concelleiro non adscrito, porque queirámolo ou non, é a chave. Logo despois cando é un tema da Xunta de Goberno enteramonos pola prensa. Iso non é lealdade política. Se vostedes xogan desa maneira, dígolles que non. Así non nos sentamos. Sentámonos para todos ou para nada.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero non estamos facendo pistas?. Hoxe mesmo estamos facendo en Maceira. Do aire non saen. Hai que traballar e hai unhas máquinas. Ao mellor *Antonio* pódeme contar nos últimos seis anos cantas pistas fixeches como a que estamos facendo agora en Maceira ou en Navallo?

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Moitas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ofrézolle unha cousa: quere unha relación das que nos fixemos no último mandato?

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non,non.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu douna.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que estamos facendo con zahorra e que antes se facía con terra negra. Agora a estamos facendo con zahorra, unha pista moi importante.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Levamos un ano coas pistas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Como di o *Sr. Crespo*: pódolles meter un petardo no cu aos traballadores da Mancomunidade. Dende que entramos non paramos de facer pistas e a ti cónstache porque preguntas e te responden.

D. Juan José Cruz García: Eu quero falar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa pasaron os dous turnos.

D. Juan José Cruz García: *Sr. Secretario* é o meu turno.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pasaste os dous turnos.

D. Juan José Cruz García: Para representarse a un mesmo aquí estou, pero estou representando os veciños de Cadrón, Botos, os músicos e a moitísima xente que mira pola Nosa Señora. Eu si que me represento a min mesmo e puxemos no debate político os saneamentos. Esta votada esta moción ou non, *Sr. Secretario*?

O Secretario: Eu non tomei nota pero aquí hai un regulamento de sesións que haberá que aplicar.

D. Juan José Cruz García: Pero si non me da a palabra.

D. Nicolás González Casares: Bueno *Sr. Secretario* que tome a palabra o

concelleiro non adscrito e logo votamos.

D. Juan José Cruz García: Eu quero repetir que fago un compromiso para que quede en acta en Pleno: que ante calquera acordo plenario que o PP ou calquera veciño decida ir a contencioso-administrativo, eu deixarei a miña asignación mensual para que se loite porque se cumpran os acordos plenarios, porque non confío para nada na palabra deste goberno. Ademais quero enfatizar que para nada se fala dos alcantarillados como tema integral. Primeiro imos facer as cousas integralmente e logo pronunciarnos publicamente. Queremos para Botos e para Cadrón o alcantarillado integral. Creo que dado que houbo unha temporalidade na sucesión dos feitos pode ser que esas parroquias sexan das primeiras en ter ese alcantarillado integral. Eu vendo obviamente cara onde pide o PP, pois eu tamén quero pedir para outros sitios. Non sei se é o momento oportuno agora ou facendo unha moción que probablemente rexistrarei hoxe pola tarde, porque si que me parece de primeira necesidade que desenrolen os alcantarillados.

Reitero se somos quen de pedir unha folla de ruta para cousas tan intrascendentes que non temos competencia en ela, pero si que esiximos folla de ruta para a Xunta. Eu tamén quero folla de ruta para os sumidoiros e os alcantarillados de Lalín. Quero que digan temporalmente que van facer e que non nos veñan aquí a mentir, porque no poden chegar a Cadrón dicindo que eu non me pododo fiar de vostedes, cando foron a Botos e dixeron que xa os tiñan convencidos, porque do 100 % dos veciños non teñen o apoio. É mentira. Aquí hai que levar o debate cando hai que levalo. Cando unha cousa se complica porque se pode enquistar, os nosos representantes políticos teñen que asumir todas as súas competencias e todo o seu poder. Se hai que expropiar, expropiase aquí alá ou onde sexa.

Vostedes son os que teñen que velar polos intereses da maioría dos veciños. Se un veciño ou calquera persoa decide que non quere ir adiante en certas condicións que poidan poñer vostedes, porque vostedes condicionan á xente e embarran o discurso para probablemente crear ese conflito, aquí hai que esixir que se expropien segundo o técnico o considere. Que esa obra é máis óptima. Nese informe que se faga polo tanto imos máis alá e imos a pedir expropiar, cando fora o caso.

D. Nicolás González Casares: É moi comunista.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Exprópiese.

D. Juan José Cruz García: Vostedes son os primeiros e voume calmar. Cando falamos do cemiterio aí si que se fala de expropiación. Vostedes non me falen de expropiacións porque para expropiar creo que en Lalín xa houbo alguén que expropiou de carallo. Despois din que non queremos meter no debate político ás familias. Queremos falar de expropiacións?. Ese señor no seu momento tivo que dicir que el velaba polos intereses do pobo cando defendía o xustiprezo en Madrid. Paréceme unha aberración.

Vostede faga o que queira. Vostedes expropian ou non expropian, pero a lei está para usala, porque se seguimos falando disto non é o momento de certas obras.

Aquí neste Pleno falades e jatadeos de a ver que retiramos. O único que dixo que retiramos das obras do concello neste momento foi o concelleiro non adscrito e tedes a oportunidade de axudarme nesta intención. Aí hai 300.000€. Con iso vou propoñer que quero que se faga e anuncio que, se non é agora, sexa eminentemente, xa do alcantarillado de Vilanova e da Xesta. Vou dicir todos os lugares. Esta tarde vou facer a moción.

Estas son solucións. Iso é volver a política e facer política dos compromisos que vostedes fixeron. Entón se non, o meto agora o meto á tarde e logo votade como queirades.

Sorteo? Como que non foi sorteo? Si que se xenerou desconfianza. Que mais da quen se enterou antes e de onde veñen os cartos?

Aquí falouse de que estaba publicado iso no DOG. Pódenme informar que día se publicou iso no DOG? Iso si que interesa. Pódenme informar se esa publicación do DOG é anterior a do Pleno? que están informados dende hai seis meses? Cando foi publicado iso no Pleno?. Alguén o sabe? É anterior a eses seis meses? Iso si que sería perigoso: que vostedes publicaran no DOG e pasaran dous meses. Pero como non o sei deixou caer no aire?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Gracias.

D. Juan José Cruz García: Non, quero seguir falando. Vaime a recortar os meus dereitos como concelleiro? Vaise saltar vostede as leis porque lle salga das narices?.

Pídlle ó PP apoio para intentar que se cumpran as leis e tamén os acordos plenarios. Pídvos ese apoio e se calquera persoa decide metelo no contencioso-administrativo pídvos ese apoio e ogallá que isto que metemos no debate político de que o Pleno sexa vinculatorio e que se pida control á Xunta de Goberno local e aí teremos que facer un pleno extraordinario para moitas cousas que se están incumprindo, porque hai moitos acordos plenarios incumpridos.

Si que sei onde retiraría cousas: as do Cocido e do Orgullo, da rotonda, dos arranxos de locais sociais que están en óptimas condicións e certos palcos.

Claro facemos palcos por 60.000€ do Plan Concellos, pero en Muimenta gastamos 11.000€ para uns rapaces que están estudando. Eses son os recortes que hai que facer, poñer no debate político e representar á xente. Este concelleiro represéntase a si mesmo e representa a corenta nenos que están en Muimenta con 11.000€ nada máis, enfronte a 60.000€ que están en dous palcos que a ver quen vai tocar neses palcos.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por UNANIMIDADE dos asistentes, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a moción, adoptándose o seguinte acordo:**

O incremento da porcentaxe de parroquias con servizo de saneamento integral no Concello de Lalín era unha das prioridades que marcou o Partido Popular no seu programa electoral que foi o máis respaldado polos lalinenses nas eleccións de 2015. Cun rural privilexiado no eidos produtivos, etnográficos e; sobre todo, paisaxístico e natural, é prioritario adoptar medidas que contribúan a manter o noso entorno natural nas mellores condicións posibles.

O tratamento das augas residuais para a súa devolución ao ciclo da auga nas mellores condicións posibles foi un camiño que abriu o executivo anterior programando saneamentos a lugares e parroquias nun número importante que situou ao Concello

de Lalín entre os que tiñan as mellores ratios de servizo de saneamento no centro de Galicia e no noso entorno. Un esforzo inversor que se acometeu con cargo aos sucesivos orzamentos municipais.

Acometidas as depuradoras e as redes de saneamento nos núcleos de poboación máis densos, prioridade lóxica atendendo ao volume de residuais que se xeraban, o goberno do Partido Popular empezou a sondear á veciñanza das distintas parroquias sobre a súa disposición a sumarse a este servizo ca intención de continuar a estender o servizo de saneamento no rural.

Un esforzo importante do goberno anterior en depuración que se veu truncado nos dous últimos anos, co goberno cuatripartito, no que o único investimento que se fixo neste eido foi a construción da depuradora de Zobra que, polo momento, é unha infraestrutura parada e sen sentido ao non estar conectada a ningunha vivenda, ao non ter sido contemplada no seu día a rede de canalizacións para conectar as vivendas con estes servizo de depuración.

Pese a que o esforzo en depuración de augas do rural no presente mandato foi ínfimo neste dous anos, si se produciron varias solicitudes por escrito dos veciños, acompañadas das correspondentes sinaturas, para que se dotase ás súas parroquias deste servizo. Peticións que dende o Partido Popular valoramos como prioritarias, tal e como se recollía no noso programa electoral, e que entendemos que xunto con servizos como o mantemento viario, traídas de auga e alumeado, deben ser prioritarias para calquera goberno que teña entre os seus obxectivos o fixar poboación no rural e equilibrar servizos entre o rural e o urbano.

Unha das parroquias onde se recolleron numerosas sinaturas, que no seu día se presentaron no Concello de Lalín, para que se lle dotase de saneamento foi a de Losón. En concreto, as solicitudes avaladas por sinaturas foron presentadas para os lugares de Devesa de Arriba, Devesa de Abaixo. Outeiro e Milleirós nun escrito entregado no concello polos veciños o pasado 9 de abril de 2016. Considerando a complexidade desta obra e o abaratamento de coste ao facelo todo xunto sería necesario estender tamén aos lugares de Brenzos de Arriba, Brenzos de Abaixo, e San Martiño. Co que se abordaría unha actuación integral na maior parte desta parroquia.

A rede de saneamentos no Concello tamén presenta necesidades prioritarias en varios lugares da parroquia de Goiás, onde os veciños transmitiron o seu interese en contar co servizo, concretamente nos lugares de Céceme, Delaparte, Casares e Palmaz. Co saneamento a estes catro lugares, quedarían moi avanzado o tratamento de augas residuais nesta parroquia veciña a Lalín.

En igual situación se atopan os lugares de Hermida, Ribas Altas e Cima do Alle, da parroquia de Filgueira. Co sistema de depurado e recollida de fecais xa en funcionamento en varios dos lugares desta parroquia, quedarían por acometer os anteditos co que esta parroquia lindeira con Lalín, quedaría xa case rematada no que a saneamento se refire.

Outro dos lugares que necesitaría a instalación do servizo de saneamento é o de Soutullo, na parroquia de Anseán. Unha petición que os veciños da parroquia trasladaron ao PP nos últimos meses como unha das necesidades do lugar.

Na parroquia de Vialtuxe, e despois das solicitudes cursadas tanto polos veciños como pola Asociación de Veciños de Vilatuxe, entendemos tamén necesario acometer a rede de saneamento nos lugares de Barciela, Varela, A Torre, Saborida e Balagosa.

Por último, tamén sería necesario acometer a rede de saneamento nos lugares de Outeiro e Alfonselle, da parroquia de Lalín de Arriba. Dúas poboacións que tamén

completarían o servizo na parroquia á que pertencen e na que os veciños amosaron o seu interese por contar con estas infraestruturas.

Por todo o exposto, o Pleno **ACORDOU**:

1.- Que o grupo de goberno encargue os proxectos de obra necesarios para a dotación de saneamento aos lugares de Devesa de Arriba, Devesa de Abaixo, Milleirós, Outeiro, Souto, Brenzos de Arriba, Brenzos de Abaixo e San Martiño da parroquia de Losón; Céceme, Delaparte, Casares e Palmaz na parroquia de Goiás; Soutullo, en Anseán; Hermida, Ribas Altas e Cima do Alle na parroquia de Filgueira; Barciela, Varela, A Torre, Saborida e Balagosa na parroquia de Vilatuxe e Outeiro e Alfonselle na parroquia de Lalín de Arriba.

2.- Que o Concello de Lalín habilite a partida necesaria con cargo aos remanentes de 2016 ou, se non houberse suficientes medios neste apartado, con cargo ao Plan Concellos 2018 ou coa financiación dos remanentes de 2017 para a dotación de saneamento aos lugares de Devesa de Arriba, Devesa de Abaixo, Milleirós, Outeiro, Souto, Brenzos de Arriba, Brenzos de Abaixo e San Martiño da parroquia de Losón; Céceme, Delaparte, Casares e Palmaz na parroquia de Goiás; Soutullo, en Anseán; Hermida, Ribas Altas e Cima do Alle na parroquia de Filgueira; Barciela, Varela, A Torre, Saborida e Balagosa na parroquia de Vilatuxe e Outeiro e Alfonselle na parroquia de Lalín de Arriba.

10.- EXPEDIENTE 4383/2017. MOCIÓN DO PP PARA A AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO, MELLORA DAS BEIRARRÚAS E REACONDICIONAMENTO DA CALZADA DA RÚA XESTEIRA.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 20 de setembro de 2017 co número de rexistro de entrada 7535. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras, e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de setembro de 2017.**

Na deliberación houbo as seguintes intervencións:

D. Xosé Crespo Iglesias: Esta moción ven motivada porque no seu día obviamente non houberamos feito unha rúa como esta que é pequena que debe ter 150 metros en "L" a houberan metido vostedes en dous anos e medio que levan gobernando pero non a meteron, motivo polo cal ven hoxe porque no seu momento cando se fixo a reparación da cidade-xardín que sabe vostedes que foi un anaco deste casco que naceu dunha comunidade urbanística francamente mellorable onde o saneamento que había feito e mais a traída da auga estaba nunhas condicións deplorables onde a traída da auga viña por tubarías de fibra cemento a auga sanitaria que saben vostedes que teñen amianto onde o saneamento tiña tubos que tiña 25 centímetros, entón fixemos un plan para a cidade-xardín e os seus aldeaños.

O que ocorreu é que este plan non chegou para todo porque era dun fondo de diferentes plans que agora se chama Plan Concellos dos plans de obras e servizos que nos poñían a disposición da deputación e non chegou todo. Fixemos dúas fases da cidade-xardín e arraxamos as tubarías e alcantarillado. Fixemos as beirarrúas

novas e botámoslle unha capa de aglomerado e máis puxemos unhas luminarias novas. Obviamente como non chegaba para todo, decidimos facer unha parte e outra sen facer, motivo polo que imos facer tres fases: Fixemos unha primeira fase; fixemos unha segunda; e unha terceira. Esa terceira queda sen facer, pois perdemos o goberno polo que nós non podemos facer esta actuación.

Nada máis perder o goberno os veciños da rúa Xesteira falaron comigo. Falaban bastante máis do que vostede pensa, aínda que vostedes pensen que non, porque algún ten parentesco con certa persoa e tamén veu falar comigo. Eu loxicamente díxenlle que o sentía moito, pero que nós agora non o podíamos facer porque non gobernábamos, que era un compromiso do PP. É certo, pero que ao perder o goberno non o podíamos facer. Recomendéille que viñeran falar con vostedes e así o fixeron: viñeron a falar con vostedes. Creo que incluso o Sr. *Cuíña* foi por alí e en ton bacilón como soe utilizar el de cando en vez, dixo: “concho e os vosos non os fixeron este saneamento!”.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pode ser que o dixera, si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, non o fixeron. Eu comprometeime en tres meses a vir dar unha explicación e a dicirvos cando o vou facer. Disto fai un ano e pico.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso non é certo, pero bueno.

D. Xosé Crespo Iglesias: Iso é a segunda parte.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: En tres meses ademais.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ademais dixo vostedes. Vostede sabe que lle gusta moito poñer datas. Agora como vai dando nos fociños, xa non pon tanta data.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Voume dando nos fociños, non me digas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Quero dicir que non da cumprido. Poñer datas sempre ten ese risco.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: En tres meses non o dixen na vida, ti mesmo.

D. Xosé Crespo Iglesias: O resumo, eu díxenlle de vir aquí para que fixeran iso que me parecía de xustiza porque nós non estábamos gobernando, eles viñeron aquí falaban con vostedes e foron alí a ver aquilo e vostede lle dixo que iso o facía como quen di de hoxe para mañá despois de vacilalos un pouco despois de dicirles “e logo os vosos os abandonaron, etc” despois de esa consabida retahíla que todos sabemos díxolle que en tres meses que estaba feito.

O tema é tan sinxelo que esperaron tres meses, seis meses, nove meses e nada, cando esperaron nove meses un día atopáronme na rúa e dixéronme “fixemos o que ti nos mandastes fomos falar co Alcalde e pasou isto” eu lle dixen se querían facía unha moción para preparar esta rúa se o concelleiro non adscrito o apoia e ademais recomendéilles que falaban con el, porque eu non vou ser quen fale con el. Eu non sei se falaban con el, pero pedínlle que falaban con el e polo menos logramos maioría no Pleno e tedes posibilidade de que o fagan. Díxenlle que esta era a vía que tiña e

dixéronme que si eu non podía falar co Alcalde e dicírllelo, home eu poder podo falar pero que me faga caso é outra historia. O resumo que esta moción traémola aquí porque era a última fase.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Falou comigo deste tema?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, xa lle estou dicindo que non. Eu díxenlle que se quería facía a moción desta rúa pequena que non o teño cuantificado ,pero creo que pouco custa, porque a rúa ten 150 metros e fai unha “L” sae da rúa do Rodo e métese na rúa creo que se chama Gladiolo. Eles viñeron onde min porque vostedes díxolle que o facían en tres meses e non a fixo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é certo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nin en tres, nin en seis. A min se me contaron mentiras non o sei.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é así.

D. Xosé Crespo Iglesias: É igual, sexa como sexa o que nós pedimos non é o firme porque mellor ou peor os coches andan alí o problema que teñen que é o que realmente reclamame e en iso teñen razón é que alí a tubaría da traída de augas é como era a de toda cidade-xardín eran tubarias de uralita e fibrocemento e saben que a uralita ten amianto e que provoca o cancro, non é que eu teña a miñas dúbidas que non quero entrar nun tema técnico pero toda a vida estivemos detrás das uralitas e eu recórdome nas granxas dos meus pais ata facer ocos nas uralitas ata chegar abaixo e caer o po e gracias a deus ningún da miña familia que traballou alí tivo maior problema, o que si é certo é que as tubarias polo que din eles que eu non o sei son de fibro-cemento entón iso é probablemente o máis urxente o que é a condución da auga sanitaria que sei incluso que para cocíñar a traen doutro sitio porque non a queren coller da traída e máis o alcantarillado porque no seu momento os que fixeron aquela chamémoslle promoción entre comillas meteron un alcantarillado que non reúnen as condicións mínimas para ser de alcantarillado o que pasa que naquel momento pois como non había moitos alcantarillados nen sequera no casco non se revisou moito pero o alcantarillado era insuficiente. Nós pedimos que se arranxe o alcantarillado e mais a traída de augas e que de paso se lle bote unha capa de aglomerado e é o que pedimos nesta moción e que quede claro que a traemos dous anos e medio despois e que era un compromiso noso e non o cumprimos porque non estabamos no goberno e o seguiríamos cumprindo se seguira gobernando o PP, non seguiu gobernando o PP e como eu digo dende unha lealdade institucional si lle dixen que falara con vostede e agora vólve-me dicir que nada novo baixo sol e o que nos quedaba era esta moción e asegúrolle que é absolutamente verdade o que lle estou comentando nesta moción.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Temos encargado que o fagan de certas rúas do casco que poden precisar que se actúe. Polo tanto estamos agardando ter esa valoración e tomar as decisións oportunas. Se estes veciños están en malas condicións só é responsable o anterior goberno, que foi quen non actuou sobre esa rúa e actuaron sobre o contorno da mesma. Podemos xogar a que me atopei con fulanito. Nós imos actuar cos mesmos criterios. Entendemos que esta rúa si que é certo que está en mal estado, pero imos actuar cun criterio técnico. Seguro que cando teñamos ese informe, se o temos para a semana, xa os chamaremos para ver se nos

sentamos e o miramos. Non hai ningún problema.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Basicamente que estamos de acordo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Fagan iso que pouco custa; son tres pesetas.

D. Juan José Cruz García: O que quero dicir é que despois quen incumpre o regulamento do Pleno son eu, o que incumpro?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que paciencia hai que ter.

D. Juan José Cruz García: Eu o único que quero dicir é que si que se puxeron en contacto comigo e que os tempos que marcaches o goberno parece que o incumprides, como incumprides sempre. Polo tanto eles se teñen que poñer en contacto e polo que me fan entender con outra xente para poder facer presión. Eu animo aos veciños desta rúa a que, se non lle chega coa presión que fagan con esta moción, pois terán que facer máis presión.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A min os veciños dinme que os veciños si falaron con *Pepe Crespo* e que nin se lles ocorrería falar contigo, pero o mellor é mentira. Non o sei.

D. Juan José Cruz García: É absurdo és un mentiroso compulsivo. É absurdo que sigas con este xogo de intentar dicir chorradas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu digo o que me dixeron. O que ti digas.

D. Juan José Cruz García: É que si és un mentiroso. Terei que dicirche que o es. Xa non sei onde vou e con quen falo. Ademais de non representarme. Non sei con que tomo un café. Eu xa non sei nada. De tonto e inútil debín pasar a subnormal profundo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Home podemos chegar a estar de acordo.

D. Juan José Cruz García: Déixame dicircho outra vez: mentiroso.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por UNANIMIDADE dos asistentes, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a moción, adoptándose o seguinte acordo:**

A zona de Cidade Xardín experimentou nos últimos anos unha serie de obras de mellora necesarias para a modernización das súas infraestruturas que incluíron a

substitución das tubaxes de saneamento, que presentaban un diámetro moi cativo, e das canalizacións de abastecemento de auga que ata daquela eran de fibrocemento. Ao tempo que se fixo unha modernización e ampliación destes servizos, acometéronse na maior parte das rúas desta zona a melloras das beirarrúas, que se levantaron para cambiar as tubaxes e un reasfaltado da capa de rodadura das rúas.

Un plan de modernización e mellora deste barrio lalinense que por cuestións de orzamento no decurso da obra non se puido acometer na rúa Xesteira, ao tempo que nas outras rúas que compoñen Cidade Xardín. Antes do cambio de goberno, o PP de Lalín tiña adquirido o compromiso cos veciños desta pequena rúa lalinense para realizar estas melloras que xa tiñan completadas o resto das rúas deste entorno.

A rúa da Xesteira, que comeza na rúa do Rodo e remata na rúa dos Lirios facendo un L, é unha das rúas que se construíron ao tempo que todo o entorno de Cidade Xardín. Na actualidade, como ocorría coas outras rúas, presenta canalizacións de auga en fibrocemento moi antigas e que co paso do tempo foron quedando obsoletas, ao marxe doutras consideracións. As canalizacións de saneamento presentan un diámetro máis estreito do que sería necesario co que atenden ao servizo moi preto do límite da súa capacidade. Tamén se fai preciso mellorar, polas dúas marxes, as beirarrúas e a plataforma de rodadura que se atopa deteriorada.

Á vista do exposto, o Pleno **ACORDOU**:

1.- Que o Concello de Lalín redacte o proxecto de obra necesario para a mellora e modernización das redes de saneamento e abastecemento da Rúa Xesteira, a melloras das beirarrúas por ambas marxes e o reasfaltado da superficie de rodaxe da rúa.

2.- Que o Concello de Lalín habilite unha partida cos remanentes 2016, ou se fose preciso no Plan Concellos 2018 ou cos remanentes de 2017, para acometer a obra antedita na rúa Xesteira.

11.- EXPEDIENTE 4378/2017. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO EN RELACIÓN AO REFERÉNDUM DE CATALUÑA.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro electrónico do Pleno o día 20 de setembro de 2017 co número de rexistro de entrada RE-295. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 27 de setembro de 2017.**

Na deliberación houbo as seguintes intervencións:

D. Juan José Cruz García: Principalmente esta moción é facilísima de defender, porque aquí o que se leva incumprindo son reiteradamente as leis. Que alguén non queira poñervos diante dun xuíz ou que non teña a capacidade económica ou que non queira incumprir a súa palabra; o que este concelleiro sempre quixo é o cambio para Lalín. Seguiu loitando por elo e expresouse de forma diferente. Como se expresou de maneira diferente, foi censurado. Teremos que debater todas estas cuestións. Agora mesmo estanse incumprindo leis. Esas leis xa non só do Pleno do Concello de Lalín, senón que son leis que son a Constitución, leis que son europeas. Entón haberá que postularse sobre estas cuestións. A min venme ben para facer

reflexións políticas e explicarlle ao pobo de Lalín porque eu estou sentado aquí. Cada un pode de forma autoritaria tomar as decisións que queira. Pode a APAC gobernar ela soa, se quere influír aínda máis a *Rafa Cuiña* que a *Juan José Cruz*. Pode intentar impoñernos a APAC igual que a CUP impón as súas formas de goberno en España porque hoxe colles e de repente lle pide a dimisión a *Artur Mas* un partido político se agora *Puigdemont* ponlle un período no que ten que actuar ou non actuar, están coaccionando e metendo unha presión no Estado esaxerada. No seu momento *Rafael Cuiña* tivo a ben na súa forma de xogar co sarcasmo e empezar a visualizar un espazo onde quería tirar a asinarse con xente. Tamén a min preguntoume e non me canso de dicilo que se iría con el ao BNG. Eu nese momento tiven que calar. Interésame a min postularme sobre un partido que non me interesa nada?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É que che dixen que está o noso xefe *Paco Vilariño*. Acórdate diso.

D. Juan José Cruz García: É o de sempre, se non podo falar.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pobriño.

D. Juan José Cruz García: Volvémolos repetir: se a prensa se quere facer iso, nas súas inquedañas estaba mostrarnos a *Paco Vilariño* como unha persoa que ía liderar, non sei o que ía a liderar, porque de xefe si que falou. Liderar haberá que ter votos. Con cincocentos votos é difícil un transvase, pero bueno aí nos presentou a *Paco Vilariño* e nos foi guiando igual que cando quería postular a *Teresa* como próxima Alcaldesa. Son cuestións deste Pleno. A historia non a escribo eu; escríbea *Rafael Cuiña*. Se minto en algo no que diga, que veña a prensa e o diga. Non dixo *Rafael Cuiña* neste Pleno que a próxima alcaldesa de Lalín era *Teresa Varela Fisteus*?. Igualmente que dixo iso, dixo que o noso xefe era *Francisco Vilariño*. Eu négame a que o meu xefe sexa *Francisco Vilariño*. Eu négame a que APAC proporcione e meta no debate unha moción de aconfesionalidade, a que manipule a vontade de todo un pobo. Négame a que marque os tempos do goberno de España un partido independentista. Eu alerto contra os independentistas e arrisco moito nas miñas bromas, porque non retiro nin unha palabra do que dixen; “Coidado co independentismo”, é niño doutras cousas.

Vostede déixeme falar no hai que facer moito que ver en prensa nacional ler frases textuais “Queremos combater a criminalización e xudicialización” esta é prensa galega. Pero quero ler outra frase que se non a teño aquí buscareina. Se non, dígovos o sentido da frase: “Chegado o momento hai que alertar que a historia do independentismo foi sinónimo ou non sinónimo é caldo de cultivo de violencia, de guerra con motivo de organización que non son legais e de organizacións que están detrás das rexas, iso é unha verdade”.

Dado que quero falar da miña vontade e da miña ideoloxía, non entendo como se criminalizan e se xudicializan as posicións discrepantes. Iso é o que di Martiño Noriega. Coño! Martiño Noriega, o compañeiro de Lara di en Santiago que non entende como se criminaliza ou se xudicializa ao discrepante que é neste proceso que estamos a vivir. O discrepante é o que quere marchar ou é o que somos todos. Aquí hai moitísimas cousas das que se están falando nas que non hai dúbida ningunha. A lei esta para cumprila. A lei é un dereito que temos todos. Un dereito a decidir que do que nos están falando non existe. Quen decide aquí? Deciden uns cataláns ou toda España. Decide en que sentido poderían decidir, poderían decidir

pola lei europea. Si son colonia?, que queren ser colonia ou nación? Porque se queren ser colonia está concretizado na lei que si poderían decidir.

Isto está pasando de ser unha Democracia a ser unha Autocracia. Decídeno eles porque queren, como aquí no Pleno de Lalín decide Rafael Cuíña, cando Juan José fala, cando Juan José xa ten a moción. Porque isto está pasando aquí no Pleno de Lalín. Incúmptense as leis e aquí tamén se actuou dende unha autocracia porque o decido eu porque eu son o Alcalde. Bueno, pois decidilo ti, pero coas consecuencias que ten actuar coa túa vontade.

Onde votar e que votar? Porque votar só nese espazo e non votar tamén en Galicia? Eu quero que se vote primeiro a Monarquía Parlamentaria. Estamos aquí para abrir a lata da cervexa e bebemos todos dela. Negar votar a todos os españois. Pásanse polo forro que aquí poden votar os menores de 16. Iso non existe en case ningún caso da Comisión Económica Europea.

Neste Pleno pasa o mesmo que en Cataluña, os informes din o que eu quero que digan. Interpreto como eu quero que digan, porque hai un poder divino, unha sabiduría magna por parte destes gobernantes que intentan manipular os informes e lévanos ao seu lado. Aquí non hai un poder divino para poder decidir quen pode votar. Non hai ningún informe para que este sexa legal. Por que votamos en Cataluña?, por sentimento? Por sentimento case vou votar eu a confesionalidade do Estado, porque eu síntome moi relixioso e creo que hai un sentimento en min un poder subdivino.

Europa foi creada para evitar conflitos. Unha das principais competencias de Europa é velar porque se cumpran as leis e evitar os enfrontamentos.

En Lalín o que creastes son os enfrontamentos. Botástesme o pobo encima e a todos. Isto é o que vos gusta: embarrar. O enfrontamento non se pode crear e obviar a lei. Porque se debe facer de nacionalismo? Independentismo? Si, pero coas leis na man. Menos mal que non temos a ninguén de Podemos ou teremos alguén de Podemos, pois se tanto queren a independencia, colledes e todos estes que queredes o propoñedes onde tedes que propoñer, debatelo e alí asumimos o risco político da nosa postura. Pero iso é no Congreso. Aquí hai que respectar, non se respectou na moción da confesionalidade. Polo tanto, o diálogo non é o diálogo na prensa, o diálogo ten que ser onde ten que ser, decides que non me represento, ti estas falando e valorase sobre cuestións porque si que hai que dialogar e si estamos dialogando mal que os pese. Si que houbo reparto de poder nas autonomías, podemos seguir loitando polo reparto das autonomías pero dentro da legalidade, dentro dos votos, dentro de onde votaron tódolos cidadáns españois dende a constitución, aquí neste momento xa podemos afirmar que houbo numerosísimas votacións nas que se puideron postular os partidos independentistas cataláns, puideronse postular ata en tres referéndums para aprobar a Constitución, co independentismo hai que ter coidado con el é a imaxe do pacifismo que nos queredes vender moita xente, o independentismo é a cuna de moitas organizacións que están metidas moitas veces baixo reixas, hai que ter coidado, hai que alertar contra o independentismo. Hoxe mesmo que os parece tan bonito e unha verbena xa hai pequenos actos vandálicos.

O soño catalán, e logo o resto de España non podemos ter un soño?iso é o que hai meter no discurso político e se non se da pasado por modelos de referéndum porque iso ten que ser aprobado por quen ten que aprobalo entón teremos que convencer a xente que foi o gran erro de *Rafael Cuíña* que non se sabe postular en ningún sitio quere estar a catro carrizos, xa no vale estar calados hai que falar, non vale chamar tolo a alguén e calar e incumplir as leis aquí están as lei para cumprir. Hai moitísimas mentiras neste proceso de Cataluña. Cataluña agredida polas forzas do orden público, manda carallo!.

O Tribunal Constitucional di que hai que actuar pero a orde pública non pode actuar. Quen esta agredindo a quen? Están actuando como policía xudicial. Estádevos saltando o Tribunal Constitucional. Estádevos saltando corenta anos e a historia. Da igual de Galicia ou de onde queirades, á parte é de todos. Todos imos ter ese problema. Eu militei nun partido onde hai discrepancia neste momento e vese que *Miguel Barros* se salta pola toleira e vaise da opinión maioritaria de Compromiso. Houbo charlas para avisarnos, estando eu militando curiosamente para alertarnos da gravidade dun posible escisión de España. Nese momento falou dun 20% da economía de España. Agora esa xente que está alertando dentro de Compromiso pregúntome eu, poderán seguir discrepando ou expulsáranos como o tráfuga de Lalín? Ese *Miguel Barros* poderá quedar no partido ou non? *Nicolás*, tamén expulsaron ou non polo seu voto nas Comisións Informativas? Cambiara o seu voto?. Ti rite do que queiras.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: E a Crespo por absterse.

D. Juan José Cruz García: Agora Nicolás terá que...

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Paréceme especialmente grave. Ah, que non estivo, perdón.

D. Juan José Cruz García: Zipi e Zape. Estades facendo do Pleno de Lalín unha broma.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Tes razón.

D. Juan José Cruz García: Estades facendo unha tremenda broma, cando esto se votou en Santiago e lle destes unha magna visualización os partidos que están aquí tanto o BNG como Marea e volvo dicilo: *Manolo Iglesias* é independentista, Lara é independentista, BNG é independentista. Ride do que queirades vouno dicir aquí ou no Tribunal nº 2 de Lalín e vouno seguir dicindo e non ides poder calar ao concelleiro non adscrito. A democracia non é a existencia dunha maioría a democracia sabedes o que é? É cumprir as leis, a democracia é non saltarse impunemente as leis como facedes, querédevos aproveitar do débil.

Estades dubidando da independencia xudicial e despois decides que nós metémonos cos técnicos da casa e cousas así. Vós estádevos saltando unha historia que custounos corenta anos poñer aí. Decides ademais a peito descuberto que as regras non os gustan. É como se eu vou a unha oposición e chego e digo: "eu non asumo as leis desta oposición porque non estou de acordo co tribunal o co presidente que puxeron nalgún momento por sorteo e noutros momentos que poñen a dedo". E como si eu me paso polo forro o de ir de aquí a Muimenta a 80 km/h. Iso é o que estades facendo. Sodes capaces de saltarvos as leis e rios de nós. Saltástelas na miña expulsión, na visualización do Pleno, non cumprindo os acordos plenarios. Iso é o que sodes.

Queredes saltar as leis a torera, porque iso é o que sodes. Aquí non os vai valer outra cousa máis que escoitar a lei. Falades de bloqueos webs. Se o manda o tribunal aí hai ordes para facer ese referéndum. Ides votar que estades de acordo con todo isto que está pasando? Que carallo despois ides a votar en Lalín?. Que queredes facer política dun hospital? A intimidación da CUP é a mesma que facedes aquí, a mesma que quixeches facer aquí nas redes sociais, a estigmatización de que si que facedes que isto si que é un debate político. Como é un debate político que chama a APAC e

independentistas, e quero que quede todo isto en acta, *Sr. Secretario*, porque me interesa moito este Pleno, porque eu teño que xustificarlle a unha xuíza que no son independentista. Eu teño que xustificar o contrario. Esta moción para min é moi importante e para os dereitos dos españois.

Se falamos de quen pon as normas en Cataluña, neste momento témolo claro. Quen as quere poñer neste Concello?. Estou de acordo co PP. Cantas concellerías hai?. Como se fixo a área de reparto neste Concello?. Que democracia hai aquí?. Queremos falar que non governe só *Paco Vilariño* e que non teña collóns para asumir o liderazgo do goberno. Tense que marchar para fóra e ser non adscrito. Falo así con contundencia, porque iso é o que merecedes. Pódense incumprir cincuenta mil cousas pero os cataláns tiveron trinta e cinco eleccións para votar (estatais, referéndums, o que quixeron). A intimidación comigo non vale. A ver se os vale co Tribunal Constitucional. Vós ides ter que votar e eu non quero estar aquí. Non quero estar con estes que votan contra a lei. Polo tanto chamo a que se reflexione. Se non os vale a moción así, porque xa me adianto, ides dicir “non claro que nós non votamos chorradas que non teñen que ver con Lalín, nós non votamos a favor de incumprir as leis, nós votamos en contra da túa moción”, non sei que xustificación diredes. Eu xa os adianto que si non os vale así, cambiámola e traemos para o próximo pleno a moción de Santiago de Compostela. Traémola e dicimos a ver se os gusta votar. Alí si que os gusta votar mocións e aquí non. Algo teremos que facer.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vaia rematando por favor.

D. Juan José Cruz García: Criminalizar, estigmatizar e xudicializar fíxose aquí e estase facendo, o discrepante trátase como un tolo pois o discrepante segundo din en Santiago hai que respectalo. Aquí hai que respectar ao discrepante que é Cataluña pero aquí en Lalín ó discrepante non se respecta. Señores voten por cumprir as leis. A democracia é cumprir as leis, non é ter maioría nun punto ou noutro. As leis europeas e as leis estatais están moi claras.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Imos a facer unha quenda porque creo que queren falar varios concelleiros. Eu nunha ocasión na época da Universidade tiven a oportunidade de falar con *Aznar* e recomendoume un libro moi interesante que lín que eran os “*Discursos parlamentarios de Azaña*”. Está intervención do *Sr. Cruz* é a seguinte máis interesante que escoitei despois dos discursos de *Azaña*. Non sei se queredes comezar o PP ou outros, é que non sei como establecer as quendas. Empezamos polo BNG, de menor a maior?

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Eu de verdade, eu non sei se isto está pasando de verdade ou é que aínda non despertei. É lamentable ter a alguén así formando parte da Corporación. Eu xa non sei se nós xestionamos o proceso en Cataluña desde este goberno ou se estamos falando de algo que nin ten competencia a nivel municipal e nin lle interesa moito aos cidadáns. Eu en todo caso, aclarar en todo caso o posicionamento do BNG. Quen defende que o límite democrático é a lei pois está claro que responda, é dicir, *Franco* lexislaba, tiña leis, *Hitler* igual, había leis e iso non implicaba que dende logo esas leis foran xustas. Polo tanto ata aí podíamos chegar. Por lei designouse con *Hitler* que os xudeos non podían ter relacións con alemáns, que non puideran ser funcionarios públicos e que non podían ter ningún tipo de dereitos. Supoño que defenderán o mesmo. O apartheid era legal. Entón supoño que estará a favor, non?, A escravitude foi legal, o colonialismo foi legal. Quero dicir que ridiculez de argumento. Eu creo que estamos ante un conflito político onde uns

estarán a favor e outros estarán en contra e que nin tan se queira vou introducir aquí este debate.

Eu como representante do BNG estamos polo dereito de que os pobos decidan o seu futuro libremente en movementos. Ademais que nin a máis extrema dereita é capaz de afirmar as xeracións de tipos de violentos. Incluso o movemento catalán é un movemento histórico baseado precisamente nos aspectos máis pacíficos e cívicos á hora de construír dita nación. Quen está a formar iso e a perseguir urnas, papeletas e imprentas? Pois eu creo que xa se definen. Insisto que non vou perder nin un segundo. Dependerá da argumentación do PP que volva intervenir. En todo caso deixar claro que é un problema político, que o dereito a decidir dos pobos é básico, e que na súa argumentación fascista defenda argumentos de violencia e defenda argumentos amparados noutro tipo de actuacións entendemos que se retrata e se define á perfección.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Bo día. Antes de nada felicitar a *Juan José* pola súa magnífica intervención en relación coa súa moción. Realmente eu botaba de menos unha moción polo criadeiro de alevíns, porque era un tema que realmente controlo bastante e me gustaría falar dese tema neste Pleno. Pero sae o tema de Cataluña. O do referéndum é algo moi importante para este Pleno e para os votantes que representamos todos e todas.

Simplemente volver a incidir na felicitación da súa intervención. A min sempre prodúceme algo de estupor, unha dúbida que me ven á cabeza, cando escoito a este concelleiro non adscrito e se os discursos os leva escritos, porque realmente me parecen de tanta calidade. Eu quero pensar que os leva escritos e o único que fai é ler. En relación con esta moción e en relación co referéndum e a miña calidade de independentista que creo que aínda non o son o 100 %, porque aínda vivo cos meus pais, estou intentando traballar e creo que o vou conseguir. De momento estou nunha porcentaxe que rondara o 70% do independentismo; pero conseguireino nalgún momento.

Simplemente facer referencia, non sei se vostedes leron o comunicado da ONU en relación co referéndum de Cataluña. É dicir unicamente están votando algo polo que levan loitando moito tempo e reproducen aquí que no informe a nivel de resumo o que se comenta é que o Estado español debe respectar os dereitos fundamentais en resposta ao referéndum catalán, é dicir, a propia ONU está defendendo o que está ocorrendo en Cataluña. Está defendendo á xente que quere votar e aos pobos soberanos e aos pobos coa súa decisión de autodeterminarse como tal, está en internet e poden ler o informe da ONU. Os asinantes do informe, *David Kaye* que é relator especial sobre a promoción e protección do dereito á liberdade de opinión e de expresión e *Alfred de Zayas* experto independente, encargado de promover unha “orde internacional democrático e equitativo”, manifestan e esixen que as medidas adoptadas contra o referéndum catalán de 1 de outubro non interfiran nos dereitos fundamentais á liberdade de expresión, reunión e asociación e participación pública. Simplemente felicitar. É unha mágoa que non se presentaran outro tipo de mocións máis interesantes como pode ser a do criadeiro de alevíns. Vino na prensa e pareceume moi bo, como todo neste Pleno.

D. Nicolás González Casares: Xa postos aos desatinos a que nos ten acostumados este concelleiro, traer aquí o referéndum ó Pleno do Concello, eu creo que este pleno tamén vai retratar moitas cousas seguramente na votación. Pero creo que é un absoluto desatino traer esta moción, porque o *Sr. Crespo* reclamaba mocións longas e con moito corpo. Eu recoméndolle ao *Sr. Cruz* que mellor as recorte un pouco

porque nas directivas a min paréceme lamentable a parte de que non se cingue nada aos problemas de Cataluña é dicir trae unha moción do referéndum de Cataluña pero non fala nada dun programa real.

Coincido con *Paco Vilariño* e con *Lara* que hai un problema político en Cataluña negado polo goberno do Estado que deixou chegar á situación que chegou e tamén lamentable situación por parte dalgúns aproveitados independentistas cataláns e do nacionalismo catalán, digo nomeadamente algúns, porque outros non esconderon a súa posición como é ERC. Pero a dereita catalana nacionalista subiuse a este carro porque lle interesaba electoralmente, porque non tiña saída ao seu mundo de corrupción. Probablemente algo lle pasa ao PP que deixou todo o goberno e poder executivo do Estado na man das leis do poder legislativo e do poder fiscal e dos xuíces e está deixando por completo de facer política. O PP é a negación do poder político, o Sr. *Rajoy* botouse a durmir e quere agora que resolvan os xuíces, cando estes problemas podían estar antes tratados, polo menos sentarse porque estas cousas hai que falalas. Eu claro que son contrario a que se celebre un referéndum en Cataluña pero son tan contrario a que se celebre un referéndum en Cataluña como que o principal partido do Estado sexa unha organización que esta investigada por ser unha organización criminal. Paréceme igual de grave e esa falta de lexitimidade do partido no Estado é un pouco o que lle está pesando ao Sr. *Rajoy* non a hora de utilizar aos xuíces, senón a hora de utilizar a política, porque non ten credibilidade.

Estou en contra a que se celebre o referéndum sen o marco legal axeitado, pero non estou en contra do referéndum, que quede claro. Se existira o marco legal por que non pode haber un referéndum? Pero dende logo non existe ese marco. Tamén estou en contra de que se fagan vídeos animando, bandeiras con aguiluchos, ou que se anime á garda civil a que se lle diga “a por eles, a por eles, oe , oe”. *Manolo* logo falas ti se che deixa falar *Crespo* que nunca falades ningún.

O outro día houbo unha serie de confusións seguramente despiste a prensa porque eu o que voto aquí voto en contra desta moción deste señor que di que o Goberno de Lalín condene publicamente o referéndum catalán mediante o voto a favor da moción, vaime condicionar a min o voto a favor?, eu vou votar en contra desta moción pero eu non estou a favor do referéndum do 1 de outubro. Por certo infórmate ben que na executiva provincial xa estou moitos anos. Polo tanto vamos votar o grupo socialista en contra desta moción pero claro que estamos en contra do referéndum que se vai facer o 1 de outubro, igual que o PP o outro día estivo nas comisións e non creo que o PP lle de igual que haxa un referéndum en Cataluña, supoño que o PP de Lalín estará nos mesmos postulados que esta o seu partido, agora neste asunto creo que temos que reflexionar a partir do 2 de outubro pero sobre todo reflexionar que este pleno se faga unha declaración institucional sobre algún asunto de importancia primeiro hai que sentarse e pactalas e logo xa veremos de facer unha moción ou non pero é que isto paréceme a maior patraña que se ten traído o Pleno deste Concello dende que asisto a eles, e xa hai moitos anos que asisto.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós abstivémonos o día das comisións, como facemos moitas veces coas comisións e como fan outros. Iso non quere dicir que esteamos de acordo ou desacordo. Neste caso estamos de acordo coa exposición que fixo Juan José Cruz, aínda que poida parecer nalgunha parte estridente. Hai que dicir que o problema do órdago independentista catalán é grave. Vós podelo vivir menos do que eu podo vivir, porque esta semana aínda estiven luns, martes e mércores no Senado e vin a tensión que había alí. Vin como Esquerra Republicana se levantou o martes e deixou os seus escanos. Vin como a portavoz de Esquerra na comisión de Fomento dixo que xa non presentaba ningunha moción das que tiñan previstas para a

Comisión de Fomento que imos ter o martes. Pregunteille se ía a volver ou non, pero non me dixo nada. Vin como a antiga Convergencia se levantou da sesión o mércores. O tema é máis grave do que parece. Na lonxanía vémolos distintos.

Pase o que pase o día 1 de outubro a situación no vai ser fácil. Eu teño que reprochar que o portavoz do PSOE nesa animosidade que ten contra Mariano Rajoy diga que Mariano se durmiu. É que é moi fácil criticalo, pero: que é o que podes facer?. Agora que pasa o toro todo o mundo é Manolito, pero este é un tema que se leva xestando durante moito tempo, gracias ao goberno de *Felipe González* que cando era chave Convergencia e Unión deu unha serie de prebendas e pasou tamén con outros gobernos

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Outros gobernos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pasou con outros gobernos estouno dicindo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero dis con *Felipe González* e logo dis outros.

D. Xosé Crespo Iglesias: Imos ver. Convergencia e Unión foi chave para moitos gobernos da democracia, algúns de Felipe González e outros de Aznar. Nós o estamos vendo por exemplo agora para aprobar os orzamentos. Como non temos votos a favor, ben vedes que o orzamento que iamos a discutir a semana que vén resulta que queda aprazado sine die porque o PNV dálle o rabo polo que pode pasar en Cataluña.

Iso queirámolo recoñecer ou non é así. Nunca se tivo a visión de que loxicamente se estaba quentando o forno para o que agora está pasando. É iso: xuntouse a fame coas ganas de comer e ao final entre a crise que houbo en España, porque hai que recordar que o órdago independentista que agora pon enriba da mesa o goberno catalán pasou ó final da 2ª República, e habendo unha República non precisamente de dereitas. Pois tiveron que facer o que tiveron que facer. Polo tanto isto non é novo o que ocorreu. Por iso creceu tanto o independentismo. É que dende a democracia a nivel do que son os partidos nacionalistas estiveron sementando a discordia e estiveron sementando nas novas xeracións e gracias que os gobernos de Madrid miraron cara outro lado, como se non fosen para eles, ó final foi fornecendo pouco a pouco un sentir nas novas xeracións de antiespañolistas. Iso foi perfectamente preconcebido e iso foi incluso pagado cos fondos que o propio goberno central deixaba.

En definitiva, o resultado é o que é. Non é fácil atacalo, porque é moi fácil o criticar por un lado aos que o queren facer ou como fan a nivel do resto de España fóra de Cataluña a *Mariano Rajoy* que actuou da mellor forma que lle pareceu. O que vexa que hai outra mellor, porque o PSOE sempre ten a pedra filosofal, que a poña enriba da mesa. Eu a de que se *Pedro Sánchez* lle dixera a *Mariano Rajoy* de facer unha proposta do que se puidera facer nesta situación, estoulle por dicir que neste momento Mariano sería moi receptivo. Loxicamente como quere a unión dos partidos constitucionalistas seguro que o podería facer.

O tema ten unha gravidade como digo manifesta. Eu probablemente o note máis que vostedes porque teño que recoñecer que cando hai debates si inflúen e a nivel de Cortes é onde ten que habelos. Vexo as exposicións apaixonadas tanto dun lado coma doutro e polo tanto creo que teño un coñecemento da gravidade que me preocupa, algo que ao mellor dimo fai un ano non me preocupaba tanto; pero hoxe preocúpame.

A moción de Juan José aínda que o Concello a competencia que temos nesa

materia é a que é. Eu creo que a razoou ben e creo que fixo un argumentario que poderedes estar de acordo ou non el, pero fixo un argumentario que a gran maioría do que el dixo eu subscribo porque España ten un problema grave.

Ao mellor a algúns cataláns pódelle parecer que eles van vivir mellor en solitario, como son tan solidarios, como son irmáns da caridade e como os seus partidos nacionalistas non son excluíntes, senón que integran a todo o mundo, como son tan sectarios como os que máis é polo que está pasando. porque senón eu creo que se podería buscar unha solución razoablemente razoada.

Tomade nota nesta corporación. Cando *Pedro Sánchez* que eu creo que *Mariano Rajoy* non é santo da súa devoción e a sintonía de *Pedro Sánchez* e *Rajoy* é todo menos de boa sintonía que politicamente non lle quere dar nin o pan nin a sal, eu invítovos a unha reflexión independentemente do que vote cada un. Con esta moción Juan José conseguiu algo curioso y é que no grupo de goberno opinades cada un como lle pete, ao que tedes todo o dereito, pero tamén queda claro o posicionamento desta corporación. Nós estamos dispostos a votar a favor desta moción eu o que lle pediría a Juan José é que na parte dispositiva que pon acordo: “que o goberno de Lalín condene publicamente e rexeite o referendun independentista catalán mediante o voto a favor desta moción. O voto a favor desta moción significa rexeitar o referéndum catalán e asumir e cumprir as leis vixentes” eu pediríalle que o cambiara o acordo é que puxera en vez de o goberno de Lalín que puxera a Corporación de Lalín porque nós non somos goberno pero somos Corporación. Entón pediríalle ese cambio transaccional, porque o goberno de Lalín inclúe só ao cuatripartito e a Corporación somos todos, porque eu estou disposto a traballar porque España non se rompa porque sendo galeguista entendo que hai que facelo, porque Galicia sae perxudicada iso é o que non queredes ver.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Entroume a tos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Galicia coa independencia de Cataluña sae perxudicada. Si, *Paco*, aínda que penses que non. Isto non é un tema para debater aquí, pero si se miran cousas que hai por alí eu poderíache demostrar que Galicia como o resto de España sae perxudicada. O chulo é que tamén saen perxudicados os cataláns. Pero é certo que o seu orgullo persoal de dicir que son un País ou unha Nación ao mellor lles compense, dende o punto de vista deles, dalgunhas outras miserias, pero o que é certo é que o resto saímos perxudicados. Hoxe levántase Raquel como unha furia e di: creo que podemos ser concello; por que que é isto de pertencer a Lalín? Entón un bo día Raquel colle a uns cantos por Vilatuxe, fai unha reunión nun bar e empezan a falar do Concello de Vilatuxe e deciden os de Vilatuxe xuntarse e votar e se a maioría queremos un concello, facémolo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ti tes máis nivel do que estas dicindo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Para adaptalo ao local, entón dinlle que para iso só hai unha lei e a lei non lle permite a Vilatuxe aínda que vote o 100% pois extrapolando moito ven a ser o mesmo. Por certo, pasou non hai tanto nun concello no último que se desagregou que foi Burela de Cervo, hai unha normativa. Polo tanto eu nese aspecto o que quero deixar claro é que Galicia e os que pensamos en galego e sentimos o galego e falamos galego, Galicia sae perxudicada e tal como eu quérolle a Galicia estou totalmente en contra do que quere facer Cataluña, por España e polo que saímos perxudicados os galegos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Case pareciches carlista no plantexamento.

D. Manuel Fernández López: Aquí collemos todos neste país os extremistas, os que votan un partido os que votan outro. O que non temos dereito é de dividir este país. Hai unha situación que eu xa me perdo porque eu fun emigrante moitos anos e cando pasaba a fronteira encontrábame no meu país, a parte que me encontrábame en Cataluña ou no País vasco encontrábame no meu país, en canto estaba en Francia non estaba no meu país. Canto uns señores que poden ser extremistas ou o que voten a min ese dáme igual.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: A xente que non pensa como vós, son extremistas?.

D. Manuel Fernández López: Déixame falar.

D. Nicolás González Casares: Manolo. Ías falar por alusións, douche trinta segundos.

D. Manuel Fernández López: Ves que me está interrompendo sempre.

D. Nicolás González Casares: Douche trinta segundos por alusións se queres falar dámosche a liberade de expresión que ti negas.

D. Manuel Fernández López: Este país e esta democracia non a constituíu soamente Cataluña; construímosla entre todos.

D. Nicolás González Casares: En serio?.

D. Manuel Fernández López: Eu que recorde si. Aquí hai unha situación este país, a constitución, a democracia fixémoslo entre todos os españois. É que se me interrompes, dáme trinta segundos e interrómpe-me quedame cinco segundos. Aquí tivemos un gran problema co País Vasco que querían ser independentes e como non foi posible tiveron o valor de ir o Congreso dos Deputados a presentar a súa oferta e saíu que non e encartaron a carpeta e marcharon para o País Vasco. Todos temos dereito a votar e eu pido que Cataluña ten dereito; pero o dereito témolo todos os españois se estamos de acordo ou non. Cataluña non é que queira separarse senón que os radicais xa non queren saber nada de España o que queren é botar os españois fóra de Cataluña.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A miña intervención vaite ofender moito, xa verás.

D. Juan José Cruz García: Vamos empezar lendo aquí algo, porque decides que esta é unha moción que non ten sentido en Lalín, ditades vós o sentido que lle queremos dar as cousas. O BNG, Anova, Marea fan un manifesto que empeza comentando que a situación en Cataluña nos afecta a todos e a todas. Engade que o pobo catalán ten demostrado que é unha Nación e que por tanto ten dereito a decidir libremente e democraticamente. Neste manifesto que firmades non sei en onde. Eu dígolle aos lalinenses como poden confiar en xente que pode dicir unha cousa aquí e

outra fóra. Iso non pode ser. Fálase de leis xustas. Aquí dixo *Nicolás* que *Rajoy* utiliza aos xuíces. Vouno repetir tres veces “*Rajoy* utiliza os xuíces”. Se *Rajoy* escoita isto, é que isto é denunciabile. Hai cousas aquí que cando se falan a min dáme igual o que faga *Rajoy*, pero esa acusación non a podes dicir. Estás dicindo que *Rajoy* ten a patria potestade para manipular a un xuíz? Por Dios o que dixeches!.

Artur Mas intentou desviar con estas cousas e pagou os pratos rotos. Agora tócalle pagar a outros. Aquí houbo casos de corrupción. Diso non se pode falar aquí. Só se pode falar de mocións para censurar a un veciño non grato aquí. Iso sí que é interesantísimo: que non entre a comer o cocido un señor de Madrid!. De iso si que se pode falar. Pero falar de que Cataluña e os independentistas pode supoñer un risco para moita xente, iso non é. Pode ser un risco ao non cumprir as leis e as leis hai que cumprilas. Neste pleno *Juan José Cruz* nunca chamou terrorista a ninguén nin neste pleno nin en ningún sitio. Xa está recoñecido que *Lara* é independentista supoño que estará recoñecido con máis probas suficientes de que *Méndez Ferrín* é independentista e creo que é unha realidade dicir que estivo na cárcere. Creo que é unha realidade dicir que *Manolo Iglesias* é acompañante de *Méndez Ferrín*. Creo que é razoable dicir que houbo grupos terroristas en resistencia galega que están xudicializados, xuventudes vinculadas ao independentismo galego e vinculadas a certos partidos e hai políticos que non censura iso. Esta moción vai máis alá. Onde está a liberdade de expresión? Esa que tanto pedides?. Onde está a liberdade de expresión para dicir que intentades manipular os argumentos?. Queda demostrado neste pleno de que *Manolo Iglesias*, *Lara* e xente deste pleno como *Paco Vilariño* colaboran con grupos independentistas é unha verdade dita alto e claro.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Concreta.

D. Juan José Cruz García: Por favor que non me interrompa.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Non sexas covarde.

D. Juan José Cruz García: Covarde es ti. Vou seguir falando. Sodes capaces de dicir que non votades a favor de incumplir a lei, sodes capaces de dicir iso, votando o contrario?.

Eu quérovos aclarar que eu non votei en contra do ENIL. Votei en contra da manipulación que facedes da xente co ENIL, porque non tedes asignado nada. Non tedes feito nada. Estadades facendo barullo con tonterías. Iso é en contra do que voto eu. Voto en contra do mal que tramitastes o ENIL. Esta moción vale para moito porque enrevexasteis tanto a política local, que hai que ter coidado cos argumentos que se botan hacia enriba e volven.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vaia rematando por favor.

D. Juan José Cruz García: Vou falar todo o que considere oportuno.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, esa chulería non a admito porque o Pleno o dirixe o Presidente do pleno entón dígolle das mellores maneiras que vaia rematando se é tan amable.

D. Juan José Cruz García: Podo seguir falando?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero non me veña con

chulerías.

D. Juan José Cruz García: Vale. Esa si que é chulería.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si, si. Siga falando.

D. Juan José Cruz García: Eu vou seguir falando, onde? Hoxe aquí? Puxen algún complemento circunstancial?. Vostede quere embarrar. Está facendo unha afirmación da que non hai. Dicirlle que *Rajoy* utiliza os xuíces, é dicir, que manipulan o Tribunal Constitucional é unha aberración e iso é o que lle gusta a vostedes. Nicolás vai ter que enrevesar, enrevesar; pero amiguiño: “a vaca polo que vale”. O PSOE ten que postularse como se ten que postular e vostede: a quen lle está obedecendo agora?, *Abel Caballero* parouche os pés. Compara este proceso con Franco. Eu alucino. Vostede *Rafael Cuíña* tense que situar. Vaise marchar de Compromiso por Galicia?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vou para o BNG, acórdate.

D. Juan José Cruz García: Vaia para onde queira, pero terase que situar porque se a min me expulsan dun partido por discrepar, vostede hoxe ten que pronunciarse para saber todos os lalinenses onde está. Queremos saber se está con *Miguel Barros* ou se está coa postura oficial do partido. Vostede terá que pronunciarse e se non os covardes son outros que non se pronuncian e se escoden detrás de perfís para falar e dicir cousas e utilizar xente para criticar pero logo están escondidas. Esa é a súa política neste momento: esconderse. Non se esconda nisto e díganos a todos os lalinenses Sr. *Rafael Cuíña*: se censura ou non censura isto e se promete cumprir as leis ou non as promete cumprir. Fóra disto pouco máis hai.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas gracias. Sr. Concelleiro. BNG quere dicir algo? Case non, non?. *Lara* entendo que nada e *Nico*?

D. Nicolás González Casares: Si, algunha cousiña. Eu espero aquí unha rectificación de *Manolo*, porque identificaches ao PNV con ETA e eu creo que dixeches auténticas barbaridades.

D. Manuel Fernández López: Non me entendiches.

D. Nicolás González Casares: Está todo recollido e logo se verá nos vídeos. Eu estou en contra do referendun de Cataluña, pero son contrario á radicalización do nacionalismo español que tamén existe e que o estou vendo con preocupación estes días.

É certo que no PP ten que coller de todo coma noutros países como Alemaña, vindo unhas eleccións. Por exemplo *Ángela Merkel* decidiu acoller aos refuxiados, pois moita xente se escapou á extrema dereita no PP. En España non hai ninguén importante na extrema dereita e aí ten que coller de todo. Ás veces ten que facer grandes equilibrios para saír airoso, pero non creo que todo valga. Non creo que o PP teña que deixarse atopelar con estes discursos de extrema dereita que estamos vendo estes días. É tan malo dende o meu punto de vista ese extremismo españolista como o extremismo catalanista. Eu creo que é responsabilidade do Estado paralo e non se está parando. Igual que é responsabilidade do estado parar calquera agresión, tamén é responsabilidade do Estado que os responsables políticos do PP fagan certas

declaracións.

D. Manuel Fernández López: Para contestarlle un minuto *Nicolás*. Non me entendiches. Cos vascos tivemos este problema porque se querían independizar e fixérono doutro modo. Entón o que fixeron foi preguntarlle os españois no Congreso dos Deputados. Isto é unha cousa diferente, Cataluña quere ir pola súa conta. Todos temos dereito a votar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Varias cousas para rematar: primeiro non falo dos meus compañeiros, pero vexo que o nivel non está moi alto e tampouco o do Senador, *Crespo Iglesias*.

A postura de Compromiso é evidente. Nós dicimos que non imos votar esta moción porque consideramos que neste momento hai un exercicio do conxunto de Estado de tan alta irresponsabilidade por un bando e por outro, que danos ata medo. Négame a participar neste tipo de circos e estou fundamentalmente preocupado por esta cuestión, pero afirmo como din enquisas no Diario e o País, que ao 82 % dos cataláns gustaríalle votar neste referéndum.

A min gustaríame un marco legal para que os cataláns se poidan pronunciar. Eu considero que Cataluña é unha nación e que Galicia é unha nación. Isto que quede absolutamente claro. Creo que cando foi a redacción da Constitución no título VIII estaba en contra *Fraga* e en menor medida *Pérez Llorca*, *Miquel Roca*, que se falou de nacionalidade, pero non se atreveron a falar de nacións porque se poñían nerviosos os militares dos cuarteis isto foi así. O que quero dicir é que me nego a participar neste circo e máis cunha persoa que ten esta iniciativa que o meu grupo de traballo me di que non conteste, porque non está á altura das circunstancias un debate deste nivel. Seguramente cando foi o Estatuto, se o goberno tivera a ben debatelo, seguramente non estiveramos nesta situación. O que si é certo é que pasamos nuns anos dun 15 % de independentistas a un 50 % de independentistas. Iso respondería a algo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se escoita.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Non se escoita.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pido que se me respecte porque fun respectuoso se alguén quere embarrar o debate a un baixo nivel non vou ser partícipe.

D. Juan José Cruz García: Pode un concelleiro non votar?

O Secretario: Sería abstención.

D. Juan José Cruz García: Entón vostede non se confunda, vostede está votando.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non ten o uso da palabra Sr. Concelleiro e respecte o meu turno. Respecte a esta presidencia.

D. Juan José Cruz García: Só se pon así comigo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Insisto con este tema o que espero que a partir do día 2 haxa altura de miras porque vexo que hai unha situación

moi separada. Por exemplo os nacionalistas cataláns sempre se uniron coa dereita española historicamente dende os tempos de *Cambó* e polo tanto algo de correlación hai neste tema. Se me vai discutir disto *Sr. Crespo* perdóeme que non me de a risa directamente. Polo tanto considerando este Alcalde de que Galicia é unha nación pero que me gustaría que houbera un marco legal para poder debater este referéndum, Compromiso anuncia que non vota o cal é unha situación técnica pero quero que figure no acta do pleno que por desprezo absoluto ao enunciado dunha moción infame e absolutamente irresponsable que comparte como dixo na súa intervención o PP.

D. Juan José Cruz García: Quero que conste en acta tamén que Compromiso por Galicia está votando e expresando a favor desta moción nun alto grao de porcentaxe e sen embargo está facendo un circo non votando, non expresándose e quero dicir que o Sr. Alcalde de Lalín está votando abstención.

D. Xosé Crespo Iglesias: Por alusións, o feito de que cando lle toca o turno o seu partido non falar trae como consecuencia de que cando pecha debería pechar vostede.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Fala o que queira.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non temos a oportunidade de replicarlle ese é o problema.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Como que non? Se sempre a din, algunha vez non a din?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Paréceme moi ben. Da súa intervención eu deduzo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Esqueceume dicir unha cousa que é moi importante: que dito todo isto estou altamente preocupado por ver saír á garda civil dos cuarteis rodeados de fachas. Os gardas civís dos que eu descendo son traballadores públicos aos que respecto moito e digo Viva a Garda Civil e sempre o direi; pero están utilizando a traballadores públicos para unha cuestión nauseabunda.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non hai peor cousa nesta vida en política que ter un nivel de acriticismo tal que non se sabe un onde está, Deus é bo e o demo non é malo é o que quere dicir vostede. Vostede sempre xoga con esa ambigüidade de que Deus é bo e o demo non é malo, se Deus é bo o demo é malo e polo tanto non se pode dicir que Deus é bo e o demo tamén é bo, o demo non é bo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Neste caso ninguén é bo, son todos uns irresponsables.

D. Xosé Crespo Iglesias: Quen rompe o marco está claro quen son, unha cousa que me ofende é que diga que son todos iguais porque non, eu non me considero igual, eu son igual que todos pero eu non me considero igual a hora de pensar na idea do nacionalismo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso o di vostede e iso o digo eu.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu creo nos pobos como Galicia que teñen unha identidade propia ou Cataluña ou País vasco. Eu creo que a intervención ven motivada por facer méritos por entrar no BNG porque na Marea non creo que queira entrar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: É por iso, por iso digo o da garda civil. Repase a resolución 1514 das Nacións Unidas, a resolución 1541, repase o dereito internacional público a este respecto e xa verá como ao mellor non estamos en tanto desacordo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Podo falar?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Gracias por retirarme a palabra e volver a darla. Repase vostede o seu sentido común que a convivencia dos pobos que agora temos e que deu moito traballo adquirir está en franca decadencia e está a piques ao mellor non unha volta atrás e iso vai a ser preocupante para todos. Eu creo que hai que ser responsables e non se pode dicir á torera que son todos iguais con todos os respectos, nós teremos fallos pero non somos iguais cos que queren separar un anaco de España que neste caso é Cataluña porque se ben é certo que aportan máis ao PIB tamén non é menos certo que é gracias o resto de España que somos o que lle compramos os produtos xa que ti vas o supermercado e non ves máis que produtos de Cataluña e que pagan os seus impostos alí; se eles son solidarios eles teñen as de gañar porque levan a parte de gañar e a min paréceme mal que diga que lle parece moi preocupante o que está pasando nos cuartelillos da garda civil.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Nos cuarteis non, na xente que está fóra.

D. Xosé Crespo Iglesias: E que logo vostede queira dicir “Viva a Garda Civil”. Se vostede fixera unha enquisa entre todos os membros compoñentes da garda civil probablemente....

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ves como non entendes nada, estou dicindo que son traballadores públicos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non o estou criticando.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu digo que son descendente dun deles.

D. Xosé Crespo Iglesias: Faga méritos para entrar no BNG. Paco por favor faga unha ponte de prata.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se é o revés se o meu xefe e el.

D. Xosé Crespo Iglesias: Faille de albacea. España é como é. Claro que é unha, non unhas cantas migallas. Unha cousa é que a identidade de España sexa moi plurifacética.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Plurifacética?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, que temos moitas facetas dentro dun Estado no que collemos todos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Será multifacética.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non quero dicir multinacional porque eu non son Pedro Sánchez. Eu non falo do plurinacionalismo e quero diferenciarme del.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Cal é a diferenza entre Nación e nacionalidade?. Se o podes explicar, de doutrina política algo saberás.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o que creo é que ó marxe de que a solución é complexa e ninguén ten a pedra filosofal para acertar o que non é certo é que todos somos iguais porque eu creo que aquí cambia substancialmente o que pensa un e o que pensan outros.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa lle deixei por alusións. Eu remato este debate pedindo como Alcalde tanto aos independentistas cataláns de cara o domingo como ao goberno do Estado que falen e que cheguen a acordos.

D. Xosé Crespo Iglesias: E que voten, non?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu dixen con marco legal, polo tanto non.

D. Xosé Crespo Iglesias: O marco legal é a constitución. Hai outro marco distinto da constitución?.

D. Juan José Cruz García: Estas aprobando a moción.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A parte de que non saben son atrevidos. Se queres que falemos por a constitución empezamos polo Código de Eurico. Estou sendo correcto polo tanto se queres abrir un debate constitucional.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non.

D. Juan José Cruz García: Rafa.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Cálese vostede. O único que estou pedindo é que dialoguen e que cheguen a entendementos polo ben de todos.

D. Juan José Cruz García: Permíteme, Sr. Alcalde por favor.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non tes a palabra.

D. Juan José Cruz García: Pero por favor.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non tes a palabra.

D. Juan José Cruz García: Pero por favor.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estouche dicindo tres veces que non tes a palabra

D. Juan José Cruz García: Todos falan por alusións. Déixame falar, falta cousas por falar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós propuxemos unha transaccional dicíndolle que cambiara o goberno de Lalín por a Corporación. Non sei se a acepta ou non. Se a acepta votamos a favor.

D. Juan José Cruz García: Eu quería pronunciar sobre iso.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que non voulle dar a palabra se sigue por aí. O único que lle vou aceptar e se acepta a transaccional ou non. Xa levamos unha hora con este debate.

D. Juan José Cruz García: Pero non podo falar?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estoulle dicindo o que lle estou dicindo que se cinga se acepta a transaccional ou non senón retírolle a palabra.

D. Juan José Cruz García: Claro que a acepto pero quero seguir falando.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non. Aceptada a transaccional.

D. Juan José Cruz García: Mira o que é. Mira en que che volveste.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11) sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: Cinco (5) sendo tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Abstencións: Cinco (5) do CXG-CC-TT.

Xa que logo, aprobouse a moción e adoptouse o seguinte acordo:

Observando a foto de colegas... (que me enviaron por privado) e que xa tiña esquecida (*Rafa Cuiña con Artur Más*), (temos a dúbida se será Artur Más da auténtica pandilla do alcalde de Lalín e o seu goberno), tivemos que reflexionar; mirándoa outra vez tiven a necesidade de explicar porque preferín non contestar á proposta de *Cuiña* ao preguntarme se iría detrás del ao BNG, tampouco quixen valorarlle unha imposición que nos quixo facer, recordo o día que me, nos dixo: aquí tedes ao voso xefe, *Paco Vilariño*.

A foto con *Artur Mas* podería ter sido un intento de impulsar o futuro de *Cuíña* a nivel supramunicipal, de forma que para elo ten que poñerse dun xeito moito "Máis" independentista, aparecendo para elo en fotos e reunións, con dirixentes políticos noutro tempo máis moderados, pero nestes tempos defensores das bandeiras da estrela, que non é outra cousa máis cunha aberración, supoñemos que o que anteriormente representaban estes (sen estrelas) era mentira, pois puxéronse a carón de extremistas, anarquistas e pseudoterroristas.

Cuíña defende en Lalín aos independentistas, *Lara*, *Manolo Igrexas* etc, etc, despois quere tapar esta realidade e a do BNG (co que colaborou e poida que intente ou intentara acadar trampolín) estes defenden o proceso catalán abertamente.

Cremos que non foi unha boa estratexia retratarse Cuíña a carón dun político relacionado co caso Pika (do 3 %) ou dos casos dos Puyol entre outros, pero a min non me pedía opinión nin permiso, Artur Más intenta con outros colegas desviar a atención de estes escándalos que cito e do burato de moitos miles de millóns de euros nas pensións dos cataláns co "*España nos roba*" e de outros moitos escándalos.

Non se dan conta que se Cataluña ou outra autonomía sae de España sería moi grave para a economía de todos, mesmo galeguistas do círculo cercano ao partido no que eu militaba ratificaron en Lalín estas tese, que aumentaría o paro, as desigualdades, que Cataluña se empobrecería, pero eles conseguirían o seu obxectivo...! ser os donos dun país, aínda que fose en declive. A ignorancia, a crise e a corrupción son caldos de cultivo de nacionalismos independentistas extremistas e populismos. *Cuíña* non foi quen de un xerar un galeguismo rexionalista. Poderíamos intentar rexenerar o galeguismo e o nacionalismo loitando por acadar un federalismo integrador, pero eso si, sempre respectando as leis vixentes...! ou non?

Recordo valoracións coma: "Nos parlamentos sexa, Cataluña, España ou Lalín estanse rindo do resto (pasear impresoras, quita e pon bandeiras e ou crucifixos, que si referéndum, que si mambo), moitos cidadáns non temos os datos exactos do que fai e cobra ou gasta cada quen por facer estes e outros circos. A xente ten traballo?, todos teñen os mesmos dereitos e cúmprense?, todos temos acceso as medicinas aínda que sexan moi caras?; tampouco hai que quitarlle as propiedades a quen as ten se cadra, probablemente con moito sacrificio; de cantos temas se podería falar e arranxar pero nestes tempos o debate está en se cumprir as leis ou modificalas. O que hai que evitar é o roubo para evitarlle á xente esforzos e sacrificios. As cunetas desbrozadas son de primeira necesidade, os alcantarillados no rural moitas cousas destas sen facer porque despilfarraron os cartos públicos, agora ven Cuíña a enterrar 300.000 euros no edificio que tanto criticaron a súa construción o Castro Tecnolóxico. Asco da o politiqueo circense, o que se ve na tele e o de concellos pequenos. Asco dades tragaldabas sumisos e políticos que pasades polo forro dos... os vossos compromisos electorais de facer unha lexislatura polo rural, sodes máis do mesmo. O noso grupo de traballo vaivos pedir neste pleno vos retratedes.

Hai que argumentar contra o referéndum pero non por si só, senón contra o incumprimento das leis, aquí en Lalín xa saben diso moito, suplantando identidades, cobran cartos ilegalmente, visionan as cámaras ilegalmente, expúlsanme do Pleno ilegalmente, cerran camiños públicos ilegalmente, pásanse polo forro... a constitución en temas relixiosos, CADA VEZ QUE SE PASAN POLO FORRO... NON CUMPLIR UN ACORDO PLENARIO E XA VAN MOITOS, MOITOS, MOITOS. Sabedes cal é a sorte

de Cuiña e compañía?. Que ninguén da oposición lles quere quitar a Alcaldía diante dun xuíz porque despois aínda daría pena *Cuiña* (que é ao que xoga), eu en principio non vou gastar un peso no xulgado, pois non estou nun partido forte a non ser que o caso sexa extremadamente grave, porque ademáis quero cumprir a miña palabra de loitar polo cambio e de manter o goberno e que sexa o pobo quen elixa, por iso só me quedan os argumentos.

Remato dicindo que en Lalín pasou algo parecido que en Cataluña, un enfrontamento social entre dúas partes, Lalín dividido, odio nas redes, insultos, mentiras.

Por todo o exposto, o Pleno **ACORDOU**:

A Corporación de Lalín condena publicamente e rexeita o referéndum independentista catalán mediante o voto a favor desta moción. O voto a favor desta moción significa rexeitar o referéndum catalán e asumir e cumprir as leis vixentes.

12.- EXPEDIENTE 4379/2017. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO RELATIVA Á TRANSPARENCIA E PUBLICIDADE DOS CONTRATOS MENORES.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro electrónico do Pleno o día 19 de setembro de 2017 co número de rexistro de entrada RE-294. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 27 de setembro de 2017.**

Na deliberación houbo as seguintes intervencións:

D. Juan José Cruz García: Espera que teño sede.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quere falar ou non quere falar?.

D. Juan José Cruz García: Si, pero teño sede. Esta moción que ven ao Pleno sobre todo intenta incidir na falta de transparencia deste goberno. Mesmo simpatizantes de forzas que tiñan que estar visualizando e seguindo o pacto de goberno foron críticos coa transparencia que hai. Xa sabemos que se salta o pacto á torera en outras cuestións, pero neste tema queríamos intentar mellorar un pouco a situación.

O noso grupo de traballo e xente que se pon en contacto fíxonos valorar que por exemplo noutro pleno se escoitaron cousas, que direinas na segunda exposición, que facían ver que os técnicos, dependendo de como se visualicen os informes poderían entender ou posicionarse un político, dunha maneira ou doutra.

Hai que intentar facer un marco que sexa o máis amplo e democrático, transparente e o máis informativo posible de cara ás empresas de Lalín sobre todo, pero tamén a outras empresas.

Nós queremos propoñer a creación dun rexistro municipal de empresas de Lalín por sectores e que a estas empresas se lle poda facer chegar en contratación diferente información sobre elas. Gustaríanos que se publicase un mecanismo para que toda

empresa que o solicite sexa incluída neste rexistro municipal. Moitas veces informamos de cousas, charlas, pero hai cousas sobre transparencia que custa como hai trinta anos que cheguen a todos. É difícil saber moitas veces que proxectos se van facer, se non están publicitados e non se fai iso.

Pido que se realice tamén un protocolo que unifique os criterios na tramitación e que para nós cremos que debe ser cifrando nos valores que hai nas obras, é dicir, dividir as de 20.0000 das de 6.000.

Solicítase que se indique o obxecto do contrato en cada cuestión, a súa necesidade, á que responde, características técnicas, importe, prazos, así como calquera información que sexa relevante. Solicitamos establecer como norma pedir un mínimo de tres ofertas. Queremos que sexa tanto para as ofertas de 20.000, de 6.000 e en todo en xeral. Polo tanto queremos que no perfil do contratante se vexa que hai xente que opina e se meta no debate. Está habendo carencias na publicación e queremos, pois, que se presenten as ofertas de todas as empresas que así o entendan.

Unha vez que se fagan as obras, nós temos observado que fixemos denuncias dalgunha obra na que consideramos que non actuou correctamente a empresa. Neste Pleno falamos dunha pista da parte de Goiás, na parte de Porcallos, e tamén no seu momento se falou do Auditorio de Muimenta. Aí ninguén pagou os pratos rotos neses momentos.

Non se cumpre e pídesse información. Demándase en rogos e preguntas que se actúe pero non se actúa. Polo tanto estes informes para nós parécenos moi importantes que ao acabar unha obra se poidan estar avaliando para as posibles penalizacións que poidan ter, se as empresas o souberen; en suma que neste informe se deixe constancia da execución e se é acorde ao proxecto inicial.

D. Xosé Crespo Iglesias: Parécenos interesante esta moción e estamos de acordo en todo o que sexa mellorar a transparencia. Entendemos que é bueno, xa que as veces cústalle cumprir o que pon a lei. Xa non vou máis alá. Nós imos votar a favor desta moción porque estamos de acordo con todo o que supoña mellorar a transparencia.

D. Nicolás González Casares: Vista outra moción sen pés nin cabeza. Primeiro é ilegal. *Sr. Secretario:* dígame se o primeiro parágrafo da proposta do acordo é legal ou ilegal?. “Creación dun rexistro municipal de empresas de Lalín por sectores, ás cales se lles faga chegar as ofertas de contratación.” É dicir excluindo as de fóra.

O Secretario: Na lexislación da lei de contratos das administracións públicas non figura isto, pero se se adoptase aquí o acordo, eu entendo que é válido e executivo. É un acordo que voluntariamente o Concello aproba e sería executivo.

D. Nicolás González Casares: Vou pedir un informe disto.

O Secretario: Eu estou dicindo que na lexislación de contratos non existen estas actuacións: un rexistro municipal, un protocolo... Loxicamente en caso de adoptarse, sería un acordo facultativo que adopta este Concello internamente e para aquí.

D. Nicolás González Casares: Pode un Concello pedirle só a certas empresas que sexan de Lalín?.

O Secretario: Estamos falando de contratación. Estamos falando de contratos

menores, no de procedementos negociados.

D. Juan José Cruz García: Di iso a moción, Nicolás?. Se cres que di iso a moción, estamos onde sempre.

D. Nicolás González Casares: Só imos dicir unha cousa dende o grupo de goberno: primeiro, que este goberno cumpre escrupulosamente as leis en canto se refire a contratos menores; e en segundo lugar cumpre as bases de execución orzamentaria que tamén marcan como se deben facer os contratos menores no Concello de Lalín e ese orzamento foi votado en contra por vostedes que seguramente o recordan; no orzamento municipal o levaron a execución presupuestaria. Tamén dígolle unha cousa: con este goberno dende que está aquí as ofertas que se piden para contratos menores entran por rexistro de entrada e son abertas pola técnica de contratación, cousa que antes non se facía. Non estou acusando de nada. Digo que é un argumento máis de peso para a transparencia. Agora estou dicindo que entran por rexistro de entrada, van á técnica de contratación e diante dun concelleiro ábrense.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que clase de contratos?

D. Nicolás González Casares: As dos contratos menores. Con Crespo dábanlle os presupostos aos concelleiros e se facían así moitas veces ou se daba á Intervención.

D. Xosé Crespo Iglesias: En que expediente?, Cantas veces?.

D. Nicolás González Casares: Moitas veces.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede acaba de dicir unha auténtica barbaridade.

D. Nicolás González Casares: Bueno, xa o veremos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Os expedientes pasábanse aos técnicos.

D. Nicolás González Casares: Estouche dicindo como se presentaba antes o presuposto e como se presentan agora. Estás entendendo mal. Antes ti podías pedir as empresas a tres, catro ou cinco empresas e traían os presupostos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Tramitábanse de acordo cos técnicos.

D. Nicolás González Casares: Non, pero eu estouche contando outra historia. O que si digo é que nós estamos cumprindo a lei escrupulosamente e indo máis alá do que pon a lei. Os contratos menores están na información pública na *web* do Concello. Sóbense mes a mes e pode velos calquera. Ademais cumprimos as bases de execución orzamentaria que están aí para ver e que foron votadas e aprobadas por este Pleno municipal. É dicir as bases de execución orzamentaria foron aprobadas polo pleno municipal.

D. Juan José Cruz García: Dicir que non que te pronunciaches. A moción non estaba falando para nada de excluír a ninguén en ningún momento. Di iso a moción. A moción do que está falando e sobre todo préstase a facer de carácter informativo si

que se ve unha tendencia ideolóxica a poder facilitar moito máis o traballo das empresas de Lalín, de poder acceder a toda a información.

Iso non é excluínate para nada de que outras empresas poidan acceder igual á información na páxina web. Igual que despois obviamente se está pedindo toda a máxima información na páxina web, o que se pretende é facer unha recopilación de todas as empresas de Lalín e que esa información fluia constantemente dun lado para outro dependendo de cada contrato que se queira facer.

Tamén incidir que os contratos menores teñen que ter a petición de ofertas, publicidade e que, se se está tramitando, información. Vemos que non se fai iso e demandamos moita máis transparencia.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11) sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: Dez (10) do grupo de goberno. Sendo cinco (5) concelleiros do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC e un (1) concelleiro do BNG.

Abstencións: Ningunha.

Xa que logo, aprobouse a moción e adoptouse o seguinte **acordo**:

Os contratos do Sector Público en España están regulados na nosa lexislación polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de aquí en diante RDL 3/2011.

Os contratos menores, segundo indica o RDL 3/2011, pódense adjudicar directamente a calquera empresario con capacidade de obrar, a condición de que este conte coa habilitación profesional necesaria para levar a cabo a prestación. Estes contratos deben ter un importe inferior a 50.000 (IVE non incluído) canto sexan de obras, e inferior a 18.000 (IVE non incluído) en caso de contratos de subministración ou servizos, non podendo ter este tipo de contrato unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

Así pois, podemos afirmar que a contratación menor é un mecanismo que satisfai necesidades puntuais propias da xestión pública. Con todo, debido á excepcionalidade que supón aos principios de publicidade e concorrência que rexen a contratación pública, a súa utilización debe facerse co debido rigor e control para evitar un uso fraudulento do mesmo.

A irregularidade máis corrente nestes contratos é o fraccionamento, a pesar de que o RDL 3/2011 prohíbeo expresamente no artigo 86.2, o cal di literalmente non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adjudicación que correspondan.

Institucións como o Parlamento Europeo, na Resolución do 25 de outubro de 2011 sobre a modernización da contratación pública, establece que a loita contra a

corrupción e o favoritismo é un dos obxectivos das Directivas como ferramenta útil e necesaria para loitar contra a fraude na contratación pública.

Desde o noso grupo de traballo entendemos que tanto as contías derivadas de subvencións, como aquelas que proceden das arcas do Concello son igualmente diñeiro público, e que por tanto a xestión de contratación debería realizarse da mesma maneira.

A Lei 19/2013, 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no seu artigo 8.1 a) tamén obriga ás Administracións públicas a publicar todos os contratos, dicindo o seguinte:

Todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, publicitouse, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. Igualmente serán obxecto de publicación as decisións de desistencia e renuncia dos contratos. A publicación da información relativa aos contratos menores poderá realizarse trimestralmente. Así mesmo, publicaranse datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público.

Para reforzar a transparencia na xestión do orzamento público e a maior eficiencia dos seus recursos e a procura da oferta máis favorable, entendemos fundamental que se outorgue a máxima publicidade e información sobre a concesión de contratos inscritos baixo esta modalidade. Somos os primeiros interesados en arroxar luz sobre este procedemento legal, como forma de garantir un uso adecuado e mellorar así unha ferramenta que resulta moi útil para as Administracións Públicas. Por todo o exposto, o Pleno, **ACORDOU**:

- A creación dun rexistro municipal de empresas de Lalín por sectores, ás cales se lles faga chegar as ofertas de contratación. Para iso habilitarase e publicitarase un mecanismo para que toda empresa que o solicite sexa incluída no devandito rexistro municipal. Todo iso mantendo os principios de libre concorrència amparados pola Lei. Este rexistro terá carácter informativo.

- Realizar un protocolo que unifique os criterios na tramitación que se aplicará respecto daqueles contratos menores cuxo valor estimado sexa igual ou superior en obras a 20.000 e 6.000 no resto:

- Solicitude indicando o obxecto do contrato, necesidade á que responde, características técnicas, importe, prazos, así como toda aquela información relevante que inflúa na tramitación.

- Solicitar oferta ás empresas do sector incluídas no rexistro municipal.

- Establecer como norma, o solicitar un mínimo de 3 ofertas. Este requisito solicitarase con carácter xeral sempre que non se prexudique a procura da mellor oferta. Simultaneamente, procederase a publicar un anuncio co perfil do contratante municipal para que se presenten ofertas polas empresas que así o entendan. Devandito anuncio completarase coa adxudicación do contrato.

- Unha vez cumprido polo contratista o obxecto do contrato, e previo á aprobación do gasto, sexa obrigatorio polo responsable do contrato a elaboración dun informe onde se detalle o correcto cumprimento de cada un dos requisitos do contrato, prazos e penalizacións (se as houberse), así como unha valoración xeral da execución, que pase a unha base de datos.

- Facer pública a información nunha sección específica da páxina web do Concello, que recolla todos os contratos que se adjudicaron baixo esta modalidade, incorporando dentro da información facilitada: o centro xestor, o número de expediente, o obxecto e tipo de contrato, número de licitadores participantes no procedemento, o importe adjudicado, a data de aprobación, o servizo prestado e a empresa prestataria, así como as decisións de desistencia e renuncia dos contratos.

13. EXPEDIENTE 4082/2017 POR URXENCIA. EXPEDIENTE DE INVESTIMENTO FINACEIRAMENTE SOSTIBLE Nº 3.

Deuse conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 28 de setembro de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura **ao ditame favorable da Comisión Informativa de facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 27 de setembro de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

D^a. Teresa Varela Fisteus: Darlle a benvida a M^a Jesús e a nova Interventora. Votamos a urxencia? É que xa a urxencia votámola en comisións.

O Secretario: Hai que votar outra vez porque non se cumpriron os prazos da convocatoria.

D^a. Teresa Varela Fisteus: Pois votamos entón a urxencia

Por **MAIORÍA** vinte (20) concelleiros/as a favor sendo dez (10) do PP e dez (10) do grupo de goberno dos que cinco (5) concelleiros do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC e un (1) concelleiro do BNG, un voto en contra do concelleiro non adscrito e ningunha abstención, acordouse apreciar a urxencia e ratificar a mesma, aos efectos do disposto no art. 91.4 do ROF por RD 2.568/1986, de 28 de novembro, tendo en conta as circunstancias que concorren no caso.

D. Juan José Cruz García: Gustaríame que a concelleira expoña, eu voto en contra porque non está expoñendo a urxencia de votar isto a favor.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Está votado.

D. Juan José Cruz García: Está votado?. Eu síntome desinformado.

D^a. Teresa Varela Fisteus: Este expediente de inversión financeiramente sostible conta cos informes preceptivos do enxeñeiro de obras públicas, declarando

que si é unha obra financeiramente sostible esta rotonda. Tamén consta que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos nos que se vai acometer dita obra e ten informe de patrimonio favorable para acometer as obras; tamén hai un informe favorable da Interventora a este expediente de inversión financeiramente sostible.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non entendín o da urxencia, o que dixo o Secretario da convocatoria.

D. Nicolás González Casares: Porque o día que convocamos faltaba unha persoa por firmar o convenio. Entón firmou ese día pola noite, incluso teño que agradecer o Secretario sen que serva de precedente que foi ata recoller sinaturas de convenios as casas que non sei se o fixo moitas veces.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pois, darlle unha gratificación.

D. Juan José Cruz García: Vou incidir que existen unha serie de gastos que creo que non son neste momento prioritarios. Teño que votar en contra desta moción porque non considero que sexa prioritario facer esta rotonda nestes momentos. Paréceme que hai cousas máis importantes. Neste Pleno incidín na necesidade de facer certos tipos de obras e supoño que é un voto que non será compartido coas empresas porque non xerará traballo, pero as empresas de Lalín teñen que entender de que se os cartos se non van para un lado van para outro e que neste momento preferiría ter un compromiso estable e fixo de que por exemplo os alcantarillados son íntegros e se van facer íntegros e si que aí estou de acordo de que hai certas obras que son de primeirísima necesidade e esta non a considero de primeira necesidade.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Vinte (20) sendo dez (10) do PP e dez (10) do grupo de goberno sendo cinco (5) concelleiros do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC e un (1) concelleiro do BNG.

Votos en contra: Un (1) do concelleiro non adscrito.

Abstencións: Ningunha.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quero que figure que o concelleiro non adscrito vota en contra dunha moción proposta polo partido popular e aceptada polo pleno.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se escoita.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón: o que estou dicindo é que creo que foi a vosa primeira proposta neste mandato aprobada no Pleno na que unha vez levada a cabo esta actuación, está votando en contra de que se faga algo votado no Pleno. Quero dicilo porque hai dobre dirección para algunhas cousas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Noutros temas tamén houbo cambios.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa, xa pero quero que conste en acta. Hai algunha máis?.

Xa que logo, aprobouse o expediente e adoptouse o seguinte acordo:

Aprobada a lei de orzamentos xerais do estado para o 2017 na que se acorda prorrogar para o 2017 as normas contidas na DA sexta da LO 2/2012, procedeuse a incoar o expediente de inversión financeiramente sostible co obxectivo de determinar a utilización do superávit do peche do exercicio 2016 a nunha inversión que cumpra coas premisas da Lei orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (arts. 32 e DA 6) así como a D.A 16ª do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

En concreto neste expediente trátase de poder realizar a obra denominada “Glorieta Avda/Xosé Cuíña – Avda/Montserrat con Avda/Estación–Avda/Madrid

O Pleno, **ACORDOU**:

1. Declarar que a obra “Glorieta Avda/Xosé Cuíña–Avda/Montserrat con Avda/Estación – Avda/Madrid é un investimento financeiramente sostible.

2. Una vez instruído o expediente 4082/2017 sobre declaración de investimento financeiramente sostible e entre en vigor o expediente de crédito extraordinario, procédase a tramitar o oportuno expediente de contratación do Investimento Sostible que se pretende executar con cargo ao Superávit Orzamentario.

14. EXPEDIENTE 4384/2017 POR URXENCIA. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAODIARIO N° 11-P/2017.

Deuse conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 28 de setembro de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura **ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 27 de setembro de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

Dª. Teresa Varela Fisteus: É requisito *sine qua non*: primeiro que sexa unha inversión financeiramente sostible; que sexa declarada; e levar o expediente de modificación de crédito. Neste punto o que se trata é de incoar este expediente de crédito extraordinario que se vai a financiar con cargo a remanente líquido de tesourería procedente do peche do exercicio 2016 e consta tamén cos informes preceptivos e cúmprese cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite da débeda. A construción desta glorieta ascende a 191,590,52€ que é o que consta tamén no informe do técnico que acompaña a inversión financeiramente sostible.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Algunha cousa que comentar? Entendo que non.

Por **MAIORÍA** vinte (20) concelleiros/as a favor sendo dez (10) do PP e dez (10) do grupo de goberno dos que cinco (5) concelleiros do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC e un (1) concelleiro do

BNG, un voto en contra do concelleiro non adscrito e ningunha abstención, acordouse apreciar a urxencia e ratificar a mesma, aos efectos do disposto no art. 91.4 do ROF por RD 2.568/1986, de 28 de novembro, tendo en conta as circunstancias que concorren no caso.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Vinte (20) sendo dez (10) do PP e dez (10) do grupo de goberno sendo cinco (5) concelleiros do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC e un (1) concelleiro do BNG.

Votos en contra: Un (1) do concelleiro non adscrito.

Abstencións: Ningunha.

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 11-P/2017, a financiar con Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2016, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar un gasto que non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a seguinte finalidade:

En concreto, trátase de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria para a realización do investimento “Glorieta Avda/Xosé Cuíña–Avda/Montserrat con Avda/Estación–Avda/Madrid

Por todo o exposto, o Pleno, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, condicionado a previa declaración da obra que financia como investimento financeiramente sostible, financiado mediante superávit do exercicio 2016, e remanente líquido da tesourería do 2016, de acordo co seguinte detalle:

1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota o Crédito Extraordinario

APLICACIÓN _____	DENOMINACIÓN _____	IMPORTE €
153.1.609.30	Acceso aos núcleos de poboación. Glorieta Avda/Xosé Cuíña – Avda/Montserrat con Avda/Estación-Avda/Madrid	191.590,52 €
TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO		191.590,52€

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2016, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos. Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no

departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dª MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY: Para Nicolás.

1ª PREGUNTA: No transcurso de 48 horas poderías dicirme en que mes imos estar?

D. Nicolás González Casares: Como?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É unha pregunta retórica a que fai Paz. Quere dicir, se te das conta de que empeza outubro.

Dª María Paz Pérez Asorey: Correcto, entón vamos a compartir que o día un de outubro fai case catro semanas empezou o curso universitario e tres primaria e a ESO.

2ª PREGUNTA: Cal é o motivo de que as familias que solicitaron axudas non coñezan se están resoltas, se non está resoltas ou se teñen dereito ou non?.

D. Nicolás González Casares: Como sabes a publicación fíxose bastante antes que os outros anos pero a tramitación agora é bastante complexa e ademais moitas das familias non presentaron a documentación que tiñan que presentar e logo como sabes teñen dez días de prazo para o subsanamento de erros. De feito aínda lle queda a algunha familia por entregar algúns dos papeis. Como agora vai como unha comisión de subvencións, porque houbo que cambiala, e toda a tramitación pola Intervención anterior que estaba só se pode realizar o informe cando estea recibida toda a documentación e esa é a principal, eu estou todos os días enriba diso e xa lle dixen os traballadores sociais que saquen días de citas, se era necesario para acabar con isto. É certo que se está atrasando máis porque agora son subvencións e van á base nacional de datos de subvención, é dicir, non vale só publicalo no BOP, senón que logo despois do BOP son publicadas e hai que mandalas ás bases nacionais de subvencións e publicar o estrato posteriormente.

Todo iso está levando a que a documentación sexa oito máis complexa, de tal xeito que vou anunciar unha cousa: estámonos plantexando que ao poñer digamos tantos parágrafos que hai que estudar, non só os niveis de rendas, situación familiar, se son familia numerosa ou non teñen que presentar demasiados escritos e demasiados papeis que están relentizando moito todo o proceso. Adianto unha cousa: que as

familias que cumpren poden estar tranquilas, porque son todos beneficiados, porque hai menos solicitudes que fondos.

Dª María Paz Pérez Asorey: Sempre é o mesmo. Se vostede ten que ser coñecedor dos prazos que ten que cumprir, porque non anticipou a convocatoria?.

D. Nicolás González Casares: *Aí douche a razón, Paz.*

Dª María Paz Pérez Asorey: As familias non están tranquilas porque lles supón un desembolso importante. Por que vostede o ve agora doutra maneira e non o veu cando nós gobernábamos?. No 2015 vostede colleu as bases e sacounas rapidamente porque xa estabas as bases preparadas; no 2016 tivemos atraso e no 2017 vai como vai.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Imos ter unhas regras básicas, pregunta e resposta.*

3ª PREGUNTA: Cando pensa que van a estar resoltas?.

D. Nicolás González Casares: *No 2016 empezáronse a entregar cando estaban os requisitos necesarios, porque é necesario que os colexios te pasen os listados de matriculación, porque hai que cotexar que a persoa este matriculada.*

Dª María Paz Pérez Asorey: Non me convence. Ten que marcar prioridades. Faino en abril, maio antes de que acaba o curso. Solicitarlle a máxima axilidade porque as familias son vulnerables e así o están reclamando.

D. Nicolás González Casares: *Agora son subvencións; antes non o eran e cada un dos solicitantes ten que ser publicado na base nacional de subvencións e iso relentiza moito.*

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Por favor fagamos rogos ou preguntas.*

Dª. EVA MONTO MÉNDEZ.

1º ROGO: Rogámoslle que presente coa Deputación esa mesma contundencia da que presumen no tema do viveiro coa finca de Mouriscade porque acaba de votar en contra na Deputación?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Eu?.*

Dª. Eva Montoto Méndez: Non. Na Deputación acaban de votar en contra. Por tanto que esa mesma contundencia que utilizou no Viveiro, rogámoslle que a utilice tamén na finca de Mouriscade.

D. Nicolás González Casares: *Conta a verdade. Ofrecéronlle unha transaccional que o PP rexeitou.*

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Non coñezo o tema. Eu non o*

sei pero recoñezo a Mouriscade altamente prioritario.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS:

1º ROGO: Ven motivado no comezo deste Pleno. Habendo recoñecido vostede publicamente que non mira o que asina, recoméndolle incluso polo seu ben que mire o que asina.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *É certo.*

D. Xosé Crespo Iglesias: *Porque ás veces, sen mala fe, poñente a firmar cousas que logo o lío é para ti.*

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Penso todos os días. Tes toda a razón.*

D. Xosé Crespo Iglesias: *Polo tanto ese é o rogo que che fago.*

O Sr. Alcalde-Presidente *quedou enterado.*

1ª PREGUNTA: Pregúntolle ao goberno ou non sei se á concelleira delegada: Foi imposta algunha sanción á empresa última adxudicataria do servizo de xardíns por incumprimento do contrato que nos consta que incumpriu en reiteradas ocasións?. Non lle consta ao goberno ningún incumprimento por parte desa empresa? Se lle consta algún incumprimento? Púxolle algunha sanción?

Dª. Celia Alonso Caramés: *Apercibiuse varias veces.*

D. Xosé Crespo Iglesias: *Sancionou algunha vez?.*

Dª. Celia Alonso Caramés: *Non. Apercibíuselle varias veces. Simplemente non se lle abonou a última parte ata que fixeron o traballo. Tampouco ás dúas últimas empresas non se lle abriu ningún expediente sancionador.*

D. Xosé Crespo Iglesias: *As empresas moitas veces para coller as obras ...*

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Son rogos e preguntas por favor. Eu podo encadear unha serie de preguntas.*

D. Xosé Crespo Iglesias: *As empresas que incumpren hai que obrígalas para sacarles o vicio, porque se non os que as pagan son sempre os mesmos e págaas o pobo, esa é a desgracia.*

D. Xosé Crespo Iglesias: *Esa empresa non cumpriu nin a metade do que estaba previsto e do que ofreceu, e vostede sábeo. Pero bueno aceptemos pulpo como animal de compañía. Nós tamén a algunha non lle estivemos enriba; hai que dicilo.*

2ª PREGUNTA: No último Pleno eu fixen unha pregunta é respondéuseme tanxencialmente. Mellor dito non se me respondeu. A vostede un día, intentando preguntarme a min se algún membro da lista do PP había especulado no Agro de Lalín de Arriba, eu dicía que me dixeran o nome, vostedes o que dicían é que me preguntaban a min. Se vostedes non cambian esa forma de facer política, nós ímolo utilizar contra vostedes que son quenés están gobernando e son os que teñen máis que perder. É dicir, preguntarme a min para que eu lle diga non ou se algún membro da miña lista especulou no Agro de Arriba é unha inxuria, porque aínda que eu lle diga que non, vostedes están sementando a dúbida. Se vostedes queren esa forma de actuar en política, farémolo con vostedes e preguntáremoslle cousas moi incómodas no seguinte Pleno. Dirémoslle: “ten algo que ver se fulano de tal é familiar”? Vostede di que está insinuando; “eu nada; eu simplemente pregunto”. Entón aquí xogamos coas mesmas cartas todos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *perdón, iso xa se fixo comigo neste Pleno e non ameacei a ninguén con inxurias.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non estou ameazando. Eu voulle preguntar exactamente igual que vostedes.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Rectifico, aquí neste Pleno eu tiven que escoitar como un familiar meu moi moi lonxano traballa na piscina que se fixera tal e cal e non me subín polas paredes con ese tema.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non me estou subindo polas paredes.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Quero dicir que poñamos todo na súa xusta medida que nós non imos contra ninguén do PP nese caso e non queremos prexudicar absolutamente a ninguén, estamos falando de política urbanística.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Queren prexudicar a nosa xestión. Parécelle pouco?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Iso é política, política urbanística.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Non me acusen de facer un plan ou outro.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Pero que quede claro que non vai contra ningunha persoa.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Ou sexa que vostede me preguntan se Xosé Crespo sabe se algún membro da súa lista especulou co Agro de Arriba.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Voulle dicir unha cousa no 2003 eu que era do PP non sei nin que ían na lista, só queríamos saber que intereses podían ter. Se non hai ninguén pois moi ben. Agora, outro debate é a política urbanística.*

D. Xosé Crespo Iglesias: No próximo pleno preguntareilles igual que me preguntaron vostedes a min.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale, esta ben. Ese é xogo político que respectamos. Eu o que lle pido é que non se metan as familias de por medio, iso é un pouco rastreiro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, só voulle preguntar da mesma maneira, en vez de facerlle unha pregunta normal direille a concelleira ten algo que ver coa empresa esa que non se lle sancionou nada a pesar de incumprir o incumprible?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: E diralle que non e punto.

D. Xosé Crespo Iglesias: No fondo é de mal gusto en política iso non debería valer.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Diralle que non e punto.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ademais ninguén do PP especulou aí, sabe que de especulación houbo todo menos nada.

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA:

1º ROGO.- D. Juan José Cruz García: Que se pronuncie o Concello e nos axude un pouco á imaxe e ás preocupacións que teñen os veciños cos traballos colectivos. Eu mandareille un texto.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Cal é o rogo ou pregunta?.

2º ROGO: Para que os pronunciades e sexades críticos coa nota de prensa que saíu no Faro de Vigo e obviamente chamedes á tranquilidade ao pobo de Lalín e que tanto a Inspección de Traballo veu confirmar que non vai denunciar, nin perseguir a ninguén.

Tamén tedes que entrar un pouco a criticar a Unións Agrarias porque esta politización do tema é esaxerada.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Entendido o rogo seguinte rogo ou pregunta.

1ª PREGUNTA: Quero evidenciar que dalgún dos rogos e preguntas que fixen non houbo contestación, simplemente deixalo gravado en *streaming* para que vexades que nunha das preguntas que fixen fai poucos plenos dicía: se podedes entregar a relación de empresas que están interesadas para entrar no polígono e vós contestades que non". Entón volvo a facer outra pregunta: afirmades no goberno que coa nova xestión do polígono de Catasós van ser máis barato o só e si ás empresas que compran naves que están baleiras noutros polígonos lles sería máis cara esta opción ou máis barata?. Afirmades que sería máis barata a opción de xerar novas comparar en Catasós?

Olvidouseme antes na exposición da moción anterior e entón quero dirixirme

ao Tenente Alcalde e preguntarlle se dixo o Tenente Alcalde de Lalín: “Que informes técnicos non poden xulgar os medios técnicos dunha empresa”? Iso faise na fase de execución”? Quero saber desta afirmación e se el dixo iso.?. Tamén pregunto se houbo informes técnicos no Concello de Lalín que ditaminaron que cos recursos que ofrecía a empresa non se podían acadar os obxectivos demandados polo Concello?.

Teño unha serie de rogos que xa expuxen no seu momento durante o Pleno que me parecen algúns de certa importancia.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

2º ROGO: Rogo que fagades análise nos puntos de captación do subministro da auga para intentar averiguar se hai algunha problemática de osixenación moito máis grave ás das plantas e algas das que se están visualizando.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

3º ROGO: Que no punto que mencionei antes en Nogueira, na carreteira de Vilatuxe, procedades a seguir ese vertido de rodas e actuar como proceda e ante quen proceda.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

4º ROGO: Na pista dos Porcallos se lle esixa a quen fixo esta pista subsane este socavón que nos parece de gran risco.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

5º ROGO: Que se arranxe a marquesina do Montserrat que está ó carón de onde queredes facer a rotonda.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

6º ROGO: Que vaiades por Baixán e atendades a petición dos veciños dun bache que está pronunciado. Non sei se poderedes rechea un pouco. Se a visitades, un par de veciños alí piden un par de putos de luz.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

7º ROGO: Demando información sobre a cifra do padrón. Esta fágoa en forma de pregunta: Canto é o número do padrón neste momento actual?.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu remato este Pleno e quero facer como non podía ser doutro xeito unha condena como Alcalde unha condena enérxica, non ten nada que ver con PP. Saben do meu afecto que sei que comparto co Sr. Crespo polo ex-presidente *Fernández Albor* dun texto que enviou aos medios de comunicación o concelleiro non adscrito no que literalmente di: “reitero. Dáme igual que *Cuíña* e o seu cuñado no Pleno, seica teño que chamarlle concelleiro apoiem, abaniquen ou alardeen da súa amizade con *Gerardo Fernández Albor*, ese quen entre

outras cousas foi piloto con *Hitler*, condénao esta frase. Pido e pediría sempre o máximo respecto a alguén tan respectable e honorable como *Xerardo Fernández Albor*.

E, sendo ás catorce horas e dezasete minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Alcalde levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario Xeral e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas.